



**CADERNOS
DE COOPERAÇÃO
DO EIXO
ATLÂNTICO**

EIXO ATLÂNTICO: SITUACIÓN DEMOGRÁFICA E PERSPECTIVAS

**Alice Maria Delerue Alvim de Matos /
Andrés Mazaira Castro/
Gonzalo Méndez Martínez**

LAS DISIMETRÍAS SOCIODEMOGRÁFICAS ENTRE LA FRONTERA HISPANO-PORTUGUESA Y LA FRANJA MEDITERRÁNEA

**José L. Gurría Gascón (coord.) / Rocío Blas Morato / José M. Sánchez Martín /
Ana M^a. Hernández Carretero / Juan I. Rengifo Gallego
Eduardo Anselmo de Castro (coord.) / Pedro Mariano Pêgo / Paulo Batista**

CADERNOS DE COOPERAÇÃO DO EIXO ATLÂNTICO



EIXO ATLÂNTICO: SITUACIÓN DEMOGRÁFICA E PERSPECTIVAS

Autores:

Alice Maria Delerue Alvim de Matos (Universidade do Minho)

Andrés Mazaira Castro (Universidade de Vigo)

Gonzalo Méndez Martínez (Universidade de Vigo)

COLECCIÓN:
Cadernos de Cooperaçã do Eixo Atlântico

EDITA:
Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular

MAQUETACIÓN:
María Llauger

IMPRESIÓN:

DEPÓSITO LEGAL:
VG 727 - 2019

ISBN:
Versión impresa: 978-989-54689-1-1
Versión digital: 978-989-54689-2-8

Esta publicación está cofinanciada por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional FEDER a través del Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. Las opiniones son responsabilidad exclusiva del autor que las emite.

Esta publicação é cofinanciada pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional FEDER através do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. As opiniões são de exclusiva responsabilidade do autor que as emite.

Esta publicación foi cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER a través do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. As opinións son responsabilidade exclusiva do autor que as emite.

Índice

1 . INTRODUCCIÓN	9
2 . A POBOACIÓN DE GALICIA	17
2.1. A POBOACIÓN, O SEU CRECEMENTO E DISTRIBUCIÓN	17
2.2. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN: NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECEMENTO VEXETATIVO	23
2.2.1. Natalidade	24
2.2.2. Mortalidade	32
2.2.3. Crecemento vexetativo	36
2.3. MOVEMENTOS MIGRATORIOS	40
2.4. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN POR SEXO E IDADE	51
2.4.1. Análise por idades	51
2.4.2. Análise por sexos	56
2.4.3. Análise da composición da poboación por sexos e idades	62
2.5. COMPOSICIÓN SOCIODEMOGRÁFICA	69
2.6. CONCLUSIÓNS	77
3 . ESTRUCTURA E DINÂMICA DA POPULAÇÃO DA REGIÃO NORTE DE PORTUGAL	81
3.1. EVOLUÇÃO E DISTRIBUIÇÃO TERRITORIAL DA POPULAÇÃO	82
3.2. NATALIDADE E FECUNDIDADE	89
3.3. MORTALIDADE	94
3.4. CRESCIMENTO NATURAL	99
3.5. MOVIMENTOS MIGRATÓRIOS	102
3.6. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA	106
3.7. POPULAÇÃO E MERCADO DE TRABALHO	110
3.8. CONCLUSÕES	120
4 . A POBOACIÓN DA EURORREXIÓN	125
4.1. AS VARIABLES DEMOGRÁFICAS NA ESCALA EURORREXIONAL	125
4.2. CONCLUSIÓNS	134

5 . A INCIDENCIA DOS CAMBIOS DEMOGRÁFICOS NAS CIFRAS ECONÓMICAS DA EURORREXIÓN	137
5.1. DEMOGRAFÍA E MERCADO DE TRABALLO	139
5.2. DEMOGRAFÍA E CAPACIDADE DE CREACIÓN DE RIQUEZA DOS TERRITORIOS	151
5.3. DEMOGRAFÍA E PROTECCIÓN SOCIAL	159
5.4. DEMOGRAFÍA E OCUPACIÓN DO TERRITORIO	164
5.5. CONCLUSIÓNS.....	172
6 . RESUMO EXECUTIVO	177
BIBLIOGRAFÍA	185
ÍNDICE DE FIGURAS	188
ÍNDICE DE TÁBOAS	193



INTRODUCCIÓN



1

INTRODUCCIÓN

A análise demográfica da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que se desenvolve nas seguintes páxinas busca profundar no coñecemento da estrutura e dinámica demográfica recente da eurorrexión, tanto no seu conxunto como nas súas unidades estatísticas, con especial atención ós concellos que conforman o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (en diante EANP), coa fin de definir os principais retos demográficos, identificar os posibles problemas e oportunidades derivados deles, así como definir lagoas de coñecemento.

Consecuentemente, esta análise precisa describir o estado actual e evolución recente dos principais indicadores demográficos: efectivos de poboación, movementos naturais e movementos migratorios, estrutura sociodemográfica, etc. A análise realizarase, inicialmente no nivel das NUTS 2 e 3 e máis de detalle no nivel municipal nas LAU, separadamente Galicia e o Norte de Portugal, por dispor de indicadores estatísticos non sempre comparables, para dar paso a unha análise de conxunto por eurorrexión. Así mesmo, a necesaria comparación entre Galicia e o Norte de Portugal contrastarase con outros territorios peninsulares e europeos cando sexa de interese. A caracterización e análise das principais variables demográficas dará paso á análise das implicacións económicas da mesma.

En canto ó intervalo temporal para a análise evolutiva optamos por centrarnos nas dúas últimas décadas co fin de amosar as tendencias desde antes da última crise económica, se ben engadimos ocasionalmente datos referentes a períodos anteriores cando axuden a coñecer, valorar ou comparar os procesos máis recentes. Por outra parte, non sempre foi posible respectar o referido intervalo temporal nas análises por NUTS III da Rexión Norte de Portugal porque existe unha ruptura nas series estatísticas, como resultado da entrada en vigor en 2015 dunha nova división rexional en Portugal (NUTS 2013). Esta nova división rexional presenta, en relación á versión anterior (NUTS 2002), importantes alteracións en termos de número e composición municipal das NUTS III.

Respecto da orixe das fontes, trátase principalmente das habituais fontes oficiais: Instituto Nacional de Estadística (INE) e Instituto Galego de Estatística (IGE) para os datos de Galicia e o Instituto Nacional de Estadística (INE) para o caso do Norte de Portugal. No apartado da análise no nivel eurorrexional apoiámonos nos datos do Observatorio transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal do IGE. Para a análise comparativa entre os grandes espazos eurorrexionais e con outros territorios, acudiuse a Eurostat. Outras fontes explíctanse cando corresponda. Sen embargo, é preciso destacar que se observan algunhas diferencias entre unhas e outras fontes, tanto cando enfrontamos datos de Eurostat cos dos institutos estatísticos locais, como cando o facemos entre estes. No noso caso, temos traballado cos datos existentes neses repositorios estatísticos mediante accesos vía web entre xullo e outubro de 2019.

A estrutura do informe corresponde, pois, coa necesidade de aproximarnos ó coñecemento da realidade demográfica da eurorrexión e resúmese na figura 1.




Figura 1. Estrutura do informe.

Débense destacar tres problemas relacionados coas fontes estatísticas dispoñibles: un primeiro correspondente á distinta organización territorial, un segundo coas diferentes dimensións en Galicia ou no Norte de Portugal para os territorios correspondentes a cada nivel estatístico (NUTS e LAU) e outro moito máis importante que é a diferenza entre os sistemas estatísticos galego e español por un lado e portugués por outro, con variacións nas metodoloxías e nas periodicidades de obtención de datos. Emporiso, a estrutura do noso traballo ofrece dúas panorámicas separadas para Galicia e o Norte de Portugal nas que se usan fontes máis diversas para caracterizar as súas poboacións e a dos concellos socios do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, que se complementan coa visión da eurorrexión acudindo a fontes comúns, singularizando este traballo respecto doutros dos que nos últimos anos diversas institucións teñen elaborado.

NUTS 1		NUTS 2		NUTS 3	
Nome	Código	Nome	Código	Nome	Código
Noroeste	ES1	Galicia	ES11	A Coruña	ES111
				Lugo	ES112
				Ourense	ES113
				Pontevedra	ES114
		Principado de Asturias	ES12	Principado de Asturias	ES120
		Cantabria	ES13	Cantabria	ES130
Portugal Continental	PT	Região Norte	PT11	Alto Minho	PT111
				Cávado	PT112
				Ave	PT119
				Área Metropolitana do Porto	PT11A
				Alto Tâmega	PT11B
				Tâmega e Sousa	PT11C
				Douro	PT11D
				Terras de Trás-Os-Montes	PT11E

Táboa 1. Unidades territoriais estatísticas de Galicia e Norte de Portugal (en Portugal, versión 2013). Non se transcriben os códigos dos concellos e freguesías para no estender a táboa.

NUTS= Nomenclature of Territorial Units for Statistics

<https://ec.europa.eu/eurostat/web/nuts/local-administrative-units>

A distinta organización do territorio en Galicia e no Norte de Portugal ten levado a unhas unidades de distinto tamaño. Pese a ter menor extensión o Norte de Portugal que Galicia (NUTS 2), conta con 8 NUTS 3 fronte ás 4 de Galicia. Pola contra, son máis grandes os municipios do Norte de Portugal que os concellos galegos: 247,5 km² fronte a 94,5 km². Este é o motivo polo que os municipios portugueses correspondíanse co nivel LAU1 e os concellos galegos co nivel LAU2, se ben desde 2017 so existe un único nivel LAU.

	Superficie (km ²)	Concellos/Concelhos	Parroquias/Freguesias
España	505968,4	8124	4907
Galicia	29574,8	313	3771
A Coruña	7950,4	93	926
Lugo	9856,6	67	1264
Ourense	7273,3	92	915
Pontevedra	4494,6	61	666
Portugal Norte	92225,6	308	3092
Norte (NUTS-2013)	21285,9	86	1426
Alto Minho	2218,8	10	208
Cávado	1245,8	6	170
Ave	1451,3	8	168
Área Metropolitana do Porto	2041,3	17	173
Alto Tâmega	2921,9	6	118
Tâmega e Sousa	1831,5	11	177
Douro	4031,6	19	217
Terras de Trás-os-Montes	5543,6	9	195
Eurorrexión/Eurorregião	50860,7	399	5197

Táboa 2. Superficie, número de concellos e parroquias por NUTS2 e NUTS3.




Figura 2. Porcentaxe de superficie das NUTS 3 na eurorrexión.

Como veremos, no período de tempo que vai de 2000 a 2018 a poboación da eurorrexión Galicia – Norte de Portugal experimentou un descenso, tanto en Galicia como no norte de Portugal. No caso de Galicia pasando entre 2000 e 2018 de 2731900 a 2701743 habitantes. E no caso do Norte de Portugal, pasando entre 2001 e 2018 de 3696333 a 3572583 habitantes. Esta evolución global esconde unha grande diversidade de variacións segundo falemos de concellos cos principais núcleos urbanos ou de concellos rurais, da eurorrexión litoral ou da interior.




Figura 3. Mapa da eurrrexión coas distintas unidades estatísticas usadas do estudo.



A POBOACIÓN DE GALICIA



2

A POBOACIÓN DE GALICIA



2.1.

A POBOACIÓN, O SEU CRECEMENTO E DISTRIBUCIÓN

Nos vinte anos que van de 1998 a 2018 a poboación de Galicia experimentou un lixeiro descenso, pasando de 2724544 a 2701743 habitantes. Esta evolución global esconde unha grande diversidade de variacións segundo falemos dunhas ou doutras provincias, de concellos cos principais núcleos urbanos ou de concellos rurais, da Galicia litoral ou da interior. Mesmo os procesos actuais quedan agochados cando analizamos os últimos vinte anos e non atendemos ó último quinquenio. Por iso, neste apartado, como noutros posteriores, precisaremos cambiar a foco de atención de unhas unidades territoriais de análise a outras, e combinar os datos referidos a medias de certos períodos con outros de prazo máis curto.

Así, como se observa na táboa axunta, o descenso da poboación total de Galicia, analizado por provincias amosa dúas provincias que manteñen o crecemento (Pontevedra e A Coruña) fronte a dúas en franco devalo demográfico: Lugo, que perde o 9,9% dos seus habitantes en vinte anos, e Ourense, que perde o 10,1%. Mesmo se poden atopar diferencias no comportamento por sexos, xa que A Coruña, Lugo e Ourense teñen pequenos descensos na proporción de homes, mentres Pontevedra experimentou un crecemento do 0,37% do total. Estes resultados iniciais xa nos adiantan a necesidade de abordar a explicación dos procesos demográficos desde a multicausalidade, tratándose de procesos complexos con amplas interrelacións, como iremos amosando ó longo do informe.

	Total		Homes				Mulleres			
	1998	2018	1998	% homes	2018	% homes	1998	% mulleres	2018	% mulleres
Galicia	2724544	2701743	1310415	48,10	1300609	48,14	1414129	51,90	1401134	51,86
A Coruña	1106325	1119351	531769	48,07	536637	47,94	574556	51,93	582714	52,06
Lugo	367751	331327	179056	48,69	160647	48,49	188695	51,31	170680	51,51
Ourense	344170	309293	165209	48,00	148426	47,99	178961	52,00	160867	52,01
Pontevedra	906298	941772	434381	47,93	454899	48,3	471917	52,07	486873	51,7

Táboa 2.1. Poboación de Galicia e provincias: total, homes e mulleres en 1998 e 2018.
Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes; e Instituto Galego de Estatística.

O proceso de redución da poboación observable no conxunto de Galicia é trasladable á maioría dos concellos das provincias de Lugo e Ourense e a bastantes das de A Coruña e Pontevedra. Pero, en tanto que non extensible á totalidade, compre coñecer que tipo de concellos son os que se saen do comportamento xeral e, en concreto, que sucede cos concellos asociados no EANP.

Crecedemento real da poboación por concellos entre 1998 e 2018




Figura 2.1. Crecedemento real da poboación por concellos, 1998-2018.

En 2018, 240 dos 313 concellos de Galicia perderan poboación respecto de 1998, como consecuencia dos procesos de avellentamento, traslados de residencia cara ás áreas urbanas, centros comarcais e demais procesos migratorios.

O conxunto de 17 concellos que conforman o EANP en Galicia pasan nas referida dúas últimas décadas de 1179285 habitantes en 1998 (43,28% da poboación galega) a 1216256 en 2018 (45,02% da poboación galega), evidenciando un incremento superior ó da media e o gaño de peso relativo dentro da comunidade (incremento do 1,74% sobre o total de Galicia). Como se pode comprobar na táboa axunta, tódolos concellos do Eixo gañan poboación (36971 habitantes en conxunto), agás os de Ferrol, Ourense e Monforte. Ademais, estas mudanzas modifican a posición dos concellos en atención o seu número de habitantes, sendo destacable o incremento de poboación do concello de Lugo dentro dunha provincia claramente recesiva. En canto á distribución do crecemento real en Galicia, os concellos que medraron nos últimos vinte anos concéntranse nas Rías Baixas, nas Mariñas coruñesas e nos arredores de Santiago e Ourense. A estes demos engadir uns poucos concellos que actúan como centros comarcais e contrastan coa redución circundante.

Concellos en 1998		Concellos en 2018	
Vigo	283110	Vigo	293642
Coruña, A	243134	Coruña, A	244850
Ourense	107965	Ourense	105505
Santiago de Compostela	93584	Lugo	98025
Lugo	86620	Santiago de Compostela	96405
Ferrol	82548	Pontevedra	82802
Pontevedra	73871	Ferrol	66799
Vilagarcía de Arousa	33724	Narón	39115
Narón	31086	Vilagarcía de Arousa	37519
Carballo	27497	Carballo	31261
Ribeira	26413	Ribeira	27067
Lalín	20090	Lalín	20103
Monforte de Lemos	19933	Monforte de Lemos	18599
Sarria	12942	Carballiño, O	13939
Verín	12441	Verín	13817
Carballiño, O	12170	Barco de Valdeorras, O	13463
Barco de Valdeorras, O	12157	Sarria	13345
TOTAL EANP	1179285	TOTAL EANP	1216256
Galicia	2724544	Galicia	2701743
Porcentaxe EANP sobre Galicia	43,28	Porcentaxe EANP sobre Galicia	45,02

Táboa 2.2. Concellos do EANP por orde de poboación en 1998 e 2018.

Pero, a evolución do crecemento real da poboación debe ser complementada introducindo a cantidade de superficie sobre a que se desenvolve. Mentres o número de habitantes suxire unha Galicia de dúas provincias de abundosa poboación, Pontevedra e sobre todo A Coruña, e dúas pouco habitadas e moi semellantes en número, Lugo e Ourense; as densidades amosan unha provincia que destaca pola súa densidade, a de Pontevedra, e tamén establece diferencias entre a provincia de Ourense e a menos densamente poboada de Lugo.




Figura 2.2. Número de habitantes de Galicia e provincias, 1998-2018.




Figura 2.3. Densidade demográfica de Galicia e provincias, 1998-2018.

Así, a superficie municipal permítenos o cálculo das densidades demográficas. No mapa de densidades demográficas municipais de Galicia en 2018 compróbase como, en termos xeirais, a poboación de Galicia concéntrase na franxa que percorre as Rías Baixas e se estende por Santiago ata conectar coas Mariñas Coruñesas. É aquí onde se dan as máximas densidades, pero tamén debemos incluír outros poucos concellos litorais e os concellos dos máis importantes núcleos do interior. Evidentemente, o reparto dos concellos no mapa en catro grupos condiciona a visualización, que podería variar con outros intervalos ou con diferente número de grupos, Pero a selección realizada permite amosar a relación entre os concellos do Eixo e o territorio que axudan a organizar. Soamente os concellos de Lalín, Sarria e Monforte parecen participar do grupo da menor densidade de poboación. Sen embargo, débese ter en conta que en moitos concellos atopamos un núcleo urbano principal e un territorio rural con diverso grao de densidade. Así, os concellos grandes, como os tres que nos ocupan, figuran no grupo dos menos densos como consecuencia do extenso espazo rural con baixa densidade que os rodea.




Figura 2.4. Mapa de densidade de poboación por concellos en 2018.

En canto ás variacións nas densidades de poboación, a comparación do mapa anterior co de 2002, permite comprobar que as variacións son mínimas como consecuencias das limitadas alzas dos concellos litorais e as xeralizadas baixas dos do interior, xa maiormente no grupo dos menos densos.




Figura 2.5. Mapa de densidade de poboación por concellos en 2002.

Por último, as proxeccións demográficas do crecemento real prevén que desde 2018 a 2033 se produza unha redución de efectivo tanto no conxunto de Galicia como nas catro provincias, nunha tendencia oposta ó ascenso demográfico previsto para a poboación española. Así, Galicia verá reducida a súa poboación ata os aproximadamente 2565000 habitantes previsto para 2032, de xeito que a poboación galega pasará de ser o 5,8% da poboación española en 2018 ó 5,2% en 2033.




Figura 2.6. Proxección do crecemento demográfico desde 2018 a 2032 en Galicia e provincias.

En resumo, a evolución no tempo e distribución no espazo dos efectivos demográficos son consecuencia de procesos históricos que teñen como expresión nos últimos anos unha concentración de distintos niveis en torno ós núcleos urbanos e no litoral, pero que se interrelaciona cos procesos de crecemento natural, mobilidade e condicionantes socioeconómicos da poboación, que se irán abordando no informe. A poboación galega, que está a diminuír desde hai anos, manterá esta tendencia durante os tres próximos quinquenios, mais irá estabilizando o saldo negativo.



2.2.

MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN: NATALIDADE, MORTALIDADE E CRECemento VEXETATIVO

O movemento natural da poboación “inclúe os procesos que dimanan directamente da natureza biolóxica do home e son inherentes ós seres humanos como poboación biolóxica: defunción, nacemento, fecundidade, contracción e disolución de matrimonios” (Valentei, 1978). Agora ben, todos estes elementos do movemento natural teñen por base as peculiaridades do home como especie biolóxica, pero na sociedade humana cobran un carácter social. Posto que os nacementos, casamentos, divorcios e defuncións, sen separarse do seu fundamento biolóxico, están estreitamente ligados por moitísimas dependencias de causa e efecto con outros elementos da vida social, é forzoso consideralos como procesos sociais.

Se ben nunha análise de longo prazo da evolución demográfica do noroeste peninsular deberíamos comezar por analizar a mortalidade, xa que esta foi a primeira variable en transformarse na transición demográfica, para unha análise centrada nas dúas últimas décadas compre analizar en primeiro lugar a natalidade, pois o seu devalo é característico do actual proceso. Posteriormente, a análise da mortalidade vai dar paso ó balance de ambas variables recollido no crecemento natural ou vexetativo.

► 2.2.1. NATALIDADE

Inda que iniciémola análise da natalidade como fenómeno illado, non debemos deixar de ter en conta a súa directa relación de dependencia da estrutura por sexos e idades, así coma da fecundidade. Entre os indicadores estatísticos para a súa análise, o máis simple é a taxa bruta de natalidade, que expresa o número de nados vivos nun ano por cada mil habitantes. A taxa de fecundidade xeral expresa a natalidade por cada 1000 mulleres en idade fértil (entre 15 e 44 anos segundo uns autores e entre 15 e 49 segundo outros).

Esta taxa é moito máis específica pero non o suficiente, xa que a capacidade de procreación e o comportamento reprodutor varía coa idade. Por iso tamén se calculan taxas de fecundidade por grupos de idade. Por último, outro indicador consiste no número medio de fillos que unha muller pode ter durante o período de procreación, chamándose taxa total de fecundidade.

A evolución do número de nacementos nos últimos vinte anos, tanto en Galicia como nas súas provincias, amosa unha evolución ascendente na primeira década (pasando de 18784 nacementos en 1999 a 23175 en 2008) e un progresivo e lento descenso desde entón hasta 2017 e brusco en 2018 (18445 e 16561 nacementos, respectivamente). A evolución xeral de Galicia replícase en tódalas provincias, agás Lugo, que ten un descenso menor.

Evidentemente, o número de nacemento é sensiblemente maior nas provincias de A Coruña e Pontevedra, máis habitadas, que nas de Lugo e Ourense. Así, os nacementos acumulados desde 1999 a 2018 son de 170339 en A Coruña, 155280 en Pontevedra, 41860 en Lugo e 37981 en Ourense.




Figura 2.7. Evolución dos nacementos en Galicia e provincias, 1999-2018.

Na evolución dos concellos do EANP en Galicia vese o efecto do tamaño dos concellos, que provoca maiores variacións anuais canto menor é o seu contingente demográfico. Inda así, a evolución segue o esquema xeral, podéndose destacar que dúas das maiores cidades, Santiago e Lugo, teñen os seus máximos en 2012 e tamén teñen maior número de nacementos na segunda das décadas (2009-2018).




Figura 2.8. Evolución dos nacementos nos concellos do EANP, 1999-2018.

As razóns da baixada da natalidade seguen a ser as mesmas das décadas anteriores, por unha parte o control voluntario da mesma (descenso voluntario da fecundidade ou fecundidade dirixida, incremento da idade nai ó nacemento do primeiro fillo -31,5 anos en Galicia-) e, por outra, o avellentamento da estrutura demográfica, coa redución progresiva dos grupos de idade sobre os que recae a reprodución.

Por outra parte, o efecto distorsionador do tamaño da poboación, a fin de facer unha comparación entre as distintas unidades espaciais, podémolo mitigar a través da taxa bruta de natalidade, que se indica o número de nacementos por cada mil habitantes durante un período de tempo determinado (xeralmente un ano, pero tamén por períodos maiores).

A análise da taxa bruta de natalidade evidencia unhas interesantes diferencias entre a década 1999-2008 e a de 2009-2018 por provincias e concellos. Así, mentres en Galicia a taxa media das décadas é do 7,5 e do 7,3‰, respectivamente; por provincias Pontevedra reduce do 8,7 a 7,8‰, A Coruña de 7,6 a 7,5‰, Ourense mantense no 5,7‰ e Lugo incrementa a taxa, pasando do 5,7 ó 6,2‰. Por concellos podemos destacar que son varios os que incrementan a taxa bruta de natalidade (Carballo, A Coruña, Santiago, Lugo, Monforte, Sarria e Lalín), por causas que poden ser ben diferentes, como a redución do continxente total, unha menor redución da fecundidade, o mantemento da atracción de poboación en idade fértil, etc. Na última década a maior taxa de natalidade corresponde a Narón, co 9,2‰, e a menor a Ferrol, con 6,2‰. En xeral, as taxas brutas de natalidade, como no seu caso a de mortalidade, a efectos de comparacións aparecen distorsionadas polas diferentes estruturas por sexo e idade (as coñecidas como pirámides de poboación), das que se analizará a súa incidencia noutro apartado deste informe.




Figura 2.9. Taxas de natalidade en Galicia e provincias, 1999-2008 e 2009-2018.




Figura 2.10. Taxas de natalidade nos concellos do EANP, 1999-2008 e 2009-2018.

Na análise por provincias, vese que se manteñen as diferencias entre as provincias occidentais (Pontevedra e A Coruña) nas que a natalidade foi sempre superior ó longo de todo o século XX e tamén no que vai do XXI, que nas orientais (Lugo e Ourense). Estas maiores taxas de natalidade das provincias occidentais están asociadas a unha estrutura demográfica máis nova (principalmente nos concellos litorais e nas áreas urbanas) fronte ó avellentamento que a emigración produciu nas provincias orientais.

Para reduci-lo efecto distorsionador que supón a estrutura por sexos e idades e as diferencias destas entre as provincias galegas á hora de analiza-la natalidade (como sucede tamén coa mortalidade), podemos analizar algunhas taxas específicas de natalidade, concretamente a taxa de fecundidade xeral e as taxas específicas de fecundidade que achegan datos significativos sobre o comportamento reprodutivo da poboación galega. A seguinte táboa contén as taxas de fecundidade que consisten en poñer en relación o número de nacementos coas mulleres en idade fértil.

1975	Taxa bruta de natalidade	Taxa xeral de fecundidade	Idade media á maternidade	Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo	Índice sintético de fecundidade	Taxa específica fecundidade <20 anos	Taxa específica fecundidade 20-24 anos	Taxa específica fecundidade 25-29 anos	Taxa específica fecundidade 30-34 anos	Taxa específica fecundidade 35-39 anos	Taxa específica fecundidade 40-44 anos	Taxa específica fecundidade >44 anos
Galicia	16,04	66,6	28,12	..	2,32	32,93	135,49	132,76	92,15	48,96	20,1	2,1
A Coruña	17,21	70,08	27,97	..	2,43	35,41	144,63	139,2	95,19	49,87	19,32	2,04
Lugo	11,41	50,74	28,57	..	1,87	24,28	99,45	106,6	78,22	45,7	17,9	1,16
Ourense	10,83	45,24	28,39	..	1,58	22,23	89,64	87,45	64,98	34,98	15	2,7
Pontevedra	19,63	80,52	28,15	..	2,62	38,49	162,17	129,56	108,86	56,86	25	2,38
2000	Taxa bruta de natalidade	Taxa xeral de fecundidade	Idade media á maternidade	Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo	Índice sintético de fecundidade	Taxa específica fecundidade <20 anos	Taxa específica fecundidade 20-24 anos	Taxa específica fecundidade 25-29 anos	Taxa específica fecundidade 30-34 anos	Taxa específica fecundidade 35-39 anos	Taxa específica fecundidade 40-44 anos	Taxa específica fecundidade >44 anos
Galicia	7,19	29,04	30,49	..	0,96	6,47	23,55	54,21	69,62	32,11	5,38	0,26
A Coruña	7,25	28,58	30,75	..	0,94	5,9	20,79	52,03	70,02	34,24	5,18	0,25
Lugo	5,76	26,13	30,4	..	0,87	6,62	23,63	49,56	58,6	29,65	5,86	0,68
Ourense	5,39	24,78	30,37	..	0,83	6,46	20,35	46,97	60,67	26,09	5,06	0,1
Pontevedra	8,37	31,88	30,28	..	1,04	7,07	27,5	60,3	75,69	32,41	5,54	0,17
2017	Taxa bruta de natalidade	Taxa xeral de fecundidade	Idade media á maternidade	Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo	Índice sintético de fecundidade	Taxa específica fecundidade <20 anos	Taxa específica fecundidade 20-24 anos	Taxa específica fecundidade 25-29 anos	Taxa específica fecundidade 30-34 anos	Taxa específica fecundidade 35-39 anos	Taxa específica fecundidade 40-44 anos	Taxa específica fecundidade >44 anos
Galicia	6,81	32,51	32,74	31,73	1,12	4,69	17,12	42,79	78,8	62,41	17,41	1,58
A Coruña	6,91	32,57	32,95	31,99	1,12	4,21	14,89	42,04	78,13	65,03	17,66	1,47
Lugo	6,26	32,3	32,19	31,26	1,12	8,14	23,61	40,87	73,32	58,48	17,01	2,03
Ourense	5,51	29,46	32,37	31,46	1,03	7,26	15,7	40,27	73,51	52,33	15,61	1,53
Pontevedra	7,33	33,36	32,75	31,64	1,06	3,57	17,98	45,01	83,01	63,27	17,73	1,59

Táboa 2.3. Indicadores de fecundidade en Galicia e provincias, 1975-2017.
Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Como se pode comprobar na táboa, na que ademais dos anos 2000 e 2017 engadimos os datos de 1975 a fin de comprobar as intensas variacións sufridas en pouco máis de corenta anos, mentres a taxa bruta de natalidade diminuíu no conxunto de Galicia e nas provincias occidentais entre 2000 e 2017, a taxa xeral de fecundidade aumenta tanto para Galicia como para as catro provincias, especialmente na de Lugo. Podería acudirse a unha explicación relacionada co carácter máis rural das provincias orientais, pero non parece ter unha explicación tan sinxela, como apuntan datos das capitais provinciais.

Para as taxas específicas de fecundidade é especialmente interesante asomarse ós datos de 1975, cando a natalidade e a taxa xeral de fecundidade eran máis do dobre que nos anos 2000 e 2017. Mentres en 1975 a cohorte de maior fecundidade era a de 20 a 24 anos tanto en Galicia como por provincias, agás Lugo (onde era a de 25 a 29 anos), tanto en 2000 como en 2017 en tódolos casos (Galicia e provincias) a cohorte de maior fecundidade é a de 30 a 34 anos, evidenciando o importante retraso que se produce na maternidade. Neste sentido é igualmente significativa a recuperación da fecundidade que se observa entre 2000 e 2017 para as idades superiores a 40 anos que, cando menos, se triplican e chegan a superar ós valores existentes en 1975 nunha evidente mudanza do comportamento reprodutivo.

Para finalizar, outro indicador que visualiza facilmente o problema demográfico de Galicia é o que recolle o número medio de fillos que unha muller pode ter durante o período de procreación (en atención ás taxas do momento), denominado índice sintético de fecundidade. Considérase que nos países desenvolvidos actualmente é preciso acadar unha taxa total de valor 2,1 para garantir o reemprazo xeracional. Pois ben, se Galicia tiña un índice sintético de fecundidade de 2,32 no ano 1975, permitindo superar o reemprazo xeracional, no ano 2000 caera a 0,96 e no 2017 recuperara lixeiramente ata 1,12, menos da metade do valor de 1975. Por provincias, a situación é semellante e as diferencias vanse reducindo: mentres en 1975 a maior diferenza é entre Pontevedra con 2,62 e Ourense con 1,58, en 2000 ambos seguían sendo os extremos con 1,04 e 0,83, respectivamente, e no 2017 con 1,16 e 1,03.




Figura 2.11. Proxección do Índice sintético de fecundidade (2018-2032) en España, Galicia e provincias.

Respecto das proxeccións, o Índice sintético de fecundidade iría incrementando progresivamente desde o 1,12 de 2017 ata o 1,23 previsto para 2032, ano no que as provincias de Lugo e Pontevedra terían os valores máis altos, con 1,36 e 1,23, respectivamente, mentres A Coruña e Ourense so chegarían a 1,21 e 1,13, pero sempre e todos eles por baixo dos valores estimados para o conxunto de España.

Resulta de interese completar esta análise da natalidade e da fecundidade coa valoración do papel que os procesos migratorios e especialmente a inmigración exerce sobre a mesma.

O lixeiro repunte da natalidade e do Indicador conxuntural da fecundidade con posterioridade a 2002 parece ter a súa explicación tanto na inmigración como no retorno de idades máis novas. En calquera caso, a contribución á natalidade por parte dos inmigrantes, evidente en moitas comunidades autónomas (véxase seguinte figura), resulta menor no caso de Galicia tanto por ser das taxas de natalidade de inmigrantes máis baixas do estado, como pola menor importancia dos efectivos inmigrantes.




Figura 2.12. Taxas de natalidade por nacionalidade e ámbito territorial de residencia, 2016.
Fonte: Elaboración propia a partires de datos do INE.

Así, como se pode ver nas seguintes figuras, o Indicador Conxuntural de Fecundidade mostra como a poboación de nacionalidade estranxeira so supera á de nacionalidade española en 0,2 ou 0,3 fillos por muller en idade fértil e os baixos efectivos de poboación estranxeira en Galicia fan que a curva de evolución de ambas nacionalidade non se despegue da curva de nacionalidade española. Quedaría por analizar o comportamento da fecundidade da poboación nacionalizada española nos últimos anos, para coñecer se o comportamento da fecundidade muda unha vez nacionalizados.




Figura 2.13. Evolución do Indicador Conxuntural de Fecundidade por nacionalidade en España.
Fonte: Elaboración propia a partires de datos do INE.




Figura 2.14. Evolución do Indicador Conxuntural de Fecundidade por nacionalidade en Galicia.
Fonte: Elaboración propia a partires de datos do INE.

► 2.2.2. MORTALIDADE

A mortalidade é a segunda das variables que condicionan o movemento natural da poboación. Para unha correcta análise da súa evolución resulta de interese comprender o funcionamento da mortalidade e distinguir entre mortalidade endóxena (debida a circunstancias internas do individuo) e esóxenas (debida ó medio). Á súa vez, dentro da mortalidade endóxena ou biolóxica tamén se distingue entre a que se produce ó comezo da vida e a que é resultado do envellecemento biolóxico. É aquí, precisamente, onde radica unha das características máis importantes da mortalidade actual, que conseguiu reducir a mortalidade infantil a valores mínimos, como veremos.

Ó igual que fixemos coa natalidade, analizaremos a evolución das defuncións e da taxa de mortalidade nas dúas últimas décadas, primeiramente en Galicia e nas súas provincias, detallando despois os concellos do EANP.

A evolución das defuncións nos últimos vinte anos, en comparación cos nacementos, amosa ás claras o problema demográfico de Galicia, pois pasou de 29293 falecidos en 1999 a 32394 en 2018, cantidades que superan, de lonxe, as dos nacementos. A evolución de Galicia nos últimos vinte anos, con tendencia ó incremento das defuncións, repítese nas provincias a excepción de Lugo, na que certo descenso intermedio fai que os últimos incrementos non cheguen a superar os valores de partida. As defuncións acumuladas do período por provincias son 236019 na Coruña, 172962 en Pontevedra, 99374 en Lugo e 92196 en Ourense.




Figura 2.15. Evolución das defuncións en Galicia e provincias (1999-2018).

Na evolución por concellos do EANP vese esta tendencia ó incremento das defuncións que ten a súa explicación na estrutura por idades das súas poboacións: dos 17 concellos do EANP en Galicia, 15 tiveron o seu máximo entre 2015 e 2018, e deles 8 foron nese último ano.




Figura 2.16. Evolución das defuncións nos concellos do EANP, 1999-2018.

A análise das taxas brutas de mortalidade tamén amosa a tendencia ó incremento da mortalidade en Galicia e en tódalas súas provincias. É de destacar as marcadas diferencias entre as provincias de Lugo e Ourense, con taxas de mortalidade do 14,55 e do 14,27‰, respectivamente, e as de A Coruña e Pontevedra, con taxas do 10,80 e do 9,45‰. Entre os concellos do EANP soamente Narón e Verín teñen na última década valores inferiores ós da inmediatamente anterior, inda que con variacións pouco acusadas.




Figura 2.17. Taxas de mortalidade en Galicia e provincias, 1999-2008 e 2009-2018.




Figura 2.18. Taxas de mortalidade nos concellos do EANP, 1999-2008 e 2009-2018.

Como adiantamos, resulta moi revelador da caracterización interna da mortalidade en Galicia a análise das taxas de mortalidade infantil. Para a serie que recolleamos, referida ó conxunto de Galicia entre 2009 e 2017, a taxa atópase sempre en valores comprendidos entre 1,99 (en 2014) e 3,15 (en 2016). Ademais, os datos tamén recollen a habitual maior mortalidade infantil masculina, agás en 2009 e 2017, podendo ser efecto das oscilacións propias de cantidades baixas.




Figura 2.19. Taxa de Mortalidade Infantil. Defuncións por mil nados vivos. Galicia e España (Galicia en amarelo e España en azul).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Taxa bruta de mortalidade	Taxa bruta de mortalidade e taxa de mortalidade infantil segundo sexo en Galicia									
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	
TOTAL	10,9	10,7	10,8	11,2	11,1	10,9	11,6	11,7	11,8	
Homes	11,4	11,2	11,3	11,5	11,4	11,4	12	12,2	12,1	
Mulleres	10,4	10,3	10,3	10,8	10,7	10,5	11,3	11,3	11,5	
Taxa mortalidade infantil	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	
TOTAL	2,71	2,22	2,55	2,56	2,08	1,99	2,78	3,15	2,22	
Homes	2,59	2,52	2,67	2,73	2,08	2,53	2,59	3,68	2,22	
Mulleres	2,83	1,9	2,42	2,38	2,07	1,39	2,98	2,58	2,23	

Táboa 2.4. Taxa bruta de mortalidade e taxa de mortalidade infantil segundo sexo en Galicia, 2009-2017.
Fonte: IGE, INE Movemento natural da poboación. INE. Estimacións Intercensales de Poboación, Cifras de Poboación.

► 2.2.3. CRECIMENTO VEXETATIVO

Coñecidas a natalidade e a mortalidade, podemos proceder a analizar o balance entres ambas, coñecido como crecemento vexetativo ou crecemento natural da poboación. O crecemento vexetativo pode calcularse como simple diferencias entre os nacementos e as defunción nun período determinado, pero tamén se calcula mediante a súa taxa bruta, consistente na diferenza entre as taxas brutas de natalidade e mortalidade, podendo ser de signo positivo (os nacementos superan ás defuncións), negativo (as defuncións superan ós nacementos) ou nulo (ambos compoñentes teñen igual valor). Mentres os parámetros das taxas de natalidade e mortalidade veñen dados en tantos por mil, a práctica seguida polos organismos internacionais dedicados ós temas de poboación e as estatísticas demográficas aconsellan utilizar esta taxa en tantos por cen.

O crecemento vexetativo está supeditado ás múltiples interaccións que afectan ás dinámicas demográficas. Así, por exemplo, dependerá tamén da estrutura por sexos e idades, dos movementos migratorios, etc., polo que será preciso ponderar os valores en función das mesmas, como se irá vendo. Este movemento natural da poboación constitúe o elemento central, xunto cos movementos migratorios, para definir o potencial de crecemento ou diminución dunha poboación.

A evolución do número de nacementos en Galicia no período 1975-2016 (véxase a seguinte figura) reflicte como o cruce producido entre as variables natalidade e mortalidade mudou as posicións de modo prolongado e sen retorno á vista, así como que nas dúas últimas décadas o lixeiro repunte que se produciu entre 2000 e 2008 tornouse novamente descenso coincidindo coa crise económica, o reforzamento da emigración e a redución da inmigración.




Figura 2.20. Evolución do número de nacementos e defuncións en Galicia no período 1975-2016.
Fonte: Elaboración propia a partir de do Movemento Natural da Poboación. INE.

En primeiro lugar, o crecemento vexetativo en Galicia e nas súas provincias nos últimos vinte anos caracterízase polo seu carácter predominantemente negativo. O saldo negativo de Galicia foise minorando desde a perda de 10509 habitantes en 1999 hasta a perda de 6454 en 2008, cando iniciou un crecemento que chegou ate os 15833 de 2018. Por provincias a evolución é semellante, agás que en Ourense e Lugo o cambio de tendencia foi en 2009 e 2010, respectivamente. Pola súa parte, a provincia de Pontevedra, se ben mantén a tendencia do conxunto, é a única provincia que alcanza balance positivo nalgún momento: concretamente 548 habitantes en 2008, 89 en 2004 e 24 en 2009.




Figura 2.21. Evolución do saldo vexetativo en Galicia e provincias, 1999-2018.

Nas cidades do EANP a evolución é semellante ás dos conxuntos, pero aféctalles singularidades das súas estruturas demográficas e variacións relacionadas co tamaño das poboacións, polo que o punto de inflexión de tendencia que en Galicia era en 2008, varía segundo a poboación entre 2001 (Ferrol) e 2012 (Santiago). De tódolos concellos, os únicos que se distinguen por ter un balance positivo na maioría dos anos e no conxunto de dúas décadas son os de Pontevedra (cun importante incremento de 1487) e Vigo (so aumentou 54 habitantes como consecuencia da forte redución dos anos 2015 a 2018 que se levou todo o incremento de anos anteriores).




Figura 2.22. Evolución do saldo vexetativo nos concellos do EANP, 1999-2018.

A análise das taxas brutas de crecemento vexetativo, tal como fixemos coas variables anteriores, permítenos ponderar atendendo á masa de efectivos poboacionais das distintas unidades territoriais de análise.

En Galicia e por provincias, a taxas de crecemento son negativas no período 1999-2008 e inda máis negativas no 2009-2018. Para o conxunto da comunidade, a taxa de crecemento pasa de -0,31% a -0,39% nos referidos períodos. No caso das provincias, as maiores perdas son nas provincias interiores, cunha estrutura demográfica máis avellentada e, polo xeral, menor dinamismo.




Figura 2.23. Taxas de crecemento (%) en Galicia e provincias, 1999-2008 e 2009-2018.

Por concellos, o crecemento negativo ten o seu maior expoñente en Monforte de Lemos, con -0,83 e -0,96% e 1999-2008 e 2009-2018, respectivamente; mentres no lado extremo Pontevedra tivo un crecemento positivo do 0,16% na primeira das décadas, minorado a 0,03 na segunda.




Figura 2.24. Taxas de crecemento (%) nos concellos do EANP, 1999-2008 e 2009-2018.

En canto ás proxeccións, a evolución prevista para o saldo vexetativo amosa un descenso continuo desde 2018 a 2025, aproximadamente, e certa estabilización para os anos 2027 a 2032. Son moi ilustrativos os valores de crecemento vexetativo acumulados para o período da proxección (2018-2032). Calcúlase que neses quince anos Galicia perderá cerca de 262000 habitantes (máis da cuarta parte dos que perderá o conxunto de España), correspondendo 104000 a A Coruña, 45000 a Lugo, 46000 a Ourense e 67000 a Pontevedra.

En resumo, desde a perspectiva dos movementos naturais da poboación, o crecemento vexetativo de Galicia e das súas provincias e concellos, polo xeral negativo, está en función da baixa fecundidade e natalidade. Soamente modificando esas variables, ben mediante o incremento da fecundidade e natalidade, ben modificando a estrutura demográfica con novas achegas de poboación en idade fértil, que se podería reverter o crecemento negativo, pois non hai marxe de manobra en canto á mortalidade.



2.3. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

A importancia das migracións na demografía de Galicia converte a este proceso nunhas das principais claves para a súa análise e interpretación. Con seguridade, os problemas da estrutura por sexos e idades que teñen derivado no avellentamento demográfico e na mingua da poboación, tiveron nas migracións unha das súas principais causas. Emporiso, novamente deberemos alternar a análise detallada dos procesos demográficos dos últimos vinte anos con algunhas referencias ós procesos anteriores que tanto teñen marcado a estrutura demográfica galega e a súa distribución territorial, con elevadas repercusións económicas.

En canto ós lugares de orixe e destino, distinguiremos entre migracións interiores de Galicia, migracións internas con outras comunidades autónomas españolas, e migracións interestatais (tanto continentais como intercontinental –transcontinentais-). Trátase, pois, de analizar as migracións en funcións dos desprazamentos, pero tamén, na medida do posible, atendendo ás causas e á duración da mesma. A este respecto, e á marxe doutras interpretacións recollidas na literatura demográfica sobre Galicia, debemos avaliar o proceso como desprazamento xeográfico da forza laboral causado polo desigual desenvolvemento dos territorios de orixe e destino.

Os efectos directos da primeira gran fase migratoria galega, ocorrida entre 1853 e 1930, apenas son rastrexables na estrutura da poboación actual. Sen embargo, esa mesma emigración, de carácter transcontinental con destino América, polo xeral definitiva e de compoñente maiormente masculina (agás co inicio do século XX), está na orixe dalgúns dos continxentes de inmigrantes das últimas décadas.

Para o seguimento e estima do volume da emigración nesta e nas demais fases podemos empregar o saldo migratorio calculado a partir da variación intercensual da poboación e do crecemento natural no mesmo período. Os saldos migratorios intercensuais dan a imaxe rápida das intensas migracións soportadas pola poboación galega no século XX. Como se pode comprobar no cadro de saldos migratorios intercensuais, o ritmo migratorio mesmo dentro dos períodos referidos non é constante.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
1860-1870	-51103	-54944	-21460	-32454	-159961
1871-1877	-35770	-38458	-15022	-22715	-111965
1878-1887	-13868	+1962	+6275	-23615	-29246
1888-1900	-23655	-7547	-16150	-21938	-69290
1901-1910	-55038	-31350	-24594	-15564	-126546
1911-1920	-22805	-35109	-20013	+411	-77516
1921-1930	-21718	-36820	-20173	-19498	-98209
1931-1940	+31184	+12128	+1054	+19154	+63520
1941-1950	-16869	-36079	-27423	-34970	-115341
1951-1960	-59386	-60843	-46805	-70319	-237353
1961-1970	-79145	-80480	-55617	-13921	-229163
1971-1980	-4115	-16031	-6269	+22544	-3871

Táboa 2.5. Saldos migratorios intercensuais en Galicia.

Fontes: Hasta 1910: López Taboada, X. A. , Economía e poboación en Galicia. Rueiro, A Coruña, 1979.

Dende 1911: Elaboración propia a partir de censos e movemento natural da poboación.

Saldo migratorio dun período = Poboación final - (Poboación inicial + crecemento vexetativo).

Como se pode comprobar, entre 1861 e 1910 Galicia perdeu por emigración preto de medio millón de persoas. Esta emigración dirixiuse fundamentalmente a países americanos: Arxentina, Brasil, Uruguai, Cuba, etc., países necesitados de man de obra, máis tamén se inclúen outros destinos, mesmo peninsulares. Evidentemente, os emigrantes foron máis, pero moitos retornaron, polo que este método de aproximación polo cálculo das perdas intercensuais non permite coñecerlos. Así, a dispoñibilidade de fontes complementarias indica que so entre 1910 e 1930 emigraron 742824 galegos, retornando a maior parte.

Entre 1940 e 1960 hai unha nova fase migratoria, inicialmente tamén transcontinental, pero que nos anos cincuenta vai mudando cara á Europa. Por iso, desde 1960 (tras o Plan de Estabilización de 1959) e ata 1973 podemos fixar unha nova etapa caracterizada pola emigración cara diversos países europeos (Alemaña, Francia, Suíza...). E temos nestas últimas etapas un factor determinante dos desequilibrios da actual estrutura da poboación por sexos e idades, como se analiza noutro apartado.

Respecto da situación da emigración no período máis recente, a análise dos saldos migratorios co exterior de Galicia, tanto do conxunto como das súas provincias, desde 1999 a 2018 permite determinar un progresivo incremento da inmigración ata 2007, cando polos efectos da crise económica retraese ata o punto de que nos anos 2013 a 2015 (desde 2012 a 2017 segundo as provincias) o saldo resulta negativo, evidenciando que son máis os que marchan que os que chegan.




Figura 2.25. Saldo migratorio co exterior de Galicia desde 1999 a 2018. Galicia e provincias.

Para o conxunto de Galicia, o valor máximo de entrada foron os 19583 de 2007 e o maior número negativo os -2833 de 2013. Por provincias, A Coruña e Lugo tamén teñen os seus máximos de saldo positivo en 2007, con 9396 e 2665 respectivamente, mentres que Ourense ten o seu máximo en 2009 con 1992 e Pontevedra teno en 2005 con 6462. Pola contra, os valores negativos máis importantes son para A Coruña e Pontevedra en 2013, con -1128 e -986 respectivamente, para Lugo en 2014 con -527 e para Ourense en 2015 con -668.

A análise por concellos permite coñecer que áreas do territorio están gañando ou perdendo habitantes como consecuencias das migracións con orixe ou destino fora de Galicia. No mapa de saldos entre 1999 e 2018, a fin de identificar os balances máis recentes, compróbase que a maior parte dos concellos de Galicia tiveron balance negativo, destacando os de Ferrol e Marín como os únicos que perderon máis de 1000 habitantes. Pola contra son varios os concellos que tiveron un balance positivo superior ós 1000 habitantes, destacando A Coruña e a súa orla de concellos, pero tamén Ourense a algúns dos concellos estremeiros, Santiago e Ames, Pontevedra e Poio, e algúns outros concellos. Débese destacar o caso de Narón, limítrofe co de Ferrol que referíramos como en balance negativo.

Saldos migratorios co exterior de Galicia por concellos entre 1999 e 2018




Figura 2.26. Mapa de saldos migratorios co exterior de Galicia por concellos entre 1999 e 2018.

A análise do saldo migratorio co exterior de Galicia dos concellos que forman parte do Eixo amosa unha moi grande diversidade. Se como vimos na descrición do conxunto, o saldo resultou positivo entre 1999 e 2012 e novamente entre 2016 e 2018, cando analizamos os concellos atopamos balances negativos dalgún concello en tódolos anos, con importantes cambios de tendencia en períodos moi curtos de tempo e mesmo trazando curvas erráticas.




Figura 2.27. Saldo migratorio co exterior de Galicia desde 1999 a 2018. Concellos do Eixo.

Entre os concellos, pódese destacar ben pola cantidade de poboación afectada, ben pola evolución dentro dos últimos vinte, unha serie de concellos: Vigo, A Coruña e Ferrol, entre outros.

Así, A Coruña ten polo xeral un balance positivo (en sete ocasións por riba dos 1000 habitantes), agás en 1999 no que destaca entre todos con -2137.




Figura 2.28. Saldo migratorio co exterior de Galicia desde 1999 a 2018. A Coruña.

Vigo tamén ten unha tendencia polo xeral positiva (seis anos con mais de 1000 habitantes de balance positivo), mentres en 2017 perde poboación, con -1577.




Figura 2.29. Saldo migratorio co exterior de Galicia desde 1999 a 2018. Vigo.

Ningún dos concellos do Eixo ten balance positivo en tódolos anos, se ben Lalín, Monforte de Lemos, Sarria e Carballo só teñen un ano en balance negativo e Pontevedra e O Carballiño en dous. Pola contra ningún concello ten un balance tan negativo como o de Ferrol, con tódolos anos en negativo, agás 2018 (lixeramente positivo).




Figura 2.30. Saldo migratorio co exterior de Galicia desde 1999 a 2018. Ferrol.

No balance migratorio co exterior de Galicia resulta de interese coñecer que continxentes corresponden a migrantes con outras comunidades autónomas ou ben co estranxeiro. No período que vai de 2002 a 2018, saíron de Galicia un total de 469017 habitantes, dos que 335923 foron cara a outra comunidade autónoma e 133094 cara ó estranxeiro. Dentro do período resalta o progresivo incremento da porcentaxe de efectivos procedentes do estranxeiro. En sentido contrario, chegaron a Galicia desde o exterior 617036, dos que 327181 procedían doutras comunidades autónomas e 289855 do estranxeiro, cun certo equilibrio das súas proporcións ó longo do período.

En consecuencia, o balance ou saldo migratorio galego foi positivo no período cun gaño de 148019, pero foi grazas á chegada de inmigrantes do estranxeiro (156761 máis dos que marcharon) mentres o balance co resto de España resultou negativo con -8752. No balance co estranxeiro é de destacar que se produciu unha importante baixada entre 2007 e 2013, por efectos da crise económica, remontando desde entón ata alcanzar valores semellantes ós previos á crise.




Figura 2.31. Emigrantes totais cara ó exterior de Galicia entre 2002 e 2018.




Figura 2.32. Inmigrantes totais do exterior de Galicia entre 2002 e 2018.




Figura 2.33. Balance migratorio co exterior de Galicia entre 2002 e 2018.

No ano 2018, empadroáronse nos concellos galegos 107119 habitantes que procedían ben de fora de Galicia, ben doutros concellos da mesma ou diferente provincia. Neste caso 64362 procedían de Galicia, 18574 do resto de España e 24183 do estranxeiro. En canto ós procedentes doutras comunidades autónomas, o grupo máis abondoso correspondía a Madrid (3918), seguido de Cataluña (2599), Canarias (2064) e Andalucía (1861). A suma de inmigrantes por provincias, reflicta que a maior parte dos novos empadroados proceden doutros concellos da mesma provincia e que nas catro provincias son máis os inmigrantes procedentes de dentro da mesma que os procedentes do resto de España ou que os procedentes do estranxeiro.

Respecto ás provincias de acollida, as máis receptora son as occidentais. A Coruña empadrea 46083 habitantes, dos que 27771 proceden de Galicia, 7666 do resto de España e 10646 do estranxeiro. Pontevedra empadrea 32692, dos que 19669 proceden de Galicia, 5976 do resto de España e 7047 do estranxeiro. Mentres, Ourense e Lugo contan con valores sensiblemente inferiores.




Figura 2.34. Inmigrantes segundo lugar de procedencia: Galicia, resto de España e estranxeiro, 2018.



Figura 2.35. Inmigrantes segundo lugar de procedencia: comunidades autónomas, 2018.

No sentido contrario, os emigrantes que abandonaron os concellos galegos en 2018 foron 94728, dos que 64362 se desprazaron a outro concello galego, 19198 a outra comunidade autónoma española e 11168 foron para o estranxeiro. En canto ós que se desprazan a outras comunidades autónomas, o grupo máis abondoso correspondía a Madrid (4496), seguido de Cataluña (2503), Canarias (2277) e Andalucía (1782).

A suma de emigrantes por provincias, reflicta que, ó igual que sucedía cos inmigrantes, a maior parte se dirixen a outros concellos da mesma provincia (como non podía ser doutra maneira) e que nas catro provincias son máis os inmigrantes procedentes de dentro da mesma que os procedentes do resto de España ou que os procedentes do estranxeiro.

Respecto ás provincias de abandono, as que máis perden son as occidentais. A Coruña desempadroa 39928 habitantes, dos que 27292 diríxense a outros concellos de Galicia, 7910 van cara o resto de España e 4728 ó estranxeiro. Pontevedra desempadroa 29373, dos que 19394 quedan en Galicia, 6185 no resto de España e 3794 van ó estranxeiro. Tamén neste caso Ourense e Lugo contan con valores sensiblemente inferiores (14221 e 11206 desempadroados, respectivamente).




Figura 2.36. Emigrantes segundo lugar de destino: Galicia, resto de España e estranxeiro, 2018.




Figura 2.37. Emigrantes segundo lugar de destino: comunidades autónomas, 2018.

De resultas dos fluxos anteriores o balance entre inmigrantes e emigrantes de Galicia (neste caso non se consideran os fluxos internos) resultou positivo en 2018. Os 12391 empadroados máis correspondéronse con 13015 inmigrantes do estranxeiro que compensaron sobradamente as perdas de -624 producidas no balance coas outras comunidades autónomas españolas. O balance resultou especialmente negativo con Madrid (-578), Baleares (-223), Canarias (-213) e Valencia (-211); mentres resultou positivo con Castela e León (217), seguida de Asturias (196) e Cataluña (96) entre outras.




Figura 2.38. Balance migratorio segundo lugar de orixe-destino: Galicia, resto de España e estranxeiro, 2018.




Figura 2.39. Balance migratorio segundo lugar de orixe-destino: comunidades autónomas, 2018.



2.4. ESTRUCTURA DA POBOACIÓN POR SEXO E IDADE

O estudo da poboación por sexo e idade, primeiro separadamente e despois en conxunto, farémolo referido ós datos máis recentes dispoñibles, 2018, se ben nalgún caso referiremos algunha situación anterior para amosar a evolución. Para a análise das idades empregaremos datos dos individuos en grupos quinquenais, denominados cohortes, que facilitan a interpretación dos procesos que afectaron no pasado a esa poboación e reduce a variabilidade entre anos en poboacións non moi numerosas. Estas cohortes poden ser agrupadas para outras análises que o requiran, como se fará a continuación para avaliar o grado de xuventude ou vellez dunha poboación.

► 2.4.1. ANÁLISE POR IDADES

Para esta primeira análise é suficiente con agregar os habitantes (xuntando home e mulleres) en tres grandes grupos de idade: os menores de 15 anos, os de 15 a 64 e os de 65 e máis anos. Fixando os límites dos grupos de idade en 15 e 65 anos conseguimos aproximarnos ó amplo grupo intermedio que constitúe a poboación activa.

Deste xeito, a análise da estrutura de idades permite achegarnos ó coñecemento da poboación activa e inactiva, así como á súa evolución futura. Como se pode supor, a evolución destas estrutura de idades vaise ver afectada por moitos procesos xeodemográficos: polo aumento da esperanza de vida e consecuentemente do número de vellos, pola redución da fecundidade e natalidade, por procesos migratorios (internos e externos), por eventos sanitarios e catástrofes, etc. Á súa vez a estrutura por idades inflúe en tódolos índices demográficos, especialmente na natalidade, na mortalidade, na poboación activa e na dependente, etc.

O incremento da poboación de máis de 65 anos, ó igual que o incremento de poboación infantil noutros lugares do mundo, está a incrementar a “carga demográfica”, que é a proporción do número de nenos e persoas de idade avanzada respecto do número de persoas en idade apta para o traballo. O incremento da carga demográfica afecta ó nivel de vida, como consecuencia dos grandes gastos en educación para poboación máis nova, e en pensións, servizos sanitarios e servizos sociais para as persoas en idade avanzada.

Con carácter xeral, tense considerado desexable que a proporción das idades produtivas (15 a 64 anos) non baixe do 60% do total, e que os menores de 15 anos supoñan polo menos o 25%.

A estrutura por idades da poboación galega foi evolucionando durante todo a século XX. Así, os efectivos de poboación máis nova, os menores de 15 anos, pasaron de ser o 34,4% en 1900. ó 27% en 1950, ó 20,8% en 1986 (Souto et al., 1993) e ó 11,95% en 2018.




Figura 2.40. Poboación por grandes grupos de idade. Galicia, 2018.

Estas proporcións amosan o problema ó que se enfrenta Galicia e a previsible evolución, pero non evidencian as grandes diferencias internas, entre provincias e concellos galegos, e o reparto polo miúdo entre cohortes quinquenais, que non facilita a imaxe da evolución inmediata. As proporcións por provincias amosan o avellentamento de Ourense e Lugo, que non teñen máis que un 9,9 e 10,1% respectivamente de menores de 15 anos, mentres alcanzan o 31,2 e o 28,9% de habitantes de 65 e máis anos.




Figura 2.41. Poboación por grandes grupos de idade. Provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, 2018.

Na análise dos concellos que forman parte do Eixo, obsérvase como manteñen proporcións máis novas ou semellantes que as súas provincias, como consecuencia da atracción de algunha poboación moza cara ós seus núcleos urbanos. Sen embargo, como se podería ver analizando tamén a natalidade, os concellos coa poboación menos avellentada son moitos dos situados na orla das principais áreas urbanas. Serven de exemplo os concellos de Ferrol e Narón, pois mentres o primeiro so ten un 10,7% de menores de 15 anos, o de Narón, estremeiro co primeiro, alcanza o 14,7% que é a porcentaxe máis alta con concellos do Eixo. Ademais, esta maior xuventude non é a costa da porcentaxe de poboación entre 15 e 64 anos, senón que neste intervalo tamén Narón supera a Ferrol.




Figura 2.42. Poboación por grandes grupos de idade. Ferrol, 2018.




Figura 2.43. Poboación por grandes grupos de idade. Narón, 2018.

Tense afirmado con anterioridade (Souto *et al.*, 1993), a estrutura por grupos de idade da poboación galega ten semellanzas coa dos países máis desenvolvidos europeos, de América do Norte, Xapón, Australia e Nova Zelandia, a pesar das grandes diferencias noutros eidos: todos eles cunha natalidade reducida, unha baixa mortalidade e unha elevada esperanza de vida. Isto vai acompañado dunha pequena proporción de nenos e unha crecida porcentaxe de persoas de idade avanzada.

Un escenario que afonda na alteración das previsións de equipamentos, con importante repercusión económica (incremento dos gastos de mantemento e asistencia ás persoas de idade avanzada, diminución da poboación economicamente activa...). Simultaneamente, poderían darse aspectos positivos, como o incremento de posibilidades de acceso da muller ó traballo, menor presión urbanística...

Galicia alcanzou nas décadas dos anos 60 e 70 unha esperanza de vida semellante á dos países occidentais, moito antes de gozar dun nivel de desenvolvemento económico equivalente (Rodríguez Galdo *et al.*, 2010). Desde os anos setenta a esperanza de vida non deixou de medrar, manténdose en paralelo a esperanza de vida de homes e mulleres, sen apenas variacións na diferenza entre sexos. Así, en 1975 a esperanza de vida era de 69,83 anos para os homes e 75,92 para as mulleres (72,96 anos para ambos sexos en conxunto). En 2016 a esperanza de vida dos homes era de 79,45 anos e de 85,84 para as mulleres (82,65 anos para o conxunto de ambos sexos) mantendo a Galicia como un dos lugares máis saudables do mundo en atención á duración da vida. Na seguinte figura pódese ver a evolución da variable desde 1975 a 2016 para ambos sexos e en conxunto.




Figura 2.44. Esperanza de vida ó nacemento. Galicia (en azul ambos sexos, en verde as mulleres e en amarelo os homes).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Por outra parte, o aumento continuo da esperanza de vida mantén relación cos moi baixos niveis de mortalidade infantil, que en 2016 se sitúan en 3,15 por cada 1000 nados vivos. A evolución deste indicador nos últimos anos amosa a aproximación a unha base difícil de mellorar e a redución das diferencias entre sexos (tradicionalmente maiores valores en home que en mulleres) ó igual que practicamente desapareceron as diferencias co conxunto do estado (véxanse as figuras 7 e 8).

► 2.4.2. ANÁLISE POR SEXOS

A análise por sexos dunha poboación permite coñecer como influíron os procesos migratorios e a mortalidade á proporción entre homes e mulleres. O índice máis habitual a empregar é o índice de masculinidade, que indica o número de homes por cada cen mulleres dunha poboación ou cohorte da mesma. É dicir, podemos determinar o índice de masculinidade para toda a poboación ou para certos grupos de idade, podendo neste caso, ó igual que facíamos coa análise de idades, establecer correlacións entre variacións de proporcións e procesos históricos que deixaran a súa pegada na poboación.

Debemos partir da premisa de que ambos xéneros teñen distinta proporción ó nacer e que esta ratio de masculinidade ó nacemento, pola que xeralmente nacen máis homes que mulleres (en torno a 103-104 por cada 100 mulleres), varía co tempo e no espazo ou territorio.

Así, por exemplo, como se ve na táboa axunta, son grandes as diferencias entre provincias, como os 95,8 homes nados para cada cen mulleres en Lugo en 2018, fronte os 109,2 nados en Pontevedra. Ou mesmo os 97,6 nados en Ourense en 1975, cando a natalidade era maior, fronte ós 105,8 de A Coruña. Por iso, esta diferente ratio poderá ter os seu reflexo nos índices de masculinidade das distintas cohortes en que se integren os nados en cada ano.

	1975	1998	2018
ESPAÑA	107,24	107,27	105,78
15 Coruña, A	105,78	108,57	108,57
27 Lugo	103,92	103,55	95,80
32 Ourense	97,57	103,11	100,81
36 Pontevedra	103,89	109,75	109,21

Táboa 2.6. Ratio de masculinidade ó nacemento por provincia, 1975-2018.
Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

Para o ano 2018 e analizando o índice de masculinidade total de Galicia é de 92,8 homes por cada 100 mulleres. Analizando as cohortes quinquenais vese como o índice é superior a 100 desde o nacemento ata os 39 anos, e despois iníciase un progresivo descenso, acelerado nas últimas cohortes, pasando de 77,1 para os de 75 a 79 anos a 66,1 para os de 80 a 84, e finalmente a 49,4 para os de 85 e mais.




Figura 2.45. Índice de masculinidade. Galicia, 2018.

Se comparamos esta situación coa de épocas precedentes veremos diferencias máis destacables nos índices de masculinidade por grupos de idade que para o total. Así, índice de masculinidade total para o conxunto da poboación galega no ano 1900 era de 81,7. Por cohortes, o índice comezaba por amosar unha lixeira maioría de homes nas cohortes máis novas (0-9 anos) e despois iniciaba un rápido descenso que levaba ata o valor 69,4 xa na cohorte de 25-29 anos. Este rápido descenso da masculinidade debíase maiormente a unha emigración que afectaba principalmente ós homes, así como pola sobremortalidade masculina.

Medio século despois, en 1950, o índice de masculinidade total en Galicia incrementárase moi significativamente, acadándose o valor 88,4. Este incremento foi resultado dunha certa redución da emigración, que como vimos afectaba máis ós homes que ás mulleres, e da redución da sobremortalidade masculina, vinculada tanto a causas esóxenas como endóxenas.

Por cohortes apréciase mellor o fenómeno do incremento da masculinidade en 1950. O índice é superior a 100 ata o grupo de 10 a 14 anos incluído, e despois descende máis lentamente que en 1900, non chegando a acadar valores inferiores a 70 ata a cohorte de 60 a 64 anos, cando en 1900 isto xa sucedía coas cohortes de 40 a 44.

Pola súa parte, en 1986 o índice de masculinidade total de Galicia experimenta un novo incremento, situándose no valor 94,1 (superior ó actual. Ademais, o incremento da masculinidade é practicamente xeral en tódalas cohortes. A masculinidade positiva, é dicir, a superior ó valor 100, esténdese incluso ata a cohorte de 40 a 44 anos. Isto débese claramente á drástica redución da mortalidade infantil e xuvenil, así como á redución da emigración de adultos xoves nos anos inmediatamente anteriores, que permiten que se manteñan no decurso do tempo os valores de masculinidade positivos que se producen polo algo maior número de nacementos de homes.

Vemos, pois, como ó longo de todo o século XX produciuse un continuo incremento da masculinidade total e como ese incremento foise estendendo desde as cohortes máis novas ata os adultos. Sen embargo, a evolución das últimas décadas amosa un estancamento e mesmo un retroceso do índice total, pero tamén nalgunha provincia (como veremos a continuación) un aumento do equilibrio ata idades máis avanzadas. Todo, debido a unha redución dos procesos migratorios e da sobremortalidade masculina, incluída a infantil.

Xa na análise por provincias atopamos as primeiras diferencias claras. Na de A Coruña, cun índice de masculinidade total de 92,1 (o máis baixo das provincias galegas), o índice non é superior a 100 por riba dos 29 anos, se ben o descenso é moi baixo ata os 44.




Figura 2.46. Índice de masculinidade. Provincia de A Coruña, 2018.

Pola contra, a provincia de Lugo conta co máis alto índice de masculinidade total que é do 94,1. Pero é de destacar que por grupos quinquenais a índice de masculinidade é superior a 100 ata para o grupo de 65 a 69 anos (coa excepción dos de 45 a 54). Trátase de valores moi altos que chegan mesmo ós de 85 e máis anos, cun índice de 55,8.




Figura 2.47. Índice de masculinidade. Provincia de Lugo, 2018.

A provincia de Ourense conta cun índice de masculinidade total de 92,3 homes por cada cen mulleres. Por cohortes, o grupo de idades máis avanzadas cun índice superior a cen é o de 45 a 49 anos, describindo unha evolución semellante á de Pontevedra, cun índice total de 93,4 e valores superiores a cen ata o grupo de 40 a 44.




Figura 2.48. Índice de masculinidade. Provincia de Ourense, 2018.



Figura 2.49. Índice de masculinidade. Provincia de Pontevedra, 2018.

Acudir ós valores de masculinidade por provincias en 1986 para comparalos co actual, volve a ser de interese por abundar na existencia de retrocesos difíciles de explicar.

En 1986, o índice de masculinidade total nas provincias galegas variaba desde o valor 92,9 da provincia de Pontevedra ata o valor 97,1 da provincia de Lugo (sensiblemente superior ó actual), mentres que Ourense tiña 95,0 e A Coruña 93,7. Os valores máis altos, correspondentes a Lugo e Ourense, facían emitir a hipótese da maior lonxevidade masculina no medio rural ou de emigración feminina cara ás áreas urbanas das provincias occidentais ou cara ó exterior. Esta explicación poderíase manter en parte para as importantes diferencias que inda hoxe se observan entre unhas e outras provincias.

En canto á análise por concellos, o índice de masculinidade total é máis baixo nas principais área urbanas (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) respecto do demáis concellos das súas provincias e, polo xeral, respecto dos de toda Galicia. Polo contrario, o índices máis elevados corresponden a concellos de vilas nun contexto máis rural.

Esta situación que xa se vislumbraba nos censos de 1986, pode deberse á concorrencia de diversos factores, entre os que estarían o abandono de mulleres do rural polas precarias condicións económicas e sociais do seu medio, certo retorno de homes cara ó rural en momentos de crise, e maior lonxevidade masculina no rural.

Índice de masculinidade	Ano 2018
GALICIA	92,8
A Coruña (provincia)	92,1
Carballo	95,8
Coruña, A	86,6
Ferrol	88,3
Narón	93,4
Ribeira	97,4
Santiago de Compostela	86,7
Lugo (provincia)	94,1
Lugo	86,5
Monforte de Lemos	90,3
Sarria	95,6
Ourense (provincia)	92,3
Barco de Valdeorras, O	94,8
Carballiño, O	88,4
Ourense	83,3
Verín	92,4
Pontevedra (provincia)	93,4
Lalín	94,4
Pontevedra	89,9
Vigo	89,9
Vilagarcía de Arousa	91,9

Táboa 2.7. Índice de masculinidade de Galicia, provincias e concellos, 2018.

► 2.4.3. ANÁLISE DA COMPOSICIÓN DA POBOACIÓN POR SEXOS E IDADES

Esta análise permite atopar a explicación da situación e a evolución pasada e condicións para o futuro da poboación de interese no momento censual. A estrutura por idades e por sexos dunha poboación represéntase en forma de pirámide. Esta expresión gráfica permite visualizar as tendencias demográficas pasadas e presentes. Reflicte a evolución e características dos factores que inciden sobre a poboación, natalidade, mortalidade e migracións. Ademais, unha pirámide de poboación recolle as variacións da poboación en períodos moi amplos (no noso caso 85 anos).

As pirámides constrúense a partir dos datos estatísticos correspondentes a diferentes cohortes demográficas (normalmente quinquenais) e distinguindo ambos sexos. As cohortes poden correspóndense cos nados en só un ano ou ben cos de varios anos, normalmente cinco (como aquí usaremos). A súa representación gráfica concíbese como dous histogramas de barras enfrontados simetricamente en función das idades. A lonxitude de cada barra estará en función do continxente demográfico da cohorte e poderá medirse ben en números absolutos, ben en porcentaxe. No presente informe optamos por expresalos valores das cohortes en tantos por cento, xa que isto nos permitirá facer máis patentes e expresivas as comparacións entre distintas poboacións (Galicia, provincias e concellos).

A pirámide de poboación de Galicia en 2018 evidencia a regresión da poboación nos últimos corenta anos (desde finais dos anos setenta do século pasado), ata o punto de que para atopar unha cohorte menos numerosa que o actual grupo de idade de 0 a 4 anos hai que ir ata a parte superior da pirámide: ata os 75 a 79 anos nos caso dos homes, pero non se dá a circunstancia no caso das mulleres. Noutras palabras: son tan poucas as nenas nadas nos últimos cinco anos, que son menos que as mulleres nadas hai entre 75 e 80 anos, mesmo a pesares de que se trata de un colectivo xa daquela reducido polo efecto da retracción da natalidade pola Guerra Civil e de que é un grupo de idade sobre o que a mortalidade xa actuou sensiblemente.

A análise da pirámide permite tamén observar a maior supervivencia feminina, recollida nas cohortes superiores e quizais os efectos dunha emigración máis masculina nalgunhas cohortes intermedias. Tamén, como se acaba de apuntar, a entalladura da cohorte feminina de 75 a 79 anos respecto das estremeiras, é un dos últimos rexistros visibles dos efectos que a Guerra Civil española tivo sobre a natalidade.




Figura 2.50. Pirámide de poboación de Galicia, 2018.

A pirámide de poboación da provincia de A Coruña é moi parecida á de Galicia, amosando o peso desta provincia no conxunto da comunidade. Valen, pois, para ela o conxunto de descrições xa realizadas e aproveitamos para engadir que a configuración da mesma desde as idades superiores a corenta anos é a propia dunha estrutura dinámica en progresivo crecemento que se inverteu radicalmente desde entón.




Figura 2.51. Pirámide de poboación da provincia de A Coruña, 2018.

Esa estrutura dinámica por riba dos corenta anos contrasta coa da provincia de Lugo, cunha pirámide na que a cohorte máis numerosa é a de 55 a 59 anos, amosando que o devalo nesta provincia se iniciou, cando menos, con quince anos de antelación, polo forte avellentamento e redución de cohortes reprodutivas que produciran os distintos movemento migratorios que desangraran a provincia. No caso de Lugo non hai na parte alta da pirámide ningunha cohorte que teña menos poboación que calquera das cinco máis baixas (0 a menos de 25 anos), tanto en home como en mulleres. Mesmo podemos estendelo a tódolos menores de 35 anos no caso das mulleres.




Figura 2.52. Pirámide de poboación da provincia de Lugo, 2018.

A provincia de Ourense mantén semellanzas coa de Lugo, polo seu importante avellentamento cunha redución das cohortes inferiores, mesmo por debaixo do grupo de idade de 55 a 59 anos, se ben nas cohortes inmediatas cun moi lento devalo. Un fenómeno que xa se daba en Lugo, resulta máis rechamante en Ourense. A cohorte de mulleres de 85 e máis anos é a máis voluminosa. Se ben trátase dunha cohorte especial que inclúe máis de cinco anos de intervalo, estamos ante un continxente moi superior ó das nenas de 0 a 9 anos.




Figura 2.53. Pirámide de poboación da provincia de Ourense, 2018.

Por último, a pirámide de poboación da provincia de Pontevedra mantén semellanzas coa de A Coruña e coa de Galicia, inda que amosa uns valores lixeiramente superiores a todas as demais provincias nos coorte máis novas nas que, agás a de 0-4, todas están por riba do 2% en cada sexo. Tamén nesta pirámide destaca a estrutura piramidal normal por riba dos corenta anos.

A provincia de Pontevedra tiña nos anos oitenta (padrón de 1986) a estrutura demográfica máis dinámica das catro provincias galegas, cun carácter en xeral progresivo pero revelando tamén síntomas do devalo demográfico nos últimos anos. A súa representación gráfica era claramente piramidal cunha pequena entalladura correspondente cos nacidos nos anos da Guerra Civil española e cun novo descenso dos efectivos na base da pirámide, especialmente visible na coorte de 0 a 4 anos. Esa entalladura é a que agora atopamos por baixo dos corenta anos.




Figura 2.54. Pirámide de poboación da provincia de Pontevedra, 2018.

Hai corenta anos, as entalladuras das bases das pirámides, especialmente das provincias de A Coruña e Pontevedra, con importantes continxentes demográficos, parecían ser un proceso transitorio e estar en condicións de ser superadas. Agora, máis de trinta anos despois, avaliamos a situación con novas perspectivas. A posibilidade de recuperación das provincias orientais a curto ou medio prazo apréciase como tarefa farto dificultosa. As provincias occidentais, desde a perspectiva da estrutura de idades, parecen estar nunha situación algo mellor, inda que os datos de natalidade/fecundidade non son esperanzadores. Sen embargo, a análise da situación por concellos permítenos, novamente, atopar diferencas.

En termos xerais, as formas das pirámides dos concellos do Eixo son de barril ou romboidais. Narón, Carballo, Lugo, Santiago, Ribeira e Pontevedra son os únicos concellos do Eixo nos que a suma de ambos sexos no grupo de idade de 0 a 4 alcanza o 4%, frecuentemente o grupo de idade menos numeroso por baixo dos setenta anos. Ferrol ten o valor máis baixo para ese grupo dos últimos en nacer (0 a 4 anos). No caso dos concellos das contornas das grandes cidades, poden estar rodeados por outros concellos cunha estrutura máis nova, con maiores proporcións na base da pirámide, pero no caso dos concellos do interior, frecuentemente sucede o contrario ó estar rodeados por concellos en peores situacións.




Figura 2.55. Pirámide de poboación do concello de Ferrol, 2018.




Figura 2.56. Pirámide de poboación do concello de Narón, 2018.

Pirámide de poboación do concello de A Coruña 2018




Figura 2.57. Pirámide de poboación do concello de A Coruña, 2018.

Pirámide de poboación concello de Vigo 2018




Figura 2.58. Pirámide de poboación do concello de Vigo, 2018.



2.5. COMPOSICIÓN SOCIODEMOGRÁFICA

Trátase de abordar neste apartado a relación entre a sociedade e as actividades produtivas, mediante o coñecemento dos efectivos da forza de traballo e da estrutura económica da poboación: actividade, ocupación, paro e sectores económicos. A análise da evolución das referidas variables nos últimos anos vainos amosar a progresiva reorientación da forza de traballo ás demandas do mercado laboral, paralelamente á permanencia de formas tradicionais de aproveitamento dos recursos.

As limitacións da análise da estrutura sociodemográfica veñen dados por dous aspectos. En primeiro lugar, pola complexidade de situacións que se presentan no mercado laboral. Os métodos estatísticos que se utilizan para as súas medicións reveláronse en gran medida desaxeitados para reflectir unha realidade cada vez máis complexa, ó flexibilizárense os mercados de traballo e proliferar, en resposta á crise, as situacións na fronteira entre emprego e paro e entre actividade e inactividade.

A división tradicional en ocupados, parados e inactivos esconde situacións moi diferentes como son o emprego mergullado, a compatibilidade e rotación entre ocupación e formación por parte dos xoves, a anticipación das xubilacións, o traballo a tempo parcial, a suspensión temporal dos contratos laborais, o traballo temporal, o pluriemprego, o paro encuberto e o “desánimo” na busca de emprego, entre outras. En segundo lugar, pero moi relacionado co anterior, están as limitacións das estatísticas como consecuencia da súa elaboración por medio de enquisas, moi dependentes da intensidade e número da mostraxe, das modificacións metodolóxicas, etc.

En primeiro lugar, para coñecer a poboación activa emprégase xa desde 1964 a denominada Enquisa de Poboación Activa (EPA) orientada a dar datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (ocupados, parados, activos e inactivos). Tendo en conta que en España a idade mínima legal para traballar son os 16 anos, a poboación potencialmente activa ven definida como a poboación con 16 ou máis anos e que non alcanzase a idade de xubilación.

A poboación activa sería unha parte da anterior, constituída polos que cumpren a condición de estar ocupados ou parados. O resto conforma a poboación inactiva. Mentres, os menores de 16 anos e os xubilados nalgúns indicadores son considerados poboación dependente.

Poboación potencialmente activa	Poboación activa	Poboación ocupada
	Poboación inactiva	Poboación parada

Táboa 2.8. Composición da poboación potencialmente activa.

Evidentemente, a cantidade de poboación activa vai estar determinada, en primeiro lugar, pola cantidade de habitantes, pero tamén pola estrutura de idades da poboación.

Segundo os datos máis recentes dispoñibles no momento de redacción do presente informe (setembro de 2019) as grandes cifras da actividade económica da poboación galega no segundo trimestre de 2019 son as recollidas na seguinte táboa.

Poboación de 16 ou máis anos	2334,3
Activos	1239,1
Poboación ocupada	1098,8
Poboación parada	140,4
Inactivos	1095,2

Táboa 2.9. Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Segundo trimestre de 2019. Poboación en miles de persoas.

Destaca o importante número de poboación activa en relación ó total da poboación galega (2698875 a 1 de xaneiro de 2019 –datos provisionais-), debido á redución da natalidade que levou a que os menores de 16 anos sexan un continxente reducido. Polo lado superior da pirámide, o grande continxente de maiores de 65 anos, maiormente xubilados, explicaría a grande porcentaxe de inactivas. En canto á poboación ocupada e parada, constitúen o 88,6 e 11,4, respectivamente, da poboación activa. Como é de supor, estes valores varían á hora de analizar a súa composición por sexos, xa a poboación activa está integrada por un total de 642900 homes e 596200 mulleres.

Resulta de especial interese coñecer a evolución nos últimos datos da desagregación da poboación ocupada por sectores de actividade e por sexo. A poboación ocupada en Galicia desde 2010 a 2018 caracterízase por unha primeira fase de diminución progresiva ata 2014 (baixa desde 1104500 en 2010 hasta 998000 en 2014, volvendo a aumentar lentamente ata os 1077600 ocupados de 2018. mentres, a análise por sectores de actividade presenta evidentes diferencias: o sector servizos, que ocupa á maior parte da poboación baixa suavemente desde 2010 ata 2013 para pasar a un importante incremento que o leva en 2018 a valores superiores ós iniciais (773300 ocupados en 2018).

A industria, cun pequeno descenso ata 2013, atópase en cantidades próximas ás de partida (172700 en 2010 e 169000 en 2018). A construción, terceiro sector en importancia, sufriu unha importante mingua de efectivos ocupados, desde os 104900 de 2010 (xa daquela afectados pola crise) ós 67300 de 2018. Por último, tanto agricultura, gandería, caza e silvicultura, como pesca e acuicultura, teñan certa tendencia xeral ó descenso, mais con algunhas fluctuacións (posibles erros de mostraxe).




Figura 2.59. Poboación ocupada por sector económico en Galicia, 2010-2018 (en miles).

Xa dentro de cada sector, a análise por sexos, amosa a contribución do traballo feminino e a súa evolución. Temos elaborado un índice de feminización da poboación ocupada (número de mulleres ocupadas por cada 100 homes ocupados) que expresa con facilidade cales son os sectores de actividade nos que as mulleres son maioría e como progresa a proporción. En canto á ocupación total, a proporción de mulleres aumentou desde as 83,26 de 2010 ata as 91,54 de 2018.

Este incremento ten a súa explicación no aumento de participación das mulleres no sector servizos, onde, ademais de ser maioría, pasaron de ser 124,64 por cada 100 homes en 2010 a 130,77 en 2018. mentres, no sector da agricultura, tras un incremento inicial de 2010 a 2012 entraron nun proceso de progresiva redución. Por último, tanto na industria como na construción, producíronse fluctuacións no índice, pero na actualidade están en valores semellantes ós de partida (2010).




Figura 2.60. Índice de feminización da poboación ocupada por sectores económicos en Galicia, 2010-2018 (nº de mulleres por cada 100 homes).

Desde a perspectiva da contribución proporcional de cada sector á ocupación da poboación, vese como entre 2010 e 2018 incrementouse a proporción de ocupados no sector servizos, que pasaron de ser o 67% ó 72%: un 5% de diferenza que foi tomado da construción (redúcese do 9 ó 6%, pesca e acuicultura que se reduce do 2 ó 1% e agricultura, gandería, caza e silvicultura que se reduce do 6 ó 5%.

Sectores de ocupación da poboación en Galicia, 2010




Figura 2.61. Sectores de ocupación da poboación en Galicia, 2010.

Sectores de ocupación da poboación en Galicia, 2018




Figura 2.62. Sectores de ocupación da poboación en Galicia, 2018.

En canto á poboación parada, hai dúas fontes de uso tradicional para aproximarse á realidade: o paro rexistrado a través do *Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE)*, antigo *Instituto Nacional de Empleo (INEM)*, e os demandantes de emprego segundo a EPA. A aproximación a través do SEPE recolle valores inferiores ós da EPA, xa que implica unha actitude máis activa por parte de quen desexa traballar á vez que moita poboación non valora como útil o rexistro nas oficinas do SEPE.

Nos mapas por concellos de paro rexistrado e de demandantes de emprego, ambos de xullo de 2019, queda patente en primeiro lugar a existencia de dúas grandes metades en Galicia, a occidental, cun maior número de parados rexistrados e de demandantes de emprego, e a oriental, con valores máis baixos. Despois débese destacar como son máis os concellos con valores altos (superiores a 1000) de demandantes de emprego que os de parados rexistrados. Así, os concellos con máis de 1000 demandantes de emprego conforman áreas ou agrupacións no sector que se estende desde Pontevedra cara ó sur hasta Tui e Tomiño, desde Ferrol hasta Carballo, en Santiago e a súa área e na ría de Arousa. A estas agrupacións engádense outros illados principalmente do sector oriental de Galicia: Lugo, Sarria, Monforte, Ourense, O Barco, O Carballiño, Verín.




Figura 2.63. Mapa de paro rexistrado por concellos, xullo de 2019.




Figura 2.64. Mapa de demandantes de emprego (EPA) por concellos, xullo de 2019.

Atendendo ó sector de actividade no que se demanda o emprego, a mediados de 2019 o 68% dos demandantes en Galicia facíanlo no sector servizos, seguidos polo 11% da industria, o 7% da construción e o 3% da agricultura. Mentres, o 10% restante correspondía a demandantes sen traballo anteriormente.

Demandantes de emprego (EPA) por sector de actividade en Galicia.
Xullo de 2019.




Figura 2.65. Demandantes de emprego (EPA) por sector de actividade en Galicia, xullo de 2019.

Para o mesmo momento de análise, xullo de 2019, é destacable a desproporción por sexos e idades entre os demandantes de emprego. Son moitas máis as mulleres que demandan emprego fronte ós homes, superándoos en tódolos grupos de idade, agás nos menores de 25 anos.

IDADES	HOMES	MULLERES
>45	49079	65652
25-45	31062	50165
<25	7594	6748
Total	87735	122565

Táboa 2.10. Composición por sexo e grandes grupos de idades dos demandantes de emprego en Galicia en xullo de 2019.

En resumo, os sectores de actividade primarios, e en especial a agricultura, a medida que foron perdendo peso na economía reduciron a súa capacidade de absorber man de obra, que se desprazou ós outros sectores, máis suxeitos a variacións polos ciclos de actividade.

A importante masa de poboación activa galega, está cada vez máis especializada no sector servizos, que gañou inda máis proporción durante a última década, como resultado da crise. En canto ós parados e demandantes de emprego, hai unha concentración dos seus efectivos nas provincias occidentais, de por si máis poboadas, pero nas que a menor participación da agricultura reduce as posibilidades de colocación dos demandantes de emprego, entre os que as mulleres parecen ser os máis prexudicados.



2.6. CONCLUSIÓNS

Tanto a estrutura demográfica de Galicia como o comportamento das variables demográficas permanecen aínda afectado polos intensos procesos migratorios que minoraron notablemente o crecemento real da poboación e, en ferverza, mudou tódalas variables. Hai que lembrar que so entre 1951 e 1970 o saldo migratorio evidencia a perda de 466000 habitantes (Campillo et al., 1993) maiormente en idade produtiva e reprodutiva.

A análise da distribución territorial da natalidade a nivel provincial e municipal confirma a tendencia á concentración da poboación, especialmente a poboación máis nova -en idade fértilnas provincias occidentais e nos concellos litorais e urbanos ou das súas contornas. Pola contra, a distribución da mortalidade é oposta, con maiores taxas nas provincias orientais e nos concellos interiores e máis afastados das áreas urbanas.

En canto ó saldo natural ou crecemento vexetativo, os saldos positivos quedan cada vez máis reducidos ás contornas das cidade de A Coruña, Vigo, Santiago, Pontevedra e Ourense, en concellos que actúan como áreas residenciais da poboación moza que atopa neles residencia a menor prezo.

As variacións de poboación nas últimas décadas evidencian que os procesos de retorno migratorio e de inmigración non son capaces de compensar os balances negativos do crecemento vexetativo, así como que recobra importancia a emigración. No período intercensal 2001-2011, mentres a poboación galega aumentou un 2,29%, a española fíxoo un 14,77%. Pola contra, nos seis anos do intervalo 2011-2017 a poboación galega tivo un descenso conxunto do -3,12%, mentres a poboación española limitaba o seu decrecemento ó -1,31%.

En consecuencia, os problemas demográficos de Galicia correspondentes ó avellentamento da súa estrutura e a falta de renovación dos seus efectivos están lonxe de ter solución. Trátase dunha situación que se ben ofrece, en xeral, oportunidades para a sustentabilidade, pode derivar en desaxustes sociais e económicos, especialmente se non están correctamente previstas e deseñadas as medidas de corrección e mitigación.

Por iso, resulta de interese definir cal é a meta de estabilidade demográfica ideal e o itinerario para alcanzala.



**ESTRUTURA E DINÂMICA
DA POPULAÇÃO
DA REGIÃO NORTE
DE PORTUGAL**



3

ESTRUTURA E DINÂMICA DA POPULAÇÃO DA REGIÃO NORTE DE PORTUGAL

Neste capítulo, relativo à caracterização demográfica da Região Norte de Portugal (RN), começa-se por evidenciar a dimensão da população atual e sua distribuição no território para se analisar, de seguida, a sua evolução no passado recente assim como a sua projeção a médio e longo prazo.

Uma vez que o crescimento (positivo ou negativo) da população depende do seu movimento natural (natalidade e mortalidade) e migratório, aborda-se posteriormente a intensidade e o calendário dos fenómenos natalidade/fecundidade, mortalidade e migração. Mas, a evolução da população depende também da sua estrutura demográfica pelo que se incluiu ainda, neste capítulo, a análise da repartição etária e por sexos dos efetivos populacionais da RN. Finalmente, tem-se em conta a composição sociodemográfica da população, mais concretamente, as suas principais características face ao mercado de trabalho.

As análises mencionadas recaem, numa 1ª fase, sobre a totalidade população da RN e, sempre que se considerou pertinente, incluem uma análise comparativa desta população com os efetivos das demais regiões do país (NUTS II). Numa 2ª fase, este estudo abrange a população em cada uma das NUTS III da RN (Alto Minho, Cávado, Ave, Área Metropolitana do Porto, Alto Tâmega, Tâmega e Sousa, Douro e Terras de Trás-os-Montes) e, numa 3ª fase, sempre que os dados estatísticos disponíveis o permitem, a população de cada uma das cidades do Eixo Atlântico.



3.1. EVOLUÇÃO E DISTRIBUIÇÃO TERRITORIAL DA POPULAÇÃO

Em 2018, a população residente na RN contava com 3 572 583 indivíduos e representava 35% da população residente em Portugal.

	Total		Homens				Mulheres			
	2001	2018	2001	% homens	2018	% homens	2001	% mulheres	2018	% mulheres
Norte	3696333	3572583	1788068	48,37	1686752	47,21	1908265	51,63	1885831	52,79
Alto Minho	250491	230954	117156	46,77	106800	46,24	133335	53,23	124154	53,76
Cávado	395672	403891	191321	48,35	191603	47,44	204351	51,65	212288	52,56
Ave	427557	412669	209392	48,97	196848	47,70	218165	51,03	215821	52,30
Area Metropolitana do Porto	1736891	1722374	837508	48,22	808894	46,96	899383	51,78	913480	53,04
Alto Tâmega	104103	86466	50838	48,83	40631	46,99	53265	51,17	45835	53,01
Tâmega e Sousa	435077	417268	213900	49,16	200625	48,08	221177	50,84	216643	51,92
Douro	219895	191101	106304	48,34	90164	47,18	113591	51,66	100937	52,82
Terras de Trás-os-Montes	126647	107860	61649	48,68	51187	47,46	64998	51,32	56673	52,54

Tabela 3.1. População da Região Norte por NUTS III (2001 e 2018).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

A RN tem vindo a perder efetivos desde 2001, de forma um pouco mais significativa que o conjunto das regiões do país¹. No entanto, numa análise por NUTS III da Região Norte observa-se que, de 2001 a 2018, o Cávado tem uma evolução distinta das demais sub-regiões. Com efeito, no período mencionado, a população do Cávado cresce ligeiramente enquanto decresce em todas as outras sub-regiões do Norte (tabela 3.1).

¹ A taxa de crescimento média anual entre 2001 e 2018 foi de -0,2% para a RN e de -0,07% para Portugal (cálculos da autora).

Numa análise por sexos, constata-se que, em números absolutos, a população masculina diminui em todas as sub-regiões, à exceção do Cávado. Mas, em números relativos, o decréscimo de indivíduos do sexo masculino na população total abrange todas as sub-regiões, incluindo o Cávado. Assiste-se pois a uma feminização da população, tanto na RN como em todas as suas sub-regiões. Em 2018, as mulheres representam 52,79% da população da RN.

O ritmo de decréscimo da população da RN foi particularmente importante na última década (2008-2018). Com efeito, a população registou um crescimento médio anual negativo de -0,38%². A grave crise económico-financeira que atingiu Portugal entre 2008 e 2014 e as medidas de ajustamento impostas pela Troika entre maio de 2011 e junho de 2014 contribuíram para que os saldos naturais e migratórios assumissem valores negativos, na raiz desta evolução demográfica, como veremos mais adiante.

A população decresceu, no entanto a ritmos distintos nas diversas sub-regiões da RN. É sobretudo nas sub-regiões do Alto Tâmega, Terras de Trás-os-Montes e Douro que o ritmo de decréscimo da população é mais importante na última década e, nem mesmo a sub-região do Cávado escapa à evolução descrita (figura 3.1).



Figura 3.1. Taxa de crescimento média anual da população da RN, por NUTS III (2008-2018).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

A redução da população registada na última década abrange a quase totalidade dos municípios da RN. Excetuam-se, com taxas de crescimento médio anual positivas, os municípios de Valongo, Maia e Braga, principalmente (figura 3.2).

² No mesmo período a taxa de crescimento média anual da população de Portugal foi de -0,27% (cálculos da autora).




Figura 3.2. Taxa de crescimento média anual da população da RN, por município (2008-2018).
 Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

Considerando agora as cidades do Eixo Atlântico é possível constatar que a cidade do Porto é a que sofre o ritmo de decréscimo da população mais significativo, na última década. Ao invés, como se referiu, a cidade de Valongo, que também integra a Região Metropolitana do Porto, regista um crescimento positivo, no mesmo período. Esta evolução de Valongo encontra um certo paralelismo na cidade da Maia (figura 3.3). A importância crescente do turismo na cidade do Porto e a pressão que exerce sobre o alojamento local e infraestruturas hoteleiras em termos de procura poderá explicar a redução da população residente na cidade e o aumento da população nas cidades periféricas de Valongo e Maia, onde os preços das habitações são mais acessíveis. Para além das cidades de Valongo e Maia, também Braga regista um crescimento positivo da sua população, nos últimos 10 anos (figura 3.3).




Figura 3.3. Taxa de crescimento médio anual das cidades portuguesas do Eixo Atlântico (2008-2018).
 Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

Mas, recuando mais no tempo, para melhor compreender a tendência de evolução da população das cidades portuguesas do Eixo Atlântico, verifica-se que, globalmente, perdem um pouco mais de 16000 habitantes, entre 2001 e 2018. No entanto, a evolução da população destas cidades é muito díspar. Se a maioria vê a sua população diminuir, 7 das 17 cidades registam um crescimento positivo da população. Trata-se de cidades situadas no litoral, próximo da cidade do Porto e no eixo Braga-Vila Nova de Famalicão (tabela 3.2).

De destacar ainda que, em termos de volume de população, a cidade de Vila Nova de Gaia se mantém no 1º lugar do ranking. Reforça mesmo a sua posição visto que a cidade que se segue, ou seja, a cidade do Porto, perde uma parte importante da sua população entre 2001 e 2018. Braga passa a ocupar a 3ª posição que pertencia a Matosinhos, em 2001. Finalmente, merece ainda destaque o crescimento da população da Maia (tabela 3.2).

	2001		2018
Vila Nova de Gaia	290 553	Vila Nova de Gaia	299 938
Porto	261 132	Porto	215 284
Matosinhos	168 149	Braga	181 919
Braga	166 127	Matosinhos	174 382
Guimarães	159 915	Guimarães	152 792
Santa Maria da Feira	136 555	Santa Maria da Feira	138 525
Vila Nova de Famalicão	128 508	Maia	137 727
Barcelos	122 278	Vila Nova de Famalicão	131 738
Maia	121 699	Barcelos	116 531
Viana do Castelo	88 878	Valongo	96 570
Valongo	86 846	Viana do Castelo	84 636
Vila Real	50 279	Vila Real	49 868
Chaves	43 563	Chaves	39 345
Bragança	34 916	Bragança	33 586
Mirandela	25 719	Mirandela	21 808
Peso da Régua	18 701	Peso da Régua	15 830
Macedo de Cavaleiros	17 361	Macedo de Cavaleiros	14 550

Tabela 3.2. População das cidades portuguesas do Eixo Atlântico (2001 e 2018).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

Mas, esta análise não estaria completa sem ter em conta a superfície do território ocupado pela população. A sua desigual distribuição pelo território determina densidades populacionais muito distintas (figura 3.4).




Figura 3.4. Densidade populacional na RN (2018).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

Em 2018, para além da Área Metropolitana do Porto com 843 hab/km², registam-se densidades populacionais acima da média do país (111,5 hab/km²) na sub-região do Cávado (324,2 hab/km²), Ave (284,7 hab/km²) e Tâmega e Sousa (228,2 hab/km²). Ao invés, Terras de Trás-os-Montes (19,5 hab/km²), Alto Tâmega (29,7 hab/km²) e Douro (47,5 hab/km²) são os territórios de menor densidade populacional (figura 3.5).




Figura 3.5. Densidade populacional nas NUTS III da RN (2018).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

As diferenças entre cidades do Eixo Atlântico, em termos de densidade populacional, são ainda maiores do que entre sub-regiões da RN. A cidade do Porto, apesar de ter registado, na última década, uma redução da sua densidade populacional, distingue-se claramente das demais, apresentando uma densidade superior a 5000 hab/km². Seguem-se-lhe as cidades limítrofes de Matosinhos, Vila Nova de Gaia, Maia e Valongo. As menores densidades, com valores inferiores a 50 hab/km², encontram-se nas cidades da sub-região de Terras de Trás-os-Montes: Bragança, Macedo de Cavaleiros e Mirandela (figura 3.6).




Figura 3.6. Densidade populacional das cidades portuguesas do Eixo Atlântico (2018).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

Vejamos agora quais os cenários de evolução futura da população e sua potencial distribuição no território. De acordo com o INE, a médio e a longo prazo, a população da RN e de Portugal deverá sofrer uma redução de dimensão variável, de acordo com o cenário adotado (figura 3.7).




Figura 3.7. Projeções da população de Portugal e RN – cenários baixo, central e alto (2020-2080).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

Note-se que as projeções oficiais da população, disponíveis apenas por NUTS II e para Portugal, representadas no gráfico anterior, dependem da estrutura da população de partida (estimativas da população de 31 de dezembro de 2015) e das hipóteses de evolução da fecundidade, mortalidade e migrações definidas pelo INE. Estas hipóteses baseiam-se na modelização de tendências passadas (1980-2015) de cada uma destas componentes e na opinião de especialistas (expert judgement) sobre a evolução futura destes fenómenos demográficos³.

Como é habitual neste tipo de exercício de projeção da população, devem os resultados obtidos ser lidos como “se x então y” e não enquanto previsões, como aliás alerta o INE. Por outras palavras, as projeções indicam-nos cenários possíveis, na ausência da intervenção de políticas e de acontecimentos imprevisíveis pelo que, quanto maior o período de projeção, maior prudência deve ser tida na utilização dos resultados.

Em qualquer dos cenários delineados pelo INE, a população de Portugal apresenta uma tendência decrescente. Numa análise comparativa das diferentes regiões de Portugal e no cenário usualmente mais referenciado, ou seja, no cenário central, esta tendência decrescente é particularmente importante na RN do país (figura 3.8). Esta região mantém-se a região mais populosa do país até meados da década de 2050 (INE, 2017)⁴, sendo ultrapassada pela Área Metropolitana de Lisboa, a partir desta data. De acordo ainda com o cenário central, a RN perde aproximadamente 1,5 milhões de habitantes entre 2016 e 2080, ou seja, 42% da população residente a 31 de dezembro de 2015.




Figura 3.8. Projeções da população - cenário central - por NUTS II (2020-2080).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

³ Para mais informações sobre a metodologia adotada nas projeções da população consultar o site do INE.

⁴ INE (2017), Projeções de População Residente – 2015-2080.

Em suma, a população da RN tem registado uma tendência decrescente que, de acordo com o INE, se deverá manter nas próximas décadas. A sua distribuição no território é muito desigual, tendo evoluído no sentido de uma maior concentração nos principais centros urbanos e no litoral.



3.2. NATALIDADE E FECUNDIDADE

Figura 3.39. Desempregados inscritos nos Centros de Emprego da RN por grupos etários (2018).
Fonte: Elaboração própria a partir de dados do INE.

Em suma, o rácio população ativa/população inativa é positivo na RN de Portugal mas o rácio população empregada/população inativa já é inferior à unidade, ou seja, há um pouco mais de um inativo por cada empregado. Os serviços são o mais importante setor de atividade económica da Região, dando trabalho a 60% da população empregada, em 2018. Este setor registou uma tendência crescente na última década, em detrimento da agricultura e pescas que perdeu metade dos seus efetivos (em 2018, o número de mulheres a trabalhar na agricultura é 40% do número daquelas que integrava o setor em 2011 enquanto que o número de homens corresponde a 60% do existente em 2011).

A análise da estrutura etária e por sexos da população desempregada evidencia a preponderância de indivíduos do sexo feminino e de indivíduos com idades próximas do final da carreira profissional.

Os desempregados inscritos nos Centros de Emprego concentram-se na Área Metropolitana do Porto e no eixo Braga-Guimarães mas, se tivermos em conta a dimensão da população residente nos diversos territórios, é no Douro que o rácio desempregados inscritos/população residente é mais elevado e no Cávado que assume o menor valor.



3.8. CONCLUSÕES

Em termos demográficos, a Região Norte de Portugal caracteriza-se por um acentuado decréscimo populacional, particularmente importante na última década. Com efeito, estima-se que, entre 2008 e 2016, a Região tenha perdido 110.000 residentes. De acordo com projeções oficiais da população, esta tendência deve manter-se nas próximas décadas e, caso não sejam tomadas medidas que a contrariem, a Região pode perder aproximadamente 1,5 milhões de habitantes entre 2016 e 2080, ou seja, 42% da população residente a 1 de janeiro de 2016²¹.

Mas, a Região Norte de Portugal não é uma Região homogénea em termos demográficos. O decréscimo da população não é simultâneo nem ocorre ao mesmo ritmo nas diferentes áreas geográficas. Há mesmo territórios, de que são exemplos algumas cidades do Eixo Atlântico, que contrariam esta tendência decrescente de evolução da população. Situam-se no litoral, ao contrário dos territórios que registam as maiores perdas populacionais e que se situam nas regiões do interior. Nas últimas décadas, a evolução da população tem pois reforçado a sua concentração nos centros urbanos do litoral, ao mesmo tempo que tem agudizado a desertificação das regiões do interior. A densidade populacional das sub-regiões (NUTS III) ilustra esta realidade, variando entre <20 hab/km² e >800 hab/km².

A heterogeneidade demográfica da Região Norte de Portugal estende-se à estrutura etária e por sexos da população. Assim, a Região integra territórios com diferentes níveis de envelhecimento e distintos índices de feminização da população que é importante ter em conta nas políticas de desenvolvimento do território.

A evolução da fecundidade é um elemento determinante do crescimento (positivo ou negativo) da população. Este fenómeno demográfico tem registado uma tendência decrescente mas expectável no quadro da 1ª e 2ª transição demográfica a que os territórios não estão imunes. A fecundidade assume na Região Norte valores inferiores à média do país tendo registado mínimos em 2013 e 2014, em consequência da crise económico-financeira de 2008. Em 2018, a fecundidade não tinha ainda “recuperado” do declínio registado durante os anos de crise, em algumas das NUTS III: Alto Tâmega, Tâmega e Sousa e Douro. As restantes sub-regiões retomaram ou ultrapassaram mesmo, ainda que ligeiramente, os níveis de fecundidade que detinham antes da crise mas esta evolução pode corresponder apenas a uma recuperação de nascimentos adiados, ao invés de um aumento da intensidade da fecundidade.

²¹ INE (2017), *Projeções de População Residente – 2015-2080*, Lisboa (nota: referência ao cenário central).

A mortalidade é uma outra determinante da evolução da população em termos numéricos e de estrutura demográfica, afetando também o seu ritmo de envelhecimento. A Região Norte regista a mais elevada esperança de vida no conjunto das NUTS II portuguesas, tendo ganho 1,5 anos de vida em menos de uma década (entre 2008-2010 e 2016-2018). Esta situação é resultado de condições de vida favoráveis mas tem um revés visto traduzir-se num ritmo de envelhecimento da população mais célere.

A evolução da natalidade e da mortalidade na Região Norte determinou saldos naturais negativos desde 2010, ou seja, um número de óbitos superior ao número de nascimentos. No entanto, mais uma vez, a Região Norte não é um território homogéneo e, por exemplo, algumas cidades do Eixo Atlântico apresentam saldos naturais positivos.

Os movimentos migratórios que atingiram grandes proporções nos últimos anos da crise, com a saída do país de muitos jovens, vieram acelerar o processo de envelhecimento da população, pondo também em causa o equilíbrio numérico entre ativos e inativos. Atualmente, há pouco mais do que um ativo por cada inativo na Região mas pouco mais do que um indivíduo sem atividade profissional por cada indivíduo empregado. A população empregada tem ganho importância no setor dos Serviços que emprega 60% dos trabalhadores, em 2018. Ao invés, a agricultura perdeu metade dos seus efetivos na última década, sobretudo do sexo feminino. Já a população desempregada conta com a predominância de indivíduos do sexo feminino e de indivíduos com idades próximas do final da carreira profissional.

As análises anteriores apontam para a necessidade de assegurar a sustentabilidade demográfica e económica da Região Norte através do recurso a medidas multidimensionais que não se restrinjam às migrações mas contemplem também incentivos à natalidade, nomeadamente. A heterogeneidade demográfica da Região recomenda a adoção de políticas regionais específicas que tenham em conta as características das populações e sejam capazes de responder às necessidades de recursos humanos ditadas pela economia.



**A POBOACIÓN DA
EUROREXIÓN**



4

A POBOACIÓN DA EUORREXIÓN



4.1. AS VARIABLES DEMOGRÁFICAS NA ESCALA EUORREXIONAL

A análise conxunta da eurorrexión permite sopesar o papel da mesma respecto de España e Portugal.

En 2018 a eurorrexión conformada por Galicia e o Norte de Portugal sumaba 6277948 habitantes (2996834 homes e 3287710 mulleres) irregularmente distribuídos nos 50860,7 km² de superficie eurorrexional.

En canto á contribución de un e outro lado da raia, Galicia achega o 43,04% da poboación e o 58,15% da superficie, mentres Portugal contribúe cos restantes 56,96% da poboación e o 41,85% da superficie.

As densidades demográficas son de 123,4 hab/km² na eurorrexión, 91,4 hab/km² en Galicia e 168,0 hab/km² no Norte de Portugal. Hai que destacar que o conxunto ten unha densidade superior á dos países nos que se integra, pois a densidade en España en 2018 era de 92,3 hab/km² e en Portugal de 111,5 hab/km². Vese así que a densidade galega está na media da española mentres a no norportuguesa é sensiblemente superior á portuguesa.

Comparando as distintas NUTS-3, tal como recolleemos na figura, vense grandes diferencias entre unhas e outras, destacando o continxente da Área Metropolitana do Porto con 1719702 habitantes, seguida polos 1119351 habitantes da provincia de A Coruña. Pola contra, Alto Tâmega e Terras de Trás-os-Montes fan as menores achegas demográficas de efectivos.




Figura 4.1. Poboación nas NUTS-3 en 2018.

No caso das densidades, ó tratarse as NUTS-3 portuguesas de espazos territoriais menos extensos, amosan mellor as diferentes densidades do Norte de Portugal. Neste caso, a Área Metropolitana do Porto con 842,5 hab/km² é, por moito, a máis densamente poboada, seguida pola rexión do Cávado con 324,3 hab/km² e pola do Ave con 285,4 hab/km². No caso de Galicia, ó tratarse de provincias relativamente extensas, nas que mesmo as litorais teñen importantes superficies interiores, so a menor delas, Pontevedra con 209,4 hab/km² e a de A Coruña con 141,1 hab/km² polo peso dos seus importes efectivos, están por riba da media da eurorrexión, situada en 123,4 hab/km².




Figura 4.2. Densidade de poboación, 2018.

Resulta moi destacable o comportamento do movemento natural da eurorrexión respecto de España e Portugal. Analizando a natalidade e mortalidade en 2017, vese que a taxa bruta da eurorrexión, de 7,23 nacementos por cada 1000 habitantes é inferior ás de España e Portugal, moi semellantes entre si, con 8,41 ‰ e 8,4 ‰ respectivamente. Internamente, vese que Galicia ten un valor sensiblemente máis baixo con so 6,81 ‰, mentres o Norte de Portugal chegaba ó 7,7 ‰.

Pola súa parte, a mortalidade mostra un comportamento contrario, mais coherente co comportamento das diferentes estruturas de idade. A taxa bruta de mortalidade da eurorrexión é de 10,41 falecidos por cada 1000 habitantes, superior ós 9,07 ‰ de España e inferior ós 10,7 ‰ de Portugal. Sen embargo, a taxa en Galicia alcanza o 11,81 ‰ (cinco puntos superiores á da natalidade), mentres que no Norte de Portugal é do 9,6 ‰. Disto dedúcese unha balance ou crecemento vexetativo negativo de -3,18 ‰ para a eurorrexión, se ben moito máis acusado en Galicia que no Norte de Portugal.

Por NUTS-3, a natalidade máis baixa corresponde á provincia de Ourense (5,51 ‰) e ó Ato Tâmega (5,7 ‰), mentres que a máis alta foi a do Cávado (8,3 ‰) e Área Metropolitana do Porto (8,2 ‰). Mentres, a mortalidade máis alta foi para as provincias de Lugo (15,56 ‰) e Ourense (15,12 ‰) e a máis baixa para o Cávado (7,7 ‰) e o Ave (8,4 ‰).

	Nacementos / Nados-Vivos	Homes / Homens	Mulleres / Mulheres	Fora do casamento	Defuncións / Óbitos	Homes / Homens	Mulleres / Mulheres	Con menos dun ano / Com menos de um ano	Matrimonios / Casamentos	Taxa bruta de natalidade (tanto por mil / Permilagem)	Taxa bruta de mortalidade (tanto por mil / Permilagem)
ESPAÑA	393181	202478	190703	183720	424523	214236	210287	1092	173626	8,41	9,07
Galicia	18445	9471	8974	9008	31962	15857	16105	41	9287	6,81	11,81
A Coruña	7745	3958	3787	3579	12657	6272	6385	19	4122	6,91	11,28
Lugo	2082	1034	1048	1049	5174	2570	2604	1	1067	6,26	15,56
Ourense	1709	881	828	907	4693	2331	2362	3	832	5,51	15,12
Pontevedra	6909	3598	3311	3473	9438	4684	4754	18	3266	7,33	10,02
PORTUGAL	86154	44072	42082	47315	109758	55088	54670	229	33634	8,4	10,7
Norte (NUTS-2013)	27534	14121	13413	12748	34283	17400	16883	54	12142	7,7	9,6
Alto Minho	1454	749	705	648	2953	1425	1528	5	761	6,2	12,7
Cávado	3340	1733	1607	1236	3115	1587	1528	5	1508	8,3	7,7
Ave	3217	1663	1554	1222	3499	1836	1663	4	1181	7,8	8,4
Área Metrop. do Porto	14014	7179	6835	7255	15695	7885	7810	31	5887	8,2	9,1
Alto Tâmega	501	249	252	231	1310	698	612	0	294	5,7	15
Tâmega e Sousa	3149	1616	1533	1205	3611	1878	1733	7	1600	7,5	8,6
Douro	1169	588	581	563	2435	1242	1193	2	613	6,1	12,6
Terras de Trás-os-Montes	690	344	346	388	1665	849	816	0	298	6,3	15,3
Eurorrexión	45979	23592	22387	21756	66245	33257	32988	95	21429	7,23	10,41

Táboa 4.1. Movemento natural da poboación. Ano 2017.

Fonte: IGE-INE. Movemento natural da poboación. INE, I.P., Estatísticas Demográficas e Estimativas Provisórias da População Residente

Desde unha perspectiva máis sociolóxica, compre destacar que un 47,3% dos nacementos aparecen rexistrados como extramatrimoniais, un 48,8% en Galicia (46,7% en España) e un 46,3% no Norte de Portugal (54,9% en Portugal), datos que amosan certa confluencia a ambos lados da raia para o que Galicia supera a media española e o Norte de Portugal mantense por baixo da portuguesa.

Respecto da tendencia da natalidade na eurorrexión nos últimos anos (2015-2017), aumentou en 2016 respecto de 2015, pero diminuíu en 2017, mesmo por baixo do primeiro ano. Nas tendencias xerais, foi unha evolución semellante á do conxunto portugués, inda que para este país e para a rexión Norte de Portugal a redución en 2017 non foi tan acusada. Mentres, en Galicia a redución da natalidade foi continua en paralelo á caída da mesma no conxunto español. Por NUTS-3, as únicas que se diferencian da dinámica xeral son o Alto Tâmega e Terras de Trás-os-Montes que manteñen un incremento continuo dos nacementos.

	2015			2016			2017		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
ESPAÑA	420290	216496	203794	410583	211087	199496	393181	202478	190703
Galicia	19427	10032	9395	19062	9773	9289	18445	9471	8974
A Coruña	8386	4309	4077	8339	4244	4095	7745	3958	3787
Lugo	2174	1129	1045	2101	1048	1053	2082	1034	1048
Ourense	1835	941	894	1781	942	839	1709	881	828
Pontevedra	7032	3653	3379	6841	3539	3302	6909	3598	3311
PORTUGAL	85500	43685	41815	87126	44789	42337	86154	44072	42082
Norte (NUTS-2013)	27249	13908	13341	28073	14411	13662	27534	14121	13413
Alto Minho	1576	832	744	1587	800	787	1454	749	705
Cávado	3219	1634	1585	3360	1716	1644	3340	1733	1607
Ave	3160	1612	1548	3225	1640	1585	3217	1663	1554
Área Metrop. do Porto	13880	7021	6859	14271	7387	6884	14014	7179	6835
Alto Tâmega	454	244	210	490	271	219	501	249	252
Tâmega e Sousa	3113	1619	1494	3260	1669	1591	3149	1616	1533
Douro	1207	609	598	1233	617	616	1169	588	581
Terras de Trás-os-Montes	640	337	303	647	311	336	690	344	346
Eurorrexión / Eurorregião	46676	23940	22736	47135	24184	22951	45979	23592	22387

Táboa 4.2. Evolución da natalidade, 2015-2017.
Fonte: IGE-INE. Movemento natural da poboación. INE, I.P., Estatísticas Demográficas.

O índice sintético de fecundidade que, como xa temos explicitado, expresa o número medio de fillos por muller, non está elaborado para o conxunto da eurorrexión, mais está dipoñible nas NUTS-3 que a conforman. Como se pode observar no gráfico axunto. Tódalas NUTS-3 dan valores en 2016 e 2017 comprendidos entre 1 e 1,4, lonxe pois da taxa de reposición (habitualmente considerada 2,1). Os valores máis baixos son os de Ourense, seguidos polo Alto Tâmega en 2016 e por Douro e Alto Minho en 2017. Pola contra, os valores máis altos son os da Área Metropolitana de Porto.




Figura 4.3. Índice sintético de fecundidade (número medio de fillos por muller), 2016 e 2017.

O fenómeno da baixa fecundidade está a vir acompañado doutro feito destacable, que é o retraso na idade da nai primípara. Como se ve na gráfica axunta, correspondente ás NUTS-3 en 2016 e 2017, a idade é sensiblemente superior en Galicia que no norte de Portugal, fenómeno homoxéneo ademais no seu reparto territorial pois as catro provincias galegas son as de valores máis altos (en torno a 31,5 anos) mentres no Norte de Portugal os valores están arredor de 30, e no caso do Tâmega e Sousa mesmo en 29 anos.




Figura 4.4. Idade media da nai ao primeiro fillo, 2016 e 2017.

A mortalidade da eurorrexión no período 2015 a 2017 aumenta, pasando de 65230 falecidos en 2015 a 66245 en 2017. A evolución por sexos é paralela. Mentres en Galicia e nas súas NUTS-3, vese o mesmo incremento, no Norte de Portugal aumenta, mais non en tódolos espazos que o compoñen, pois en Terras de Trás-os-Montes e en Douro a mortalidade diminúe.

	2015			2016			2017		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
ESPAÑA	422568	213309	209259	410611	208993	201618	424523	214236	210287
Galicia	31688	15792	15896	31757	15940	15817	31962	15857	16105
A Coruña	12601	6365	6236	12575	6404	6171	12657	6272	6385
Lugo	5126	2600	2526	5194	2582	2612	5174	2570	2604
Ourense	4672	2359	2313	4666	2293	2373	4693	2331	2362
Pontevedra	9289	4468	4821	9322	4661	4661	9438	4684	4754
PORTUGAL	108539	54175	54364	110573	55626	54947	109758	55088	54670
Norte (NUTS-2013)	33542	16807	16735	34043	17157	16886	34283	17400	16883
Alto Minho	2894	1374	1520	2939	1357	1582	2953	1425	1528
Cávado	3069	1554	1515	3046	1550	1496	3115	1587	1528
Ave	3363	1679	1684	3305	1690	1615	3499	1836	1663
Área Metrop. do Porto	15245	7645	7600	15662	7820	7842	15695	7885	7810
Alto Tâmega	1272	650	622	1403	761	642	1310	698	612
Tâmega e Sousa	3437	1778	1659	3440	1817	1623	3611	1878	1733
Douro	2534	1226	1308	2617	1316	1301	2435	1242	1193
Terras de Trás-os-Montes	1728	901	827	1631	846	785	1665	849	816
Eurorrexión / Eurorregião	65230	32599	32631	65800	33097	32703	66245	33257	32988

Táboa 4.3. Evolución da mortalidade por sexo na eurorrexión, 2015-2017.
Fonte: IGE-INE. Movemento natural da poboación. INE, I.P., Estatísticas Demográfica

A estrutura da poboación por grandes grupos de idade ofrece unha imaxe rápida do grao de avellentamento da poboación, da relación entre grandes grupos, como os porcentaxes de maiores de 65 fronte ós menores de 15, etc. No caso da eurorrexión, os menores de 15 anos son unha proporción baixa, 12,58%, e os de 65 ou máis anos son unha porcentaxe alta, 22,13, especialmente se o comparamos cos valores de conxunto de España e Portugal. O reparto por grupos de idade en Galicia e Norte de Portugal amosa un maior avellentamento da poboación galega, que alcanza o 24,91% para os de 65 ou máis anos, mentres no Norte de Portugal queda no 20,02%.

Respecto do grupo de maior idade nas NUTS-3, as de maior porcentaxe son as provincia de Lugo e Ourense en Galicia, co 31,16% e 28,92% respectivamente, e as de Alto Tâmega e Terras de Trás-os-Montes con 29,98% e 29,71% respectivamente. Respecto das menores porcentaxes para o grupo de maior idade (65 ou máis anos) corresponde ó Norte de Portugal, onde Tamega e Sousa, Cávado e Ave, rexistran 16,35%, 17,01% e 17,59%.

Poboación por grupos de idade, 2018. Eurorexión.





Figura 4.5. Poboación por grupos de idade, 2018. Eurorexión.

Poboación por grupos de idade, 2018. España



Poboación por grupos de idade, 2018. Portugal




Figura 4.6. Poboación por grupos de idade, 2018. España e Portugal.

Poboación por grupos de idade, 2018. Galicia



Poboación por grupos de idade, 2018. Norte (NUTS-2013)



Figura 4.7. Poboación por grupos de idade, 2018. Galicia e Norte de Portugal.

Por outra parte, o grupo de idade de 25 a 64 anos, correspondente ó principal contínxente laboral, supón un 55,46% da poboación da eurorrexión. Os valores por NUTS-3 oscilan entre o 50,65% de Alto Tâmega e o 57,43% do Ave.




Figura 4.8. Porcentaxes de poboación por grupos de idades, 2018.

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. INE, I.P., Estatísticas Demográficas, Estimativas Provisórias da População Residente.

O índice de envelhecimento, calculado como a porcentaxe das persoas de 65 ou máis anos respecto das menores de 15 anos, polo xeral con valores inferiores a 100 para as poboacións ben estruturadas, alcanza na eurorrexión o valor de 175,83%, agochando no seu interior valores de altísimo envelhecimento, como os 314,12% de Ourense e o 308,56 do Alto Tâmega.




Figura 4.9. Índice de envelhecimento, 2018.



4.2. CONCLUSIÓNS

As densidades demográficas da eurorrexión, de nivel medio-alto nunha escala europea, son resultado da contribución da poboación máis numerosa do Norte de Portugal: mentres a densidade galega está na media da española a norportuguesa é sensiblemente superior á portuguesa.

Obsérvanse grandes diferencias de densidades entre unhas e outras NUTS 3, destacando o continxente da Área Metropolitana do Porto con 1719702 habitantes.

O índice sintético de fecundidade que expresa o número medio de fillos por muller, indica para tódalas NUTS 3 da eurorrexión en 2016 e 2017 valores comprendidos entre 1 e 1,4, lonxe da taxa de reposición (habitualmente considerada 2,1).



**A INCIDENCIA DOS
CAMBIOS DEMOGRÁFICOS
NAS CIFRAS ECONÓMICAS
DA EUORREXIÓN**


5

A INCIDENCIA DOS CAMBIOS DEMOGRÁFICOS NAS CIFRAS ECONÓMICAS DA EURORREXIÓN

Un dos maiores retos aos que se enfrontan ás sociedades actuais, e especialmente as dos países máis desenvolvidos, é a de facer fronte ás consecuencias que están a causar os profundos cambios demográficos que están sufrindo; cumpríndose así as previsións sinaladas por demógrafos como Sauvy fai xa máis de medio século, que sinalaban a adaptación ao cambio demográfico como un dós aspectos crave que aquelas deberían de afrontar.

A interacción conxunta dos factores socioeconómicos que causaron a primeira gran transición demográfica (na que primaron factores socioeconómicos e o proceso de modernización como os elementos clave que explicaban o descenso da mortalidade e da fecundidade) cos da segunda (cambio de valores, novas pautas familiares e incidencia da migración), teñen creado unha situación de case “tormenta perfecta” no eido demográfico á que se enfrontan as sociedades máis desenvolvidas, e que estaría caracterizada pola diminución da poboación.

Este proceso presenta aspectos relativamente novidosos xa que ten adquirido un carácter estrutural, ao ir acompañada de un envellecemento poboacional, que non tiñan nin as crises demográficas anteriores causadas por fames, epidemias ou guerras (que non ensanchaban a cima da pirámide de poboación se non todo o contrario) nin os fenómenos de emigración da década dos 60, onde unha gran parte da poboación infantil e xuvenil quedaba no seu territorio de orixe.

Como xa temos indicado, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal non é allea a esta realidade se non que, xusto o contrario, nela adquire unha especial intensidade o que fai que a busca de solucións sexa especialmente relevante, como tamén o é a celeridade na implantación de medidas correctoras.

Neste marco xeral, as páxinas seguintes conteñen unha aproximación ao impacto da situación demográfica na realidade socioeconómica dos territorios do Eixo Atlántico. Unha análise, o das relacións entre demografía e economía, que remóntanse xa ao século XVIII cando Malthus prognosticaba a ameaza que supuña para a riqueza per cápita o aumento continuo da poboación (predición que, como tantas outras fatalistas, non se cumpriu co avance do tempo).

A década dos anos 60, do século pasado, marcou un impase da situación a partir do esborralle da taxa de fecundidade global que, en termos mundiais pasou dun índice entre 5 e 6 antes de 1950, ao 3 no ano 2000, proxectándose que se sitúe arredor de 2,2 para 2050. Esta evolución da taxa de fecundidade produciu unha vez máis o freo na taxa de crecemento da poboación mundial, que mantén cifras positivas debido a unha esperanza maior de vida e, consecuentemente, un aumento permanente e significativo na proporción da poboación de 65 anos ou máis anos de xeito que esta aumentou dende o 5 por cen en 1950 ata máis do 8 por cen no 2000, e espérase que se duplique ata chegar a cifras ao redor do 15 por cento para 2050; cambios todos eles que supoñen importantes implicacións tanto a nivel macro como macroeconómico. Na táboa 5.1 recóllense como se concreta esta realidade en cifras no caso de Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

	Ev. 2018/2008	Ev. 2018/1998
UNIÓN EUROPEA	2,42%	5,45%
ESPAÑA	2,17%	16,23%
Galicia	-1,87%	-0,34%
A Coruña	-0,64%	2,20%
Lugo	-6,00%	-9,97%
Ourense	-7,06%	-10,31%
Pontevedra	0,02%	4,31%
PORTUGAL	-2,49%	1,55%
Norte Portugal	-3,86%	-0,89%
Alto Minho	-6,57%	-6,13%
Cávado	-1,09%	6,75%
Ave	-3,70%	-0,17%
Área Metrop. do Porto	-2,53%	1,94%
Alto Tâmega	-11,40%	-17,69%
Tâmega e Sousa	-4,26%	-1,17%
Douro	-9,24%	-14,13%
Terras de Trás-os-Montes	-10,53%	-15,11%
EURORREXIÓN	-3,01%	-0,66%

Táboa 5.1. Evolución Poboación NUTS 3 Eurorrexión Galicia-Norte Portugal.
Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos Eurostat (Poboación a 1 Xaneiro 2018).

Dos datos de Eurostat dedúcese que a poboación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal sufriu un decrecemento de mais de tres puntos en só 10 anos. Cunha estrutura poboacional marcada por un progresivo e significativo envellecemento, tal e como quedou reflectido nos datos dos apartados deste traballo dedicados a analizar a evolución da estrutura demográfica en Galicia e no Norte de Portugal.

As análises teóricas que estudan ás relacións entre o envellecemento demográfico e os aspectos macro da economía céntranse frecuentemente en construír unha visión de arriba a abaixo a partir de dous grandes campos de análise: a sustentabilidade económica das políticas de protección social do envellecemento e os seus efectos no ciclo aforro-inversión. Fronte a esa posibilidade, asumindo que sería imposible nun traballo xeneralista como este abordar todos os aspectos nos que demografía e economía interaccionan, neste apartado analizaremos as principais conexións existentes entre elas dende unha perspectiva de abaixo a arriba.

Para iso, partindo da evolución das cifras demográficas, observaremos os efectos delas no mercado de traballo e analizaremos a súa incidencia nos procesos de creación riqueza e valor engadido e nas consecuencias dos distintos niveis de ocupación do territorio, tendo sempre presente que movémonos en espazos fronteirizos onde mestúranse sempre un numeroso conxunto de forzas complementarias e substitutivas o que aconsella evitar tentar debuxar conclusións definitivas e en ámbitos de certeza dun xeito simplista.



5.1. DEMOGRAFÍA E MERCADO DE TRABALLO

A estrutura demográfica dunha poboación, xunto con outros factores (entre os que se atopan o grao de competitividade nos sectores de maior valor engadido, a inversión en I+D ou o nivel de formación do capital humano e a súa incidencia na capacidade de absorber e implantar as novas tecnoloxías e de aproveitar, con elas, as oportunidades que hoxe en día ofrecen procesos fundamente transformadores derivados da incidencia do cambio dixital), incide dunha forma clara no mercado de traballo.

Tal e como se deduce dos datos proporcionados por Eurostat, a partir das correspondentes enquisas de poboación activa estatais, recollidos nos gráficos 5.1, 5.2 e 5.3 e na Táboa 5.1, o crecemento da poboación activa feminina tanto Galicia como no Norte de Portugal non son quen de compensar a perda que experimente a poboación activa masculina nos dous territorios.




Figura 5.1. Poboación Activa Total.
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (nº Traballadores en miles).




Figura 5.2. Poboación Activa Mulleres.
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (en miles).




Figura 5.3. Poboación Activa Homes.
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (en miles).

Polo que se refire a estrutura por idades da poboación activa da Eurorrexion, esta ten mudado significativamente nos últimos 20 anos evolucionando en liña co envellecemento da poboación (figura 5.4), dun xeito tal que a porcentaxe de poboación activa entre os 15 e os 34 anos no ano 2019 supón mais de 15 puntos menos que a que supuña no ano 2000 e, pola contra, a poboación activa de mais de 45 anos ten gañado mais de 13,7 puntos no mesmo período.




Figura 5.4. % Poboación activa da Eurorrexión por franxas de idade.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (en miles).

Desta forma no último decenio a Eurorrexión ten visto como a súa poboación activa en conxunto diminuíu un 5,16% (diminución que no caso do conxunto de Galicia sitúase no 5,46% e no 4,94% para o conxunto do Norte de Portugal), un decrecemento maior que o experimentado pola poboación activa dos estados español (-1,32%) e portugués (-4,36%) e moi lonxe do crecemento experimentado para o conxunto da Unión Europea (+2,16%) (ver táboa 5.2).

	Total Pob.	Mulleres	Homes
Unión Europea	2,16%	4,80%	-0,01%
España	-1,32%	6,43%	-7,20%
Galicia	-5,46%	0,51%	-9,09%
Portugal	-4,36%	0,18%	-8,47%
Norte Portugal	-4,94%	0,40%	-9,64%
EURORREXIÓN	-5,16%	1,01%	-10,40%
Galicia + Portugal	-4,58%	0,51%	-9,09%

Táboa 5.2. Evolución Poboación Activa (2018-2008).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

A pesar de ter experimentado un crecemento de 1,25 puntos no último decenio (case 2 puntos por baixo do crecemento experimentado pola taxa de actividade da Unión Europea no mesmo período), a evolución da taxa de actividade no grupo de idade entre 15 e 64 anos (recollida na táboa 5.3) sitúa dita taxa na Eurorrexión aínda case un punto por baixo (-0,8%) da do conxunto de España+Portugal.

	Taxa Actividade 15-64 (2018)	Dif. Taxa Actividade (2018-2008)
Unión Europea	73,7%	3,05%
España	73,7%	1,00%
Galicia	72,3%	1,52%
Portugal	75,1%	1,19%
Norte Portugal	73,8%	1,05%
EURORREXIÓN	73,2%	1,25%
Portugal + España	74,0%	1,03%

Táboa 5.3. Taxa de Actividade.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Por xéneros, a taxa de actividade dos homes, tanto no caso da Eurorrexión como no de Galicia e no do Norte de Portugal, segue a situarse significativamente por riba da das mulleres (+6,2%, + 6,7% e +5,5% respectivamente) a pesar de ter experimentado no último decenio una evolución significativamente mellor esta última (Táboa 5.4). Esta diferenza entre as taxas de actividade de homes e mulleres segue en calquera en caso a ser inferior á dos seus territorios de referencia, no caso de España+Portugal o diferencial é de case 3,5 puntos menos, 4,3 puntos menos se o comparamos co diferenza da Unión Europea.

	Homes Taxa Actividade 15-64 (2018)	Mulleres Taxa Actividade 15-64 (2018)	Dif. Taxa Actividade Mulleres - Homes
Unión Europea	79,2%	68,2%	-10,95%
España	78,8%	68,6%	-10,21%
Galicia	75,1%	69,6%	-5,49%
Portugal	78,1%	72,4%	-5,73%
Norte Portugal	77,3%	70,6%	-6,68%
EURORREXIÓN	76,4%	70,2%	-6,16%
Portugal + España	78,7%	69,3%	-9,40%

Táboa 5.4. Taxa de Actividade por xénero.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

	Homes	Mulleres
Unión Europea	1,41%	4,64%
España	-2,79%	5,02%
Galicia	-3,36%	6,36%
Portugal	-1,15%	3,51%
Norte Portugal	-1,72%	3,80%
EURORREXIÓN	-2,42%	4,87%
Portugal + España	-2,49%	4,72%

Táboa 5.5. Evolución Taxa de Actividade (2008-2018)
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

O porcentaxe de poboación activa nacida no estranxeiro no conxunto da Eurorrexión, ten crecido 1,07 puntos no último decenio para os nacidos en países da Unión Europea e algo mais de medio punto (+0,61%) no caso dos estranxeiros nacidos en países que non forman parte da UE. De tal xeito que no ano 2018 algo mais do 8% da poboación activa da Eurorrexión non tiña nacido no país no que estaba a traballar (España no caso de Galicia e Portugal no caso da Rexión do Norte de Portugal), resultando destacable a porcentaxe de poboación activa galega constituída por estranxeiros nacidos fora da Unión Europea que se sitúa cerca do 8% do total (mais de 5 puntos por riba da do Norte de Portugal), cifra onde sen dúbida estase a notar a pegada da emigración galega en América do Sur.




Figura 5.6. Porcentaxe poboación activa de máis de 15 anos en función do país de nacemento.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (ano 2018).

As significativas diferencias entres as taxa de actividade dos nados no estranxeiro e no país no que están a traballar (recollida nos datos da Figura 5.7), reflicte ben as claras a diferente estrutura dos distintos grupos demográficos destacando a alta taxa de actividade dos estranxeiros nados na Unión Europea no caso da rexión do Norte de Portugal, que se sitúa por riba do 80%.




Figura 5.7. Taxa de Actividade da poboación de mais de 15 anos en función do seu país de nacemento (ano 2018).
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

O descenso da poboación activa na Eurorexión tense traducido nun decrecemento aínda maior da poboación ocupada, tanto para o seu conxunto como no caso particularizado de Galicia e do Norte de Portugal, situándose, o número de persoas empregadas en 2.688.900 persoas para a Eurorexión, 1.652.200 persoas no Norte de Portugal e 1.063.700 persoas en Galicia (gráficos 5.8, 5.9 e 5.10).




Figura 5.8. Poboación Ocupada Total.
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.




Figura 5.9. Poboación Ocupada Mulleres.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.




Figura 5.10. Poboación Ocupada Homes.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Desta forma o número de persoas ocupadas en Galicia no ano 2018 diminuíu significativamente en comparación coa evolución de España+Portugal (cunha evolución 1,3 puntos peor) e da Unión Europea (cunha evolución de case 9 puntos máis negativa), tal e como reflicten os gráficos da Táboa 5.5.

	Total Pob.	Mulleres	Homes
Unión Europea	2,34%	5,30%	-0,06%
España	-5,81%	1,26%	-11,01%
Galicia	-10,38%	-2,87%	-16,31%
Portugal	-3,57%	2,00%	-8,48%
Norte Portugal	-3,34%	3,22%	-8,95%
EURORREXIÓN	-6,25%	0,77%	-12,06%
España + Portugal	-4,92%	1,08%	-10,10%

Táboa 5.5. Evolución Poboación Ocupada (2018-2008).
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

O efecto da evolución da estrutura demográfica fai que con estas cifras de ocupados a taxa de ocupación para as persoas de 15 a 64 anos (táboa 5.6) sitúese no caso da Eurorexión no 65,9% (2,2 puntos por riba da do conxunto de España+Portugal), 62,6% no caso de Galicia (0,3 décimas por riba da de España) e no 68,3% no caso do Norte de Portugal (1,4 puntos menos que a taxa de ocupación do conxunto do estado portugués).

	Taxa Ocupación total (2018)	Dif. Taxa Ocupación total (2008-2018)	Homes Taxa Ocupación (2018)	Mulleres Taxa Ocupación (2018)	Dif. Taxa Ocupación Mulleres-Homes
Unión Europea	68,56%	2,95%	79,2%	68,2%	-10,95%
España	62,39%	-2,09%	78,8%	68,6%	-10,21%
Galicia	62,59%	-2,05%	75,1%	69,6%	-5,49%
Portugal	69,68%	1,67%	78,1%	72,4%	-5,73%
Norte Portugal	68,27%	2,09%	77,3%	70,6%	-6,68%
EURORREXIÓN	65,90%	0,37%	76,4%	70,2%	-6,16%
España + Portugal	63,69%	-1,44%	78,7%	69,3%	-9,40%

Táboa 5.6. Taxa de Ocupación 15-64 anos.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Por xéneros séguese a notar unha menor taxa de ocupación das mulleres tanto para o conxunto da Eurorexión como para Galicia e Portugal, se ben o diferencial da taxa de ocupación entre mulleres e homes na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal é significativamente inferior ao de España + Portugal e o de Galicia inferior ao diferencial no estado español, sendo solo o diferencial das taxas de emprego entre mulleres e homes superior á do conxunto de Portugal, sendo nos tres casos significativamente inferior á Europea.

A evolución demográfica nótase tamén cando se analiza a taxa de cobertura da poboación empregada sobre a poboación total para o grupo de idade de mais de 15 anos (táboa 5.7), onde pouco mais de 1 de cada 2 habitantes están empregados para o conxunto da poboación na Eurorexión (cifra que non se alcanza no caso de Galicia).

	Taxa Ocupación total (2018)	Dif. Taxa Ocupación total (2008-2018)
Unión Europea	54,06%	0,70%
España	49,08%	-3,60%
Galicia	45,67%	-3,90%
Portugal	54,98%	-2,37%
Norte Portugal	54,76%	-2,23%
EUORREXIÓN	50,83%	-2,91%
España + Portugal	50,17%	-3,39%

Táboa 5.7. Taxa de Ocupación + 15 anos.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Ao igual que sucedía coa poboación activa, a estrutura da poboación ocupada da Eurorexión por franxa de idades ten mudado nos últimos 20 anos reflectindo o envellecemento da poboación (figura 5.11) A porcentaxe de poboación ocupada entre os 15 e os 34 anos no ano 2018 supón 15,8 puntos menos que o que supuña no ano 2000, e pola contra a poboación ocupada de mais de 45 anos, no mesmo período, ten gañado 13,7 puntos.




Figura 5.11. Porcentaxe poboación ocupada da Eurorexión por franxas de idade.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (en miles).

O peso no emprego das persoas nacidas fora do país no que están a traballar, ten crecido 1,2 puntos na última década, se ben aínda non consegue converter en empregabilidade a súa representatividade no conxunto da poboación activa, aínda que no caso da rexión Norte de Portugal aproxímase significativamente.




Figura 5.12. Porcentaxe poboación ocupada de mais de 15 anos en función do país de nacemento (ano 2018).
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

As diferencias entre as taxas de ocupación dos estranxeiros entre 15 e 64 anos segundo teñan ou non nacido na Unión Europea resultan significativas, especialmente no caso do Norte de Portugal, onde a taxa dos nacidos nun país na UE sitúase máis de doce puntos por riba dos estranxeiros non europeos, aspecto no que sen dúbida ten que ver o diferencial de formación tal e como se deduce de que as taxas de ocupación de ámbolos dous grupos son moi similares cando os analizamos para similares niveis de educación.




Figura 5.13. Taxa de ocupación da poboación entre 15 e 64 anos en función do seu país de nacemento (ano 2018).
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

A diferente estrutura de idade da poboación nacida na Eurorrexión fronte a inmigrante obsérvase dunha forma clara nos diferenciais das taxas de ocupación das poboacións por lugar de nacemento en función de que estas se calculen entre a poboación de mais de 15 anos ou entre 15 e 64 anos (recollidos na figura 5.8), que amosan como a estrutura de idade da poboación inmigrante está moito mais aliñada coa idade laboral.




Figura 5.14. Diferenciais taxas de ocupación da poboación de mais de 15 anos e a taxa de ocupación de 15 e 64 anos en función do seu país de nacemento (ano 2018).

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Os datos reflicten tamén con claridade o impacto significativo do cambio demográfico na diminución da oferta no mercado de traballo, o que sen dúbida aconsella a necesidade de incluír na axenda das nosas sociedades o estudo prospectivo das dispoñibilidade de recursos humanos a curto, medio e longo prazo así como a súa capacidade para cubrir a oferta de traballo e garantir un desenvolvemento económico sostible nos próximos anos. Un debate que terá que ir acompañado de outros aspectos como que economía queremos ter, a necesidade e a forma de captar novo talento ou a necesidade de utilizar dun xeito mais produtivo, intenso e, ao mellor, mais prolongado o capital humano existente, liñas nas que se desenvolven os traballos realizados que teñen estudado o impacto do envellecemento poboacional tanto en España como en Portugal.

O incremento da mobilidade laboral tamén deixa a súa pegada nas cifras de poboación e de ocupación (táboa 5.7). 88.400 dos mais de 2.688.000 ocupados da Eurorrexión do 2018 atópanse desprazados (ocupados que viaxan, polo menos unha vez a la semana, desde a rexión onde teñen a súa residencia permanente a unha rexión diferente para estar no seu lugar de traballo) o 20% deles no estranxeiro e o 80% noutra rexión europea, o que supón un incremento do case o 17% respecto á número de ocupados desprazados no 2011 (o primeiro para o que Eurostat ofrece datos).

	2011	2018	Porcentaxe Pob. Ocupada 2018	Dif. 2018-2011
Unión Europea	16.979,5	19.983,6	8,9%	17,69%
España	356,7	445,3	2,3%	24,84%
Galicia	17,9	21,0	2,0%	17,32%
Portugal	195,1	206,0	4,5%	5,59%
Norte Portugal	78,5	67,4	4,1%	-14,14%
EURORREXIÓN	75,6	88,4	3,3%	16,93%
España + Norte Portugal	484,9	651,3	2,7%	34,32%

Táboa 5.8. Poboación Ocupada Desprazada.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (LFS)

O análise da evolución da poboación ocupada no último decenio mostra claramente a terciarización da poboación da Eurorrexión así como os efectos da forte desruralización da Eurorrexión e do abandono de zonas onde prima o sector primario (que ve como perde case a metade dos seus efectivos ao pasar de 231.500 a 123.100 ocupados) así como os efectos da crise económica no descenso dos ocupados no sector da construción).




Figura 5.15. Poboación Ocupada por Sectores na Eurorrexión Galicia-Norte Portugal.



5.2. DEMOGRAFÍA E CAPACIDADE DE CREACIÓN DE RIQUEZA DOS TERRITORIOS

O descenso da poboación total, activa e ocupada, sen embargo, non impide que tanto a Eurorrexión no seu conxunto, como Galicia e o Norte de Portugal singularmente, teñan crecido tanto en termos do seu Produto Interior Bruto (PIB a prezos de mercado) como da súa capacidade de xerar Valor Engadido Bruto (VEB), tal e como amosan os datos contidos nas Táboas 5.9 e 5.10.

	2001	2006	2011	2016	2017
Unión Europea	10.059.690,09	12.273.220,57	13.217.461,47	14.958.253,49	15.383.066,11
España	699.528	1.007.974	1.070.449	1.118.743	1.166,319
Galicia	35.968,09	52.169,08	55.832,85	57.958,87	60,568,09
Portugal	135.827,52	166.248,72	176.166,58	186.480,45	194,613,47
Norte Portugal	39.242,12	46.285,87	49.997,33	55.049,38	57,240,64
EURORREXIÓN	75.210,21	98.454,95	105.830,18	113.008,25	117.808,73

Táboa 5.9. PIB a Prezos de Mercados Eurorrexión Galicia-Norte Portugal.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

	2001	2006	2011	2016	2017
Unión Europea				14.415.969,3	
España	636.824	900.092	983.670	1.014.839	1.057.467
Galicia	32.744	46.585,5	51.306,6	52.575,9	54.915,1
Portugal	119.144,9	143.579,41	154.242,77	162.226,13	186.677,00
Norte Portugal	34.417,1	39.964,21	43.766,72	47.881,71	49.603,71
EURORREXIÓN	67.161,10	86.549,71	95.073,32	100.457,61	104.518,13

Táboa 5.10. VEB Eurorrexión Galicia-Norte Portugal.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Un crecemento que, ademais, no caso da Eurorrexión supera ao do conxunto da Unión Europea e que nos casos de Galicia e do Norte de Portugal superan ao do conxunto dos seus estados respectivos (Gráficos 5.16 e 5.17).




Figura 5.16. Evolución PIB (ano 2001 = 100).
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.




Figura 5.17. Evolución VEB (ano 2001 = 100).
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Co obxecto de ver en que medida o maior descenso de poboación da Eurorrexión ten incidido na súa riqueza como territorio e na súa capacidade para xerar valor económico, as táboas 5.11 e 5.12 recollen conxuntamente a evolución dos datos de poboación e económicos (PIB absoluto a prezos de mercado) durante o derradeiro decenio (na primeira delas a evolución desas variables entre o quinquenio 2011 e 2016 e na segunda as variacións entre 2001 e 2006)

	Ev. Poboación	Ev. Pob. 15-64	Ev. PIB	Ev. VEB
Unión Europea	1,45%	-0,79%	13,17%	
España	-0,62%	-2,89%	4,51%	3,17%
Galicia	-2,23%	-5,02%	3,81%	2,47%
Portugal	-2,21%	-3,90%	5,85%	5,18%
Norte Portugal	-2,78%	-3,90%	10,10%	9,40%
EURORREXIÓN	-2,54%	-4,50%	6,78%	5,66%
España +Portugal	-2,78%	-1,05%	4,70%	3,44%
Dif. Eurorrexión/España+Portugal	0,24%	-3,45%	2,08%	2,22%
Diferencial Galicia- España	-1,61%	-2,14%	-0,70%	-0,69%
Diferencial Norte Portugal/Portugal	-0,58%	0,00%	4,25%	4,23%

Táboa 5.11. Evolución Poboación, PIB a VEB 2011-2016.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

	Ev. Poboación	Ev. Pob. 15-64	Ev. PIB	Ev. VEB
Unión Europea	1,15%	0,12%	-1,00%	
España	4,54%	2,47%	6,20%	10,13%
Galicia	-5,91%	-1,43%	7,02%	10,13%
Portugal	0,09%	-0,94%	5,97%	7,43%
Norte Portugal	-0,88%	-1,17%	6,17%	9,51%
EURORREXIÓN	-0,03%	-1,28%	7,49%	9,85%
España +Portugal	3,69%	1,84%	6,17%	9,03%
Dif. Eurorrexión/España+Portugal	-3,72%	-3,12%	1,33%	0,82%
Diferencial Galicia- España	-10,45%	-3,90%	0,82%	0,00%
Diferencial Norte Portugal/Portugal	-0,97%	-0,23%	0,20%	2,09%

Táboa 5.12. Evolución Poboación, PIB a VEB 2006-2011.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Tal e como se deduce deses datos, tanto no quinquenio 2011-2016 como no 2006-2011, o descenso da poboación total e o da poboación na franxa de idade comprendida entre os 15 e os 64 anos, non impiden o crecemento económico da Eurorrexión, tanto en termos de PIB como do VEB, nin incluso que dito crecemento sexa superior ao do conxunto de España+Portugal (no caso do PIB este maior crecemento sitúase en +1,33 puntos para o quinquenio 2006-2011, e do + 2,08 puntos para o quinquenio 2011-2016, mentres que no caso do VEB son de 0,82 puntos e do 0,22 respectivamente).

Unha situación que tamén é favorable co caso do Norte de Portugal fronte a Portugal en ambos quinquenios e no caso de Galicia fronte España no caso no quinquenio 2006-2011 (no quinquenio 2011/2016 o crecemento económico de Galicia é inferior ao do conxunto de España, se ben o diferencial en crecemento é significativamente inferior ao diferencial no decrecemento da poboación).

	2002	2007	2012	2017	Diferencial 2017-2012
Unión Europea	51.332	59.962	63.619	68.291	16.959
España	44.967	52.885	59.497	61.528	16.561
Galicia	37.872	47.676	52.181	56.331	18.459
Portugal	29.489	36.893	39.568	42.661	13.172
Norte Portugal	23.457	29.367	32.136	36.269	12.812
EURORREXIÓN	30.943	39.036	42.036	45.266	14.323
España + Portugal	41.485	49.866	55.594	57.871	16.386

Táboa 5.13. Evolución PIB por Traballador Ocupado.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (LFS)

	2002	2007	2012	2017
Diferencial Eurorrexión-UE	60,28%	65,10%	66,07%	66,32%
Diferencial Eurorrexión-Esp./Port.	74,59%	78,28%	75,61%	78,20%
Diferencial Galicia-España	84,22%	90,15%	87,70%	93,22%
Diferencial Norte P.-Portugal	75,81%	75,23%	76,45%	78,84%
Diferencial Galicia-Norte de Portugal	161,45%	162,34%	162,38%	160,96%

Táboa 5.14. Evolución Diferenciais PIB por Traballador Ocupado.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat (LFS)

Dous son os factores que determinan o PIB dun territorio: o PIB por traballador activo empregado (produtividade aparente do traballo) e o número de persoas activas empregadas. Tal e como se observa nas Táboas 5.13 e 5.14 tanto a Eurorrexión (con respecto ao conxunto da Unión Europea) como Galicia respecto a España ou o Norte de Portugal respecto ao conxunto do estado portugués, teñen diminuído o déficit de PIB/Persoas Ocupadas no último quinquenio, se ben aínda se manteñen nunhas cifras lonxe das do conxunto da Unión Europea, de xeito que aínda queda recorrido de mellora para a Eurorrexión neste ámbito.

Se queremos salvar a fenda aínda existente en termos de creación de riqueza, resulta imprescindible frear a tendencia a seguir sufrindo unha maior diminución de poboación ocupada a través dunha mestura na que as estratexias que incrementen os indicadores fertilidade combínanse con políticas activas de atracción de poboación activa dende o exterior, dada a imposibilidade de obter resultados a curto prazo coas medidas de aquela tipoloxía.

Neste punto parece razoable pensar que un incremento significativo do PIB por persoa empregada activamente sexa tanto mais probable a medida que aumente o número de empregados activos e as oportunidades de traballo e de captación de talento nun mercado e unha poboación en expansión.

Se baixamos ao análise das correlacións entre PIB, VEB e poboación ata o ámbito das NUTS 3 (táboas 5.15 e 5.16), o peso relativo de cada unha das NUTS 3 galegas s fan unha aportación ao PIB da Eurorrexión superior á que lle correspondería polo seu peso poboacional (táboa 5.17), sendo especialmente destacable as cifras da provincia de A Coruña cunha aportación ao PIB eurorrexional 4,5 puntos por riba da que lle correspondería respecto a súa concentración de poboación.

	2001	2006	2011	2016
UNIÓN EUROPEA	10.059.690,09	12.273.220,57	13.217.461,47	14.958.253,49
ESPAÑA	699.528	1.007.974	1.070.449	1.118.743
Galicia	35.968,09	52.169,08	55.832,85	57.958,87
A Coruña	14.929,66	22.133,52	24.511,06	25.263,46
Lugo	4.606,08	6.480,72	6.748,92	7.061,1
Ourense	4.174,93	5.796,15	6.342,36	6.529,87
Pontevedra	12.257,43	17.758,57	18.230,51	19.104,44
PORTUGAL	135.827,52	166.248,72	176.166,58	186.480,45
Norte Portugal	39.242,12	46.285,87	49.997,33	55.049,38
Alto Minho	2.154,54	2.631,12	2.950,14	3.246,33
Cávado	3.846,6	4.688,65	5.202,58	6.041,66
Ave	4.314,11	4.860,42	5.311,7	6.419,28
Área Metrop. do Porto	22.242,71	25.774,32	27.204,37	29.413,04
Alto Tâmega	746,66	950,47	1.059,01	1.064,09
Tâmega e Sousa	3.149,05	3.911,34	4.331,4	4.786,89
Douro	1.716,6	2.114,4	2.391,9	2.535,1
Terras de Trás-os-Montes	1.071,86	1.355,15	1.546,24	1.542,99
EURORREXIÓN	75.210,21	98.454,95	105.830,18	113.008,25

Táboa 5.15. PIB a Prezos de Mercados das NUTS 3 da Eurorrexión Galicia-Norte Portugal. Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat. (millóns €)

	2001	2006	2011	2016
ESPAÑA	636.824	900.092	983.670	1.014.839
Galicia	32.744	46.585,5	51.306,6	52.575,9
A Coruña	13.591,4	19.764,6	22.524	22.917,1
Lugo	4.193,2	5.787,1	6.201,8	6.405,3
Ourense	3.800,7	5.175,8	5.828,2	5.923,4
Pontevedra	11.158,7	15.857,9	16.752,6	17.330,1
PORTUGAL	119.144,9	143.579,41	154.242,77	162.226,13
Norte Portugal	34.417,1	39.964,21	43.766,72	47.881,71
Alto Minho	1.889,63	2.271,77	2.582,5	2.823,65
Cávado	3.373,64	4.048,28	4.554,24	5.255,01
Ave	3.783,67	4.196,59	4.649,76	5.583,46
Área Metrop. do Porto	19.507,86	22.254,1	23.814,19	25.583,33
Alto Tâmega	654,85	820,65	927,04	925,54
Tâmega e Sousa	2.761,86	3.377,13	3.791,62	4.163,61
Douro	1.505,53	1.825,62	2.093,82	2.205,02
Terras de Trás-os-Montes	940,07	1.170,06	1.353,55	1.342,09
EURORREXIÓN	67.161,10	86.549,71	95.073,32	100.457,61

Táboa 5.16. VEB NUTS 3 da Eurorrexión Galicia-Norte Portugal. Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat. (millóns €).

	% PIB Erorrexión 2016	% Poboación Erorrexión 2016	Dif.
A Coruña	22,36%	17,78%	4,58%
Lugo	6,25%	5,32%	0,93%
Ourense	5,78%	4,98%	0,80%
Pontevedra	16,91%	14,95%	1,96%
Alto Minho	2,87%	3,74%	-0,86%
Cávado	5,35%	6,43%	-1,08%
Ave	5,68%	6,62%	-0,94%
Área Metrop. do Porto	26,03%	27,26%	-1,23%
Alto Tâmega	0,94%	1,41%	-0,47%
Tâmega e Sousa	4,24%	6,70%	-2,46%
Douro	2,24%	3,09%	-0,84%
Terras de Trás-os-Montes	1,37%	1,75%	-0,39%

Táboa 5.17. Peso Específico das diferentes NUTS 3 no conxunto das pensións e da poboación da Erorrexión.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Polo que respecta ao crecemento das variables macroeconómicas representativas da capacidade de creación da riqueza (táboas 5.18 e 5.19), os datos reflicten o crecemento de todas as NUTS 3 da Erorrexión nos dous quinquenios da última década, existindo, iso si, grandes diferencias entre elas. Resulta tamén destacable o feito de que áreas cunha perda significativa maior de poboación, consigan acadar unas maiores cifras de crecemento que outras onde as cifras de poboación presentan unha mellor evolución (como é o caso de Alto Minho, Douro e Tras Os Montes en comparación coa Área Metropolitana de Porto, no caso de Portugal, ou de Ourense fronte a Pontevedra no caso de Galicia).

	2016/2011	2011/2006	2016/2006
UNIÓN EUROPEA	13,17%	7,69%	21,88%
ESPAÑA	4,51%	6,20%	10,99%
Galicia	3,81%	7,02%	11,10%
A Coruña	3,07%	10,74%	14,14%
Lugo	4,63%	4,14%	8,96%
Ourense	2,96%	9,42%	12,66%
Pontevedra	4,79%	2,66%	7,58%
PORTUGAL	5,85%	5,97%	12,17%
Norte Portugal	10,10%	8,02%	18,93%
Alto Minho	10,04%	12,12%	23,38%
Cávado	16,13%	10,96%	28,86%
Ave	20,85%	9,28%	32,07%
Área Metrop. do Porto	8,12%	5,55%	14,12%
Alto Tâmega	0,48%	11,42%	11,95%
Tâmega e Sousa	10,52%	10,74%	22,38%
Douro	5,99%	13,12%	19,90%
Terras de Trás-os-Montes	-0,21%	14,10%	13,86%
EURORREXIÓN	6,78%	7,49%	14,78%

Táboa 5.18. Evolución PIB a Prezos de Mercados das NUTS 3 da Eurorrexión Galicia-Norte Portugal.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

	2016/2011	2011/2006	2016/2006
ESPAÑA	3,17%	9,29%	12,75%
Galicia	2,47%	10,13%	12,86%
A Coruña	1,75%	13,96%	15,95%
Lugo	3,28%	7,17%	10,68%
Ourense	1,63%	12,60%	14,44%
Pontevedra	3,45%	5,64%	9,28%
PORTUGAL	5,18%	7,43%	12,99%
Norte Portugal	9,40%	9,51%	19,81%
Alto Minho	9,34%	13,68%	24,29%
Cávado	15,39%	12,50%	29,81%
Ave	20,08%	10,80%	33,05%
Área Metrop. do Porto	7,43%	7,01%	14,96%
Alto Tâmega	-0,16%	12,96%	12,78%
Tâmega e Sousa	9,81%	12,27%	23,29%
Douro	5,31%	14,69%	20,78%
Terras de Trás-os-Montes	-0,85%	15,68%	14,70%
EURORREXIÓN	5,66%	9,85%	16,07%

Táboa 5.19. Evolución VEB a Prezos de Mercados das NUTS 3 da Eurorrexión Galicia-Norte Portugal.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Podemos logo concluír que, a pesar de que empeza a facerse patente na Eurorrexión o desequilibrio sinalado entre a poboación en idade de traballar e da ocupada coa poboación total, o empobrecemento que tradicionalmente algúns autores asignaban a esta situación no se está aínda a cumprir. De xeito que a combinación de cambios sociais e laborais e tecnolóxico-empresariais, ata o de agora, é capaz de amortecer a evolución das variables demográficas evitando a translación directa da diminución poboacional nun empobrecemento do territorio.

Ademais da ausencia desa relación directa inmediata, os datos deixan claro tamén a existencia dun enorme campo de actuación para as políticas públicas na Eurorrexión, no que compre destacar a necesidade de traballar o incremento das cifras de poboación ocupada especialmente no que se refire as de emprego feminino, tendo presente sempre que unha aposta pola creación de emprego feminino de calidade, unido ao afondamento nas políticas de conciliación, son factores determinantes á hora de conseguir fixar poboación.

Dito isto, e co obxecto de analizar a posición da Eurorrexión no seu entorno non podemos deixar de facer referencia ao diferente do PIB por traballador ocupado na Eurorrexión e en Europa no quinquenio 2011-2016, uns datos que mostran un diferencial que polo menos en parte, poda deberse á fenda demográfica existente. Con todo elo podemos afirmar que aínda que a diminución da porcentaxe de poboación ocupada na Eurorrexión, provocada polos cambios demográficos, non supoña aínda necesariamente a diminución da súa riqueza nin da súa capacidade de xerar valor engadido, se que pode provocar, e é probable que o faga, unha perda de posición competitiva da súa economía fronte outras rexións demograficamente mais activas se non se toman as medidas oportunas dirixidas tanto ao incremento da fertilidade (nunha estratexia mais a longo prazo) como ao incremento da capacidade de atracción de talento e recursos humanos (de xeito xa inmediato).



5.3. DEMOGRAFÍA E PROTECCIÓN SOCIAL

Pero o cambio demográfico non solo incide na capacidade de dispor de recursos humanos cos que xerar valor engadido, se non que tamén noutros aspectos económicos de grande transcendencia como é o sistema de previsión social. De feito tradicionalmente o proceso de envellecemento demográfico ten sido sinalado como a causa fundamental duna “segura” e irreversible insustentabilidade dos sistemas de pensións e, a partir de aí, como a escusa perfecta para afrontar reformas restritivas nos sistemas de seguridade social dirixidas teoricamente a garantir o equilibrio entre ingresos e regresos do sistema sen abordar moitas veces as lóxicas distributivas.

Desta forma os cambios demográficos veñen a ser observados como variables independentes dos procesos económicos, sen ter presente os efectos que ponde ter incidir nas taxas de actividade económica, nos niveis de emprego e de produtividade e mesmo nas políticas laborais e distributivas.

Neste sentido a medida que a poboación ocupada da Eurorrexión ten diminuído, tense incrementado o número de perceptores e de pensións contributivas, tal e como se reflicte nas Táboas 5.20 e 5.21, tanto en Galicia, como no conxunto do Norte de Portugal e en todas as NUTS 3 da Eurorrexión, excepto en Lugo e Ourense, sendo o incremento do número de pensións no caso de Galicia é significativamente menor que o do conxunto de España (mentres o crecemento das pensións en Galicia entre os anos 2009 e 2018 supoña o 6,1% o crecemento no conxunto de España é de mais do dobre: 12,3%).

Pola contra, fronte a un crecemento do número de pensións do 4,3% en Portugal no período entre 2009 e 2018, o crecemento das pensións na rexión Norte de Portugal sitúase no 6,9% (cun crecemento moi similar ao de Galicia).

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
ESPAÑA	8.230.007	8.364.373	8.494.065	8.596.429	8.722.925	8.836.836	8.926.833	9.028.961	9.133.647	9.241.240
Galicia	689.500	695.326	701.729	706.200	711.472	717.103	720.874	724.731	728.528	731.810
A Coruña	260.056	263.232	266.456	269.299	272.311	275.107	277.361	279.903	282.306	284.446
Lugo	117.782	117.319	117.072	116.309	116.061	115.763	115.131	114.389	113.545	112.970
Ourense	105.570	105.532	105.494	105.207	105.101	105.365	105.178	105.046	104.912	104.621
Pontevedra	206.092	209.244	212.708	215.386	217.999	220.868	223.204	225.393	227.764	229.773
PORTUGAL	3.423.333	3.473.401	3.535.431	3.584.911	3.615.416	3.627.161	3.638.705	3.637.341	3.632.849	3.569.693
Norte Portugal	1.051.267	1.069.459	1.091.584	1.110.789	1.125.339	1.130.612	1.137.596	1.140.340	1.141.432	1.123.712
Alto Minho	80.395	81.006	81.859	82.283	82.888	82.912	83.217	82.891	82.378	80.640
Cávado	101.711	103.499	105.823	108.579	110.829	112.326	113.605	114.184	114.595	112.976
Ave	113.107	115.688	118.239	121.435	123.794	125.312	126.676	127.369	127.831	126.822
Área Metrop. do Porto	497.195	508.810	522.731	534.279	541.918	544.926	549.203	552.677	554.311	548.795
Alto Tâmega	37.205	37.321	37.583	37.392	37.478	37.182	36.945	36.399	36.085	34.633
Tâmega e Sousa	100.587	102.083	104.035	105.613	106.963	107.256	108.134	108.517	108.859	106.568
Douro	73.483	73.544	73.746	73.859	74.061	73.557	73.138	72.257	71.768	69.384
Terras de Trás-os-Montes	47.584	47.508	47.568	47.349	47.408	47.141	46.678	46.046	45.605	43.894
EURORREXIÓN	1.740.767	1.764.785	1.793.313	1.816.989	1.836.811	1.847.715	1.858.470	1.865.071	1.869.960	1.855.522

Táboa 5.20. Evolución N° de Pensións Galicia e Norte de Portugal.^{22 23 24}

Fonte: Elaboración Propia a partir de: datos españoles: M° de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social; datos portugueses: PORDATA a partir de ISS/MTSSS.

²² Os datos de pensións españolas inclúen as pensións de incapacidade permanente, xubilación, viudedade.

²³ Os datos de pensións portuguesas inclúen as pensións de invalidez, velhice e sobrevivencia, total da Segurança Social e da Caixa Geral de Aposentações.

²⁴ Os datos da Eurorrexión inclúen os datos de Galicia+ Norte de Portugal segundo se teñen definido nas notas 1 e 2.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
ESPAÑA	100,00%	101,63%	103,21%	104,45%	105,99%	107,37%	108,47%	109,71%	110,98%	112,29%
Galicia	100,00%	100,84%	101,77%	102,42%	103,19%	104,00%	104,55%	105,11%	105,66%	106,14%
A Coruña	100,00%	101,22%	102,46%	103,55%	104,71%	105,79%	106,65%	107,63%	108,56%	109,38%
Lugo	100,00%	99,61%	99,40%	98,75%	98,54%	98,29%	97,75%	97,12%	96,40%	95,91%
Ourense	100,00%	99,96%	99,93%	99,66%	99,56%	99,81%	99,63%	99,50%	99,38%	99,10%
Pontevedra	100,00%	101,53%	103,21%	104,51%	105,78%	107,17%	108,30%	109,37%	110,52%	111,49%
PORTUGAL	100,00%	101,46%	103,27%	104,72%	105,61%	105,95%	106,29%	106,25%	106,12%	104,28%
Norte Portugal	100,00%	101,73%	103,84%	105,66%	107,05%	107,55%	108,21%	108,47%	108,58%	106,89%
Alto Minho	100,00%	100,76%	101,82%	102,35%	103,10%	103,13%	103,51%	103,10%	102,47%	100,30%
Cávado	100,00%	101,76%	104,04%	106,75%	108,96%	110,44%	111,69%	112,26%	112,67%	111,08%
Ave	100,00%	102,28%	104,54%	107,36%	109,45%	110,79%	112,00%	112,61%	113,02%	112,13%
Área Metrop. do Porto	100,00%	102,34%	105,14%	107,46%	109,00%	109,60%	110,46%	111,16%	111,49%	110,38%
Alto Tâmega	100,00%	100,31%	101,02%	100,50%	100,73%	99,94%	99,30%	97,83%	96,99%	93,09%
Tâmega e Sousa	100,00%	101,49%	103,43%	105,00%	106,34%	106,63%	107,50%	107,88%	108,22%	105,95%
Douro	100,00%	100,08%	100,36%	100,51%	100,79%	100,10%	99,53%	98,33%	97,67%	94,42%
Terras de Trás-os-Montes	100,00%	99,84%	99,97%	99,51%	99,63%	99,07%	98,10%	96,77%	95,84%	92,25%
EUROREXIÓN	100,00%	101,38%	103,02%	104,38%	105,52%	106,14%	106,76%	107,14%	107,42%	106,59%

Táboa 5.21. Evolución N° de Pensións Contributivas dende o 2009.

Fonte: Elaboración Propia a partir de: datos españoles: M° de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social; datos portugueses: PORDATA a partir de ISS/MTSSS.

En termos de NUTS 3 os maiores crecementos prodúcense no AVE, no Cávado, na Área Metropolitana de Porto e en Pontevedra, onde as cifras de crecemento do número de pensións sitúanse por riba dos dous díxitos.

Tal e como se reflicte na táboa 5.22 o peso relativo das pensións de Galicia, dentro do número total das pensións españolas, ten diminuído lixeiramente de xeito que compensa o incremento do peso relativo do número de pensións do Norte de Portugal no conxunto de Portugal.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia / España	8,38%	8,31%	8,26%	8,22%	8,16%	8,11%	8,08%	8,03%	7,98%	7,92%
Norte / Portugal	30,71%	30,79%	30,88%	30,99%	31,13%	31,17%	31,26%	31,35%	31,42%	31,48%
Eurorexión / España + Portugal	14,94%	14,91%	14,91%	14,92%	14,89%	14,82%	14,79%	14,72%	14,65%	14,48%

Táboa 5.22. Peso Relativo das pensións das zonas da Eurorexión no seu territorio de referencia.

Fonte: Elaboración Propia a partir de: datos españoles: M° de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social; datos portugueses: PORDATA a partir de ISS/MTSSS.

Esta evolución ao alza do número de pensións ten o seu reflexo no importe da nómina das pensións (táboas 5.23 e 5.24 neste caso só das provincias galegas por dispoñibilidade de datos).

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Galicia	6.156.065	6.505.257	6.741.528	6.972.625	7.274.777	7.478.944	7.669.518	7.862.583	8.060.139	8.411.578
A Coruña	2.455.309	2.605.623	2.706.196	2.808.331	2.939.617	3.030.201	3.116.765	3.207.701	3.296.665	3.447.103
Lugo	934.457	972.910	995.411	1.016.067	1.048.689	1.065.269	1.079.527	1.093.175	1.108.382	1.148.289
Ourense	825.704	861.896	884.065	901.747	930.584	948.474	963.046	978.023	995.524	1.032.826
Pontevedra	1.940.595	2.064.827	2.155.856	2.246.479	2.355.887	2.435.000	2.510.180	2.583.685	2.659.567	2.783.359

Táboa 5.23. Importe da Nómína das Pensións en Galicia (en miles €).
 Fonte: Elaboración Propia a partir de: datos españois: Mº de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
ESPAÑA	100,00%	106,37%	110,61%	115,03%	120,62%	124,46%	128,12%	132,04%	136,08%	142,68%
Galicia	100,00%	105,67%	109,51%	113,26%	118,17%	121,49%	124,58%	127,72%	130,93%	136,64%
A Coruña	100,00%	106,12%	110,22%	114,38%	119,72%	123,41%	126,94%	130,64%	134,27%	140,39%
Lugo	100,00%	104,12%	106,52%	108,73%	112,22%	114,00%	115,52%	116,99%	118,61%	122,88%
Ourense	100,00%	104,38%	107,07%	109,21%	112,70%	114,87%	116,63%	118,45%	120,57%	125,08%
Pontevedra	100,00%	106,40%	111,09%	115,76%	121,40%	125,48%	129,35%	133,14%	137,05%	143,43%

Táboa 5.24. Evolución Importe da Nómína das Pensións en Galicia dende 2009.
 Fonte: Elaboración Propia a partir de: datos españois: Mº de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social.

Os datos reflicten o incremento da nómina das pensións contributivas galegas (destacando especialmente os aumentos da nómina de pensións de A Coruña e Pontevedra) significativamente por riba da española e moi por encima do incremento do número de pensións existentes, o que vería xustificado tanto polo incremento do importe medio das pensións causada polos procesos de actualización e o incremento das pensións mínimas como, moi especialmente, polo incremento dos importes das pensións dos novos pensionistas galegos.

O efecto do envellecemento da poboación obsérvase tamén claramente na evolución entre o número de persoas ocupadas que teñen que “financiar” coa súa actividade este incremento de pensións; tal e como reflicte a Táboa 5.25, tanto para o conxunto da Eurorrexión como para Galicia e o Norte de Portugal, a ratio entre número de pensións e persoas ocupadas sitúase no ano 2018 cerca do 70%, sendo especialmente destacable o incremento de dito ratio no período 2009-2018 no caso de Galicia (+ 8,4 puntos) mentres que o incremento do Norte de Portugal situouse nos 4,3 puntos para un incremento no conxunto da Eurorrexión de case 6 puntos.

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
ESPAÑA	43,41%	45,03%	46,49%	49,19%	51,31%	51,35%	50,38%	49,66%	48,98%	48,29%
Galicia	60,42%	63,62%	65,05%	68,21%	71,46%	72,60%	71,58%	70,44%	70,12%	68,80%
PORTUGAL	73,70%	75,90%	79,39%	84,23%	86,95%	85,25%	84,44%	83,21%	80,45%	77,35%
Norte de Portugal	64,89%	67,33%	69,04%	73,54%	77,35%	76,09%	75,99%	75,13%	72,23%	69,14%
EURORREXIÓN	63,04%	65,82%	67,42%	71,37%	74,96%	74,69%	74,21%	73,23%	71,39%	69,01%

Táboa 5.25. Relación entre número de pensións e o número de persoas ocupadas.
 Fonte: Elaboración Propia a partir de datos de: M^o de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social; PORDATA a partir de ISS/MTSS e Eurostat.

Se analizamos comparativamente o peso específico de cada unha das NUTS 3 na Eurorexión tanto na variable número de pensións como na de poboación (táboa 5.26), observamos que os maiores diferenciais se localizan nos casos de Lugo (o número de pensións de Lugo supoñen o 6,75% do total das pensións da Eurorexión, mentres que absorbe o 5,28% da poboación existindo polo tanto un diferencial a favor do número de pensión de +1,49 puntos) a Area Metropolitana Porto (cun diferencial de +1,18%) e o Douro (diferencial de +1,16%).

	Nº Pensións 2018	Poboación 2018	Diferencial
A Coruña	14,94%	17,86%	-2,92%
Lugo	6,77%	5,28%	1,49%
Ourense	6,06%	4,93%	1,13%
Pontevedra	11,84%	14,98%	-3,14%
Alto Minho	4,62%	3,70%	0,92%
Cávado	5,84%	6,43%	-0,59%
Ave	6,50%	6,59%	-0,09%
Área Metrop. do Porto	28,56%	27,39%	1,18%
Alto Tâmega	2,14%	1,39%	0,75%
Tâmega e Sousa	5,78%	6,67%	-0,89%
Douro	4,22%	3,06%	1,16%
Terras de Trás-os-Montes	2,73%	1,73%	1,00%
EURORREXIÓN	100,00%	100,00%	-2,92%

Táboa 5.26. Peso Específico das diferentes NUTS 3 no conxunto das pensións e da poboación da Eurorexión.
 Fonte: Elaboración Propia a partir de datos de: M^o de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social; PORDATA a partir de ISS/MTSS e Eurostat.



5.4. DEMOGRAFÍA E OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Os cambios que a evolución demográfica está a producir no ámbito socioeconómico da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal van mais alá que os efectos xa mencionados no mercado laboral, no potencial de creación de riqueza e valor engadido e na relacións entre cotizantes e número de pensionistas e pensións.

De feito quizá os elementos demográficos que están a deixar unha maior pegada na Eurorexión son a forte asimetría coa que está afectando a diminución e o envellecemento da poboación no seu territorio xunto coa intensidade e a aceleración que este está a ter en zonas moi extensas da Eurorexión, que empezan a sufrir procesos de desertización poboacional con consecuencias dificilmente reversibles no caso de que non se implementen con celeridade medidas correctoras.

Tal e como se indicou nos primeiros epígrafes do presente informe a densidade de poboación da Eurorexión aínda se sitúa por riba tanto da media da Unión Europea como da de España e de Portugal (nas táboas 5.27, 5.28 e 5.39 se recolle un resumo das mesmas a partir dos últimos datos recollidos en Eurostat co fin de favorecer a fiabilidade das comparacións ao partir da mesma fonte), se ben as diferencias que existían nas décadas finais do século pasado teñen ido diluíndose, perdendo máis do 60% do diferencial que tiña ao seu favor sobre a Unión Europea e aínda máis puntos respecto de Portugal e España.

	1994	1997	2007	2017
UNIÓN EUROPEA	108,2	111,0	114,7	117,7
ESPAÑA	76,8	79,2	90,1	92,7
Galicia	92,8	91,8	93,6	92,1
A Coruña	138,3	138,0	142,8	142,1
Lugo	39,2	37,5	35,9	33,9
Ourense	49,4	47,5	46,3	43,1
Pontevedra	199,8	200,7	210,1	211,1
PORTUGAL	108,3	110,0	114,5	113,2
Norte Portugal	163,8	169,1	174,8	169,6
Alto Minho	114,0	111,9	112,1	106,5
Cávado	283,7	302,9	327,3	328,2
Ave			296,1	286,8
Área Metrop. do Porto			863,4	848,2
Alto Tâmega			33,9	30,3
Tâmega e Sousa			238,9	231,7
Douro			52,7	48,3
Terras de Trás-os-Montes			22,0	19,7
EURORREXIÓN	124,3	127,0	127,3	123,8

Táboa 5.27. Densidades de poboación.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Asumindo os criterios da Unión Europea que levan a considerar que cando un territorio ten unha densidade inferior a 100 habitantes/km² debe de considerarse que está pouco poboado, os datos de densidade poboacional recollidos na táboa 5.27 lévanos a concluír que tanto Galicia no seu conxunto, como 5 das 12 áreas NUTS III da Eurorrexión, terían esa consideración.

Sendo o descenso de densidade no último decenio tan significativo que só en dúas áreas NUTS III da Eurorrexión a densidade en 2017 supera á 2007.

	1990	1997	2007	2017	Ev. Dif. 2017/1990
Diferencial Eurorrexión UE	16,1	16,0	12,6	6,1	-62,26%
Diferencial Eurorrexión-España	47,5	47,8	37,2	31,1	-34,56%
Diferencial Eurorrexión-Portugal	16,0	17,0	12,8	10,6	-33,86%

Táboa 5.28. Evolución diferencial densidade.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Esta xeneralización sen embargo non debe nin moito menos levarnos a pensar que con facer unha única foto da concentración da poboación e da súa evolución no territorio da Eurorrexión é suficiente. O feito de que a densidade na subrexión de maior concentración de poboación, a área metropolitana de Porto, supere en máis de 43 veces a densidade da menor: Terras de Tras os Montes, danos xa unha primeira idea da variabilidade que existe neste indicador demográfico.

Xunto a esta variabilidade, a segunda conclusión que destaca do análise deste indicador sería a confirmación da existencia dunha significativa relación entre a evolución da densidade da poboación e o seu valor de partida, de forma que as áreas onde o descenso da densidade de poboación é máis acusado no último decenio coinciden con aquelas que tiñan unha menor densidade de partida, o que xustificaría as cada vez maiores diferencias entre os niveis que presenta esta variable nas distintas subrexións.

	Ev. Densidade 2017/2007	Densidade 2007
UNIÓN EUROPEA	2,62%	114,7
ESPAÑA	2,89%	90,1
Galicia	-1,60%	93,6
A Coruña	-0,49%	142,8
Lugo	-5,57%	35,9
Ourense	-6,91%	46,3
Pontevedra	0,48%	210,1
PORTUGAL	-1,14%	114,5
Norte Portugal	-2,97%	174,8
Alto Minho	-5,00%	112,1
Cávado	0,27%	327,3
Ave	-3,14%	296,1
Área Metrop. do Porto	-1,76%	863,4
Alto Tâmega	-10,62%	33,9
Tâmega e Sousa	-3,01%	238,9
Douro	-8,35%	52,7
Terras de Trás-os-Montes	-10,45%	22,0
EURORREXIÓN	-2,78%	127,3

Táboa 5.29. Evolución Densidade.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

A partir desta visión xeral compre focalizar mais o análise se se quere poder entender a magnitude do problema da despoboación progresiva da Eurorrexión ao que nos enfrontamos.

Os datos da táboa 5.30, na que se recollen as densidades máximas e mínimas dos distintos municipios de Galicia e o Norte de Portugal, mostran un incremento aínda maior das diferenciais en termos de densidade poboacional cando analizamos esta na realidade municipal. No caso de Galicia a densidade do concello con maior concentración de poboación (A Coruña) é 2.066 veces superior á densidade do concello que a ten menor (Chandrexa de Queixa); un diferencial que se reduce no caso do Norte de Portugal a 611 veces (o diferencial de densidade entre o municipio de Porto é o de Vimioso).

	Densidade	Superficie (km ²)
A Coruña	6.404,50	37,80
Vigo	2.621,70	109,10
Burela	1.252,10	7,80
Ourense	1.219,70	84,60
Vilagarcía de Arousa	844,30	44,20
Muras	4,30	163,80
Negueira de Muñiz	4,00	72,30
Vilariño de Conso	3,40	200,20
A Veiga	3,20	290,50
Chandrexa de Queixa	3,10	171,80
Porto	5 197,6	41,42
Matosinhos	2 793,7	62,42
São João de Madeira	2 740,7	7,94
Vila Nova de Gaia	1 780,5	168,46
Maia	1 660,6	82,94
Freixo de Espada à Cinta	13,6	244,14
Vinhais	11,3	694,75
Montalegre	11,3	805,46
Mogadouro	11,1	760,65
Vimioso	8,5	481,59

Táboa 5.30. Municipios con maior e menor densidade.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE (PT).

Da análise das densidades de poboación dos distintos municipios conclúese que as 3/4 partes da superficie da Eurorrexión a conforman municipios que están pouco poboados (como dicíamos, segundo Eurostat, para pertencer a este grupo as áreas deben de ter unha densidade de menos de 100 habitantes por km²), supoñendo a superficie dos concellos que presentan densidades de menos de 50 habitantes por km² o 64% da Eurorrexión e o 43% no caso de que computemos a superficie de aqueles municipios con menos de 25 habitantes/km².

Estas cifras aínda son mais significativas no caso de Galicia, xa que o 83% da Superficie de Galicia a conforman concellos con menos de 100 habitantes/km², mentres os municipios con densidades inferiores a 25 habitantes/km² reúnen unha superficie moi próxima ao 50% da superficie galega.

	Galicia	Norte de Portugal	Eurorrexión
Porcentaxe de superficie concellos menos 100 hab/km²	82,6%	67,54%	76,53%
Porcentaxe de superficie concellos menos 50 hab/km²	69,5%	54,85%	63,59%
Porcentaxe de superficie concellos menos 25 hab/km²	49,3%	34,46%	43,26%

Táboa 5.31. Superficie ocupada por municipios con baixa poboación.
Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos de IGE e INE(PT).

Se utilizamos a clasificación tipolóxica realizada no seu día pola OCDE (segundo dito organismo os municipios con densidades de poboación por baixo dos 150 habitantes por km² deben de ser considerados rurais) os municipios rurais na Eurorrexión supoñen case o 83% da súa superficie.

Os datos das táboas 5.30 e 5.31 mostran con claridade a dimensión do baleirado progresivo de habitantes que está a sufrir unha superficie significativa do territorio da Eurorrexión; un proceso no que os factores económicos xogan un papel fundamental tanto no que ten que ver coas causas como coas consecuencias da mesma, aspectos en moitos casos interrelacionados.

Fronte a unha realidade que fai anos estíbese só a producir nos ámbitos rurais mais afastados das cidades, actualmente tamén as vilas e cabaceiras comarcais presentan as características propias da desertización demográfica do interior:

- Baixa fecundidade ao trasladarse a xente cara a zonas mais dinámicas (tradicionalmente urbanas e no caso da Eurorrexión concentradas fundamentalmente na costa), con mellores oportunidades profesionais e maiores salarios, o que fai que en moitos casos os fillos desa poboación orixinaria das zonas en proceso de “baleirado” xa nazan fora delas e mesmo que as parellas novas trasladen aos fillos nados nelas acentuando desta forma o proceso de despoboación;
- Un aumento progresivo da mortalidade causado polo aumento da idade media da poboación;
- Un baixo nivel de recepción de inmigrantes debido a súa limitada capacidade de atracción fronte á outras zonas mais poboadas que posúen maiores niveis de equipamentos e servizos; uns servizos que ademais son cada vez máis difíciles de prestar naqueles municipios nos que a súa densidade cae por baixo duns niveis mínimos que os permitan ofrecer con certa eficiencia económica.

Nesta liña son numerosos os estudos que teñen analizado as vinculacións existentes entre as variables demográficas e o progreso e desenvolvemento técnico empresarial (Lucas, 1988; Krugman, 1991; ou Glaeser, 1998), neles conclúese a existencia dunha relación directa entre maiores taxas de crecemento da poboación e densidade cunha intensificación dos procesos de innovación e da actividade empresarial. Pola contra, a perda de poboación é asimilada, por cidadáns, empresarios e mesmo pola clase política en xeral a declive económico e a menor peso político, o que favorece o traslado das inversións empresariais e públicas cara outras zonas.

Co obxecto de ver a relación entre dinamismo poboacional e iniciativa empresarial procederemos a analizar os datos de localización das empresas situadas na Eurorrexión (nos ámbitos Industrias, de construción e servizos, excluindo as actividades de seguros das sociedades de carteira) que supuñan no seu conxunto o 16,7 % das empresas activas no conxunto de España e Portugal no ano 2016 , case catro puntos mais que cinco anos antes, no que representaban o 12,33%.

	2011	2016
Galicia / España	6,00%	6,05%
Norte Portugal / Portugal	32,99%	33,04%
Eurorrexión / España + Portugal	12,33%	16,05%

Táboa 5.32. Porcentaxe de empresas activas nos territorios de referencia.
Fonte: Elaboración Propia a partir dos datos Eurostat.

Tal e como se pode observar nos datos da táboa 5.33 as zonas con maior densidade poboacional e con mellor evolución das cifras de poboación son as máis dinámicas no proceso de creación de empresas (diferencia positiva entre o porcentaxe de empresas creadas no ano 2006 fronte o porcentaxe de total de empresas existentes nese mesmo ano).

Asemade nas áreas menos dinámicas en termos de poboación localízanse tamén un menor porcentaxe de empresas de alto crecemento (Lugo e Ourense en Galicia e Tras os Montes, Alto Tâmega ou Alto Minho no Norte de Portugal).

	% Empresas Activas 2016	% Empresas Creadas 2016	% Empresas alto crecemento
Galicia	100,00%	100,00%	
A Coruña	41,60%	42,65%	42,03%
Lugo	12,17%	10,36%	9,19%
Ourense	11,68%	11,33%	9,61%
Pontevedra	34,56%	35,66%	39,18%
Norte Portugal	100,00%	100,00%	
Alto Minho	6,49%	5,99%	4,51%
Cávado	11,65%	11,56%	14,08%
Ave	10,72%	10,24%	15,22%
Área Metrop. do Porto	52,97%	55,34%	48,43%
Alto Tâmega	2,03%	1,78%	0,77%
Tâmega e Sousa	9,41%	8,94%	13,76%
Douro	4,22%	3,98%	2,19%
Terras de Trás-os-Montes	2,51%	2,16%	1,05%

Táboa 5.33. Datos demografía empresarial.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat.

Desta forma podemos concluír que existen vinculacións directas entre as cifras da demografía humana e a empresarial, configurándose círculos virtuosos ligados a dinámicas positivas de poboación que xeran dinámicas positivas en termos de creación de empresas e ocupación e que, a súa vez, convértense en elementos tractores para atraer nova poboación. Simultaneamente xorden tamén círculos desestimulizantes en sentido contrario a partir de dinámicas negativas demográficas.

Ese círculo virtuoso tradúcese finalmente nunha maior renda dispoñible naqueles municipios de maior tamaño, tal e como se reflicte na táboa 5.34. De forma que os maiores rendementos obtidos nos municipios de maior poboación convértense tamén nun factor que acrecentará a asincronía demográfica entre as áreas mais urbanizadas e as mais despoboadas ao incidir a favor daquelas tanto na propensión a ter fillos como na capacidade de atracción territorial.

	Total	100.001-500.000	50.001-100.000	20.001-50.000	10.001-20.000	5.001-10.000	1.000-5.000	-1.000
Rendemento medio traballo	18.459	21.509	21.155	19.077	17.265	15.646	13.000	11.348
Rendemento medio capital mobiliario	1.081	1.472	1.014	1.440	849	668	575	529
Media das rentas derivadas de bens inmoables non afectos a activ. económicas	1.523	1.698	1.742	1.442	1.528	1.357	1.144	1.004
Rendemento medio actividades económicas	8.004	11.096	10.088	8.120	8.083	6.643	5.181	4.326
Saldo medio neto de rendementos e imputación de rentas	18.408	21.602	21.333	18.846	17.277	15.607	13.042	11.453

Táboa 5.34. Ingresos contribuintes galegos declarados no IRPF ano 2017 en función tamaño municipios.
Fuente: Elaboración Propia a partir de Datos Agencia Tributaria Española.

Asemade, a progresiva desruralización da Eurorrexión, ao tempo que produce cambios na súa estrutura económica cunha significativa perda de ocupación no sector primario (ao que se fixo referencia no apartado 5.1 a partir dos datos do gráfico 5.18) ocasiona a diminución das actividades agrarias e o uso da agricultura e gandería extensiva, factores que sen dúbida favorecen a aparición de incendios forestais e dificulta a súa extinción, cos correspondentes custes sociais, económicos e medioambientais.

Se ben a maioría dos datos non invitan ao optimismo respecto ás posibilidades que teñen os concellos en zonas rurais para frear a sangría demográfica que teñen sufrido nos últimos anos, existen factores que abren novas fiestras de oportunidades capaces de amortecer as tendencias de aceleración progresiva desertización humana, envellecemento poboacional e, con elas, o enfraquecemento das estruturas produtivas.

Por un lado e preciso ter en conta que “as baixas densidades de poboación non son tan limitantes como no pasado, debido ao aumento da mobilidade, o que permite o desprazamento diario ao lugar de traballo das zonas rurais cara a poboacións máis grandes” (Consello Económico e Social de España, 2018: 27), pero ademais os procesos de mecanización e automatización fan que as necesidades do capital humano para o desenvolvemento de tarefas produtivas sexan significativamente menores que as que eran necesarias na sociedade postindustrial.

Ademais existe a posibilidade de sacar partido ás relacións humanas e familiares que mantiveron, cos espazos rurais de orixe, moitos dos que participaron no éxodo cara ás zonas urbanas e cara ó estranxeiro na procura de oportunidades; relacións que, en moitos casos, levounos a manter incluso segundas residencias nestes espazos e que poden e deben de ser utilizadas como pancas para a recuperación de retornados.

Neste proceso poden xogar un papel transcendental o aproveitamento das posibilidades laborais que ofrecen os procesos de transformación dixital e a extensión do uso de internet para poder realizar os traballos a distancia, especialmente no caso de moitos dos de alto valor engadido; o que esixirá dotar aos concellos do rural dunha infraestrutura de telecomunicacións que permitan dispor de conexión rápidas de banda larga que posibiliten o acceso a contidos, aplicacións e servizos dunha forma rápida, sinxela e asumible.



5.5. CONCLUSIÓNS

A incorporación da muller ao mercado de traballo, traducida nun maior número de mulleres activas e ocupadas no decenio 2008-2018, non ten compensado a diminución do número de habitantes en idade de traballar da Eurorrexión (grupo entre 16 e 65 anos) causada polo progresivo envellecemento da poboación da Eurorrexión, e con ela a diminución tanto da súa poboación activa como da ocupada. Unha realidade que tamén se observa illadamente en cada unha das dúas unidades territoriais que a conforman: Galicia e a rexión Norte de Portugal, en liña co que sucede nos seus respectivos estados, e que pola contra contrasta co crecemento de poboación activa e ocupada para o conxunto da Unión Europea.

Esta evolución está a impactar na taxa de cobertura da poboación empregada sobre a poboación total, que mostra a existencia de pouco mais de 1 habitante empregado por cada 2 habitantes de mais de 15 anos para o conxunto da poboación na Eurorrexión (relación que queda por baixo no caso de Galicia).

Deste xeito, a forte influencia que está ter o cambio demográfico na diminución da oferta no mercado de traballo, que previsiblemente se incrementará nun futuro inmediato, aconsella a necesidade de incluír na axenda das nosas sociedades o estudio prospectivo das dispoñibilidade de recursos humanos a curto, medio e longo prazo ,así como a toma de medidas para ser quen de cubrir a oferta e necesidades de traballo e garantir un desenvolvemento económico sostible nos próximos anos.

Este descenso da poboación total, activa e ocupada, sen embargo, non impide que tanto a Eurorrexión no seu conxunto, como Galicia e o Norte de Portugal singularmente, teñan crecido tanto en termos do seu Produto Interior Bruto (PIB a prezos de mercado) como da súa capacidade de xerar Valor Engadido Bruto (VEB).

Este crecemento de riqueza é xeneralizado, producíndose en todas as subrexións NUTS 3 da Eurorrexión nos dous quinquenios da última década independentemente da súa maior ou peor evolución demográfica, o que deixa as claras a capacidade que teñen a suma de cambios socio-laborais e tecnolóxico-empresariais para amortecer a evolución das variables demográficas e evitar a translación directa dunha evolución negativa en termos factor traballo nun empobrecemento do territorio.

Esta evolución positiva en termos globais de PIB e VEB non debe de levarnos a pensar que a perda de poboación non ten custo algún económico xa que se que é probable que se produza unha perda de posición competitiva da nosa economía fronte outras rexións igualmente produtivas e innovadoras pero demograficamente mais activas.

O efecto do envellecemento da poboación tamén deixa a súa pegada na evolución entre o número de persoas ocupadas que teñen que financiar coa súa actividade e cotizacións o incremento de pensións derivadas do aumento da esperanza de vida e do envellecemento da poboación. Deste xeito, tanto para o conxunto da Eurorrexión como para Galicia e o Norte de Portugal a ratio entre número de pensións e persoas ocupadas sitúase no ano 2018 cerca do 70%, sendo especialmente destacable o incremento de dito ratio no período 2009-2018 no caso de Galicia (+8,4 puntos) case o dobre do incremento que se produce na rexión Norte de Portugal.

Pero se en algo está a ter impacto a transformación demográfica da Eurorrexión e na intensidade e aceleración coa que o proceso de despoboación se está a dar en zonas moi extensas dela, que empezan a sufrir procesos de desertización poboacional que esixen que se implementen con celeridade medidas correctoras. Esta realidade está a mostrarse con claridade na forte asimetría xeográfica da diminución da poboación ao longo do territorio da Eurorrexión.

Do análise das densidades de poboación dos distintos municipios conclúese que o 43% da superficie da Eurorrexión a conforman municipios cunha densidade inferior a 25 habitantes/km² e que as 3/4 partes da superficie da Eurorrexión a conforman municipios cunha densidade inferior aos 100 habitantes por km² (cifras que no caso de Galicia crecen ata o 50% e o 83% respectivamente).

Asemade, a progresiva desruralización da Eurorrexión, tamén ten producido fortes cambios na súa estrutura de ocupación sectorial cunha significativa perda de ocupación no sector primario (na última década pérdese case a metade da poboación ocupada) o que ocasiona a diminución das actividades agrarias e o uso da agricultura e gandería extensiva, factores que sen dúbida favorecen a aparición de incendios forestais e dificulta a súa extinción, cos correspondentes custes sociais, económicos e medioambientais.



RESUMO EXECUTIVO

O presente informe buscou coñecer o estado actual da poboación da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para o que se ten realizado unha análise nas diversas escalas estatísticas, desde o ámbito municipal ó eurorrexional, e comparando con outros territorios nacionais e europeos. A análise incluíu a compoñente demográfica con especial atención ós procesos actuais e ás previsibles implicacións económicas. Deles poden tirarse diversas conclusións e tamén cuestións nas que afondar.

1. Se ben son varios os informes demográficos que teñen abordado nos últimos anos os problemas demográficos a distintas escalas, estatal, rexional ou local, baixo o auspicio de distintas administracións e organizacións, este traballo ten a particularidade de realizar o estudo nun ámbito interestatal como o da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e o que configuran os socios do EANP.

2. As tendencias demográficas das últimas décadas nas sociedades mais desenvolvidas están a construír sociedades cunha poboación estancada ou en declive e fortemente envellecidas, na que o grupo de poboación que conforman os maiores de 65 anos gaña cada vez mais peso específico dentro do conxunto da poboación.

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal non só non é allea a esa realidade senón que na súa estrutura demográfica obsérvanse os trazos de estancamento e envellecemento cunha clara nitidez. Efectivamente, o número de vellos por cada 100 individuos en idade activa na Eurorrexión (34 vellos por cada 100 en idade activa) é moi próximo ó valor máximo rexistrado na UE, observado en Italia (35 individuos) e claramente distinto do valor de Luxemburgo, país con menor número de vellos por 100 individuos en idade activa (20,5 individuos). Débese destacar tamén que a Eurorrexión presenta un elevado número de “moi vellos” no total da poboación vella, fenómeno usualmente denominado de “envellecemento no envellecemento”, como evidencia o índice de lonxevidade: 31,7 individuos de 80 e mais anos por cada 100 individuos de 65 e mais anos na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Ou sexa, un valor semellante ao rexistrado en España, que ocupa o 1º lugar da clasificación europea en termos de proporción da poboación moi vella no total da poboación vella (32,3 individuos).

3. Pero ademais deses trazos de envellecemento da poboación, os cambios demográficos da Eurorrexión presentan unha serie de características que lle son propias. De todas elas merece ser destacada pola súa relevancia a desigual distribución territorial dos efectos, tendendo á concentración demográfica nas provincias e distritos occidentais, e dentro deles nas zonas urbanas e litorais, e ó baleirado do interior; conformando así unha realidade característica que acompaña ao acusado avellentamento demográfico, especialmente intenso nas áreas rurais, o crecemento vexetativo negativo e a perda de peso demográfico respecto a España e Portugal.

Este baleirado ou proceso de desertización demográfica do interior, afecta principalmente ás provincias galegas de Ourense de Lugo e ós distritos de Terras de Trás-os-Montes, Alto Tâmega e Douro no Norte de Portugal. En todos eles as densidades demográficas son sensiblemente inferiores que na costa e máis en todos eles tamén é acusado o crecemento negativo da poboación. Como consecuencia, a disimetría litoral-interior seguirá a incrementarse.

4. O envellecemento e o descenso de poboación queda perfectamente reflectido demograficamente polos valores da taxa sintética de fecundidade, que expresa o número medio de fillos por muller, que se move en tódalas subrexións NUTS 3 da eurorrexión en 2016 e 2017 en valores comprendidos entre 1 e 1,4, lonxe da taxa de reposición (habitualmente considerada 2,1). Tamén se reflicte no índice de sustentabilidade potencial, ou sexa, no número de individuos en idade activa por cada vellos. En 2018, a Eurorrexión contaba con 2,93 individuos entre os 15 e os 64 anos, por cada individuo de 65 e mais; valor lixeiramente superior ao valor máximo do indicador nos países da UE (2,9 individuos, en Italia).

5. Polo que respecta aos efectos económicos do avellentamento compre dicir que, a 31 de decembro de 2018, a relación entre o número de pensións contributivas e o número de residentes era na eurorrexión case de 1 a 3 (30%), 8 puntos máis que no conxunto de España + Portugal e 13 máis que en comunidades autónomas como a de Madrid ou da zona mediterránea como a de Murcia.

6. Pola súa banda a análise das densidades demográficas dos distintos concellos reflicte a asimetría no proceso de despoboamento que esta a sufrir a Eurorrexión. Así, se ben a súa densidade en conxunto é de nivel medio-alto nunha escala europea, a realidade dentro dela é tan diferente que a densidade do concello con maior concentración de poboación (A Coruña con 6400 habitantes/km²) é 2066 veces superior á densidade do concello que a ten menor (Chandrexoa de Queixa cunha densidade de 3 habitantes/km², semellante á de Islandia ou Namibia), diferencial que en si mesmo mostra a variedade poboacional que engloba este territorio (en Portugal os extremos son Porto con 5189 habitantes/km² e Vimioso con 8,5) no que a nivel de total de habitantes destaca o continxente da Área Metropolitana do Porto con 1719702 habitantes.

7. Outro dato mostra con claridade o reto demográfico que supón para a Eurorrexión o baleirado dunha parte significativa do seu territorio así como os custos sociais, económicos e medioambientais aos que vai ter que enfrontarse e o feito de que as superficies dos concellos cunha densidade de poboación inferior a 25 habitantes/km² supoñen case a metade da superficie total da Eurorrexión. En termo xerais, os concellos máis poboados teñen tendencia a manter a poboación ou ter lixeiros descenso, mentres os concellos menos poboados camiñan cara a un importante descenso demográfico. Cada vez máis, acúsanse as diferencias entre o interior e o litoral.

Nese marco de descenso de poboación xeneralizado durante os últimos vinte anos (1998-2018), especialmente intenso nas zonas rurais do interior, os concellos membros do EANP son quen de manter polo xeral o crecemento para o período, pero minorándoo ou invertendo a tendencia nos últimos anos.

8. O descenso da poboación total tradúcese, como non podía ser doutro xeito, nunha diminución da poboación activa e ocupada. Así a taxa de Emprego de maiores de 15 anos de Galicia sitúase entre 10 e 3 puntos por baixo da das comunidades autónomas españolas da conca mediterránea, sendo a do Norte de Portugal a máis baixa das NUTS II portuguesas, cun diferencial de, a lo menos, 4,3 puntos. Esta diminución, se ben non ten impedido que tanto a eurorrexión no seu conxunto, como Galicia e o Norte de Portugal singularmente, teñan crecido tanto en termos do seu Produto Interior Bruto (PIB a prezos de mercado) como da súa capacidade de xerar Valor Engadido Bruto (VEB), si que é previsible que teña impacto progresivamente na súa competitividade.

9. En termos xerais, o Norte de Portugal achega máis poboación que Galicia ó conxunto da eurorrexión, mentres Galicia conta con máis territorio. O proceso de devalo demográfico, sendo acusado en ambos territorios, parece ter peor pronóstico no lado galego, polo menos no curto e medio prazo. Non debemos esquecer que o sector máis litoral do Norte de Portugal constitúe unha área de maior importancia no contexto portugués, fronte a un menor papel de Galicia no conxunto español. Nese contexto, a eurorrexión é unha oportunidade de ambos territorios para gañar peso en escenarios de escala internacional.

10. O contraste da eurorrexión con eixo mediterráneo axuda a identificar as perspectivas de futuro no contexto peninsular. Polo xeral, o eixo mediterráneo presenta densidades demográficas máis altas e a regresión demográfica vai retardada. Inda que as proxeccións prevén un devalo cara a 2040, o sector mediterráneo incrementou a súa poboación máis dun 30% durante as últimas tres décadas. O estrangulamento das pirámides de poboación por baixo dos 45 anos de idade reflicten a baixa natalidade, que se foi compensando cunha intensa inmigración, nunha dinámica diferente á da eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

11. Nun contexto demográfico como o que rematamos de debuxar, son varias as preguntas que xorden e esixen respostas no futuro próximo, entre as que podemos indicar:

Respecto da perda progresiva de habitantes e progresiva desertización de diversas áreas, como fixar a poboación tanto na Eurorrexión no seu conxunto como moi especialmente nas zonas rurais que están a sufrir o proceso de baleirado? Como soportar cultural, económica, social e medioambientalmente que o 50% do territorio teña unha superficie inferior a 25habitantes/km²? Cales deberán ser os servizos dese territorio?, cales os limiares para as distintas decisións, como afondar nas consecuencias a distintos prazos do desequilibrio territorial?

Respecto do envellecemento, os retos tampouco son sinxelos de resolver: que solucións permitirían estabilizar a estrutura por sexos e idades?, cal é o papel que debe de xogar a inmigración? como subir a taxa de natalidade?

E ao mesmo tempo, como dar resposta ás necesidades de mercados de traballo cada vez mais esixentes?, como dar un salto de produtividade que nos permita manter a nosa competitividade e ter crecementos que sexan capaces de non só cubrir o déficit de recursos humanos no corto prazo senón tamén diminuír a fenda que a día de hoxe temos con outras rexións europeas?

12. Estar á altura dos retos enunciados, e eses son só algúns dos que temos enriba da mesa, debido ás interacción sociais entre demografía e economía, non só requirirá de talento e esforzo senón tamén de abrir liñas continuas de traballo que requiriran dun sistema de datos e de instrumentos estatísticos da Eurorrexión, compartidos e que presenten unha maior profundidade e un maior grao de homoxeneidade que os dispoñibles a día de hoxe, reto que esixe a colaboración das administracións de ambos países.

O presente relatório procurou conhecer o estado atual da população da euro-região Galiza-Norte de Portugal, para o que se tem realizado uma análise nas diversas escalas estatísticas, desde o âmbito municipal ao euro-regional, e comparando com outros territórios nacionais e europeus. A análise incluiu a componente demográfica com especial atenção nos processos atuais e às previsíveis implicações económicas. Deles podem tirar-se diversas conclusões e também questões a aprofundar.

- 1.** Apesar serem vários os relatórios demográficos que têm abordado nos últimos anos os problemas demográficos em distintas escalas, estatal, regional ou local, com o apoio de diversas administrações e organizações, este trabalho tem a particularidade de realizar o estudo num âmbito interestatal como o da Euro-região Galiza-Norte de Portugal e o que configuram os associados do EANP.
- 2.** As tendências demográficas das últimas décadas nas sociedades mais desenvolvidas estão a construir sociedades com uma população estancada ou em declive e fortemente envelhecidas, em que o grupo de população com mais de 65 anos ganha cada vez mais peso específico dentro do conjunto da população.

A euro-região Galiza-Norte de Portugal não só não é alheia a essa realidade senão que na sua estrutura demográfica observam-se os traços de estancamento e envelhecimento com uma clara nitidez. Efetivamente, o número de idosos por cada 100 indivíduos em idade ativa na Euro-região (34 idosos por cada 100 em idade ativa) é muito próximo ao valor máximo registado na UE, observado em Itália (35 indivíduos) e claramente distinto do valor de Luxemburgo, país com menor número de idosos por 100 indivíduos em idade ativa (20,5 indivíduos). Deve-se destacar também que a Euro-região apresenta um elevado número de “muito idosos” no total da população idosa, fenómeno usualmente denominado de “envelhecimento no envelhecimento”, como evidencia o índice de longevidade: 31,7 indivíduos de 80 e mais anos por cada 100 indivíduos de 65 e mais anos na euro-região Galiza-Norte de Portugal. Ou seja, um valor semelhante ao registado em Espanha, que ocupa o 1º lugar da classificação europeia em termos de proporção da população muito idosa no total da população idosa (32,3 indivíduos).

3. Mas além desses traços de envelhecimento da população, as alterações demográficas da Euro-região apresentam uma série de características que lhe são próprias. De todas elas merece ser destacada pela sua relevância a desigual distribuição territorial dos efeitos, tendendo à concentração demográfica nas províncias e distritos ocidentais, e dentro deles nas zonas urbanas e litorais, e ao despovoamento do interior; constituindo assim unha realidade característica que acompanha o acentuado envelhecimento demográfico, especialmente intenso nas áreas rurais, o crescimento vegetativo negativo e a perda de peso demográfico relativamente a Espanha e Portugal.

Este despovoamento ou processo de desertificação demográfica do interior, afeta principalmente as províncias galegas de Ourense de Lugo e os distritos de Terras de Trás-os-Montes, Alto Tâmega e Douro no Norte de Portugal. Em todos eles as densidades demográficas são sensivelmente inferiores do que na costa e mais em todos eles também é acentuado o crescimento negativo da população. Como consequência, a dissimetria litoral-interior continuará a acentuar-se.

4. O envelhecimento e o decréscimo de população fica perfeitamente refletido demograficamente pelos valores da taxa sintética de fecundidade, que expressa o número médio de filhos por mulher, que se move em toda as sub-regiões NUTS 3 da Euro-região em 2016 e 2017 em valores compreendidos entre 1 e 1,4, longe da taxa de reposição (habitualmente considerada 2,1). Também se reflete no índice de sustentabilidade potencial, ou seja, no número de indivíduos em idade ativa por cada idoso. Em 2018, a Euro-região contava com 2,93 indivíduos entre os 15 e os 64 anos, por cada indivíduo de 65 anos e mais; valor ligeiramente superior ao valor máximo do indicador nos países da UE (2,9 indivíduos, em Itália)..

5. No que diz respeito aos efeitos económicos do envelhecimento cumpre dizer que, a 31 de dezembro de 2018, a relação entre o número de pensões contributivas e o número de residentes era na euro-região case de 1 a 3 (30%), mais 8 pontos que no conjunto de Espanha + Portugal e mais 13 do que em comunidades autónomas como a de Madrid ou da zona mediterrânea como a de Murcia.

